Sobre o eventual incremento do orzamento da convocatoria de axudas coñecidas como Bono Remuda para o fomento da remuda xeracional no pequeno comercio

- 21929 - 16413 (12/PRE-005580)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar
Sobre as necesidades do Instituto de Medicina Legal de Galicia no que atinxe a recursos humanos e as previsións do Goberno galego verbo do seu incremento

- 21928 - 19241 (12/PRE-005737)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre o papel da Xunta de Galicia no desenvolvemento das oficinas de xustiza nos concellos e a súa valoración verbo da posibilidade de impulsar a creación de agrupacións de varias destas oficinas para a atención de concellos limítrofes

- 21927 - 19346 (12/PRE-005751)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago
Sobre a situación do judo galego e da Federación Galega de Judo

- 22036 - 19402 (12/PRE-005760)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre a carencia dunha relación de postos de traballo na Administración de xustiza en Galicia e as actuacións realizadas polo Goberno galego co obxectivo de contar con este instrumento de planificación neste ámbito

- 22035 - 19582 (12/PRE-005783)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre as consecuencias das últimas modificacións legais no que concirne ás garantías nos procedementos de solicitude das prestacións da Lei da dependencia

- 22034 - 19588 (12/PRE-005784)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria
Sobre o conflito laboral na Escola Infantil Merlín, de Bertamiráns, no concello de Ames, as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia ao respecto e a súa postura en relación co financiamento que achega ao devandito centro

- 22033 - 19652 (12/PRE-005789)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre as razóns e a eventual rectificación por parte do Goberno galego da exclusión das cooperativas sen ánimo de lucro das subvencións para programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos especificamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 22040 - 19823 (12/PRE-005797)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla
Sobre a situación laboral en que se atopan os equipos de valoración e orientación da dependencia e da discapacidade en Galicia e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia respecto da condición deste persoal e da dotación dos equipos

- 22039 - 19830 (12/PRE-005798)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla
Sobre a actualización da composición do Consello Galego de Benestar Social e o impulso do papel deste órgano consultivo e de participación no ámbito dos servizos sociais

- 22038 - 19847 (12/PRE-005801)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias do transporte público por estrada de Galicia, a valoración da situación que fai o Goberno galego e a súa política de inspección e control

- 22037 - 19859 (12/PRE-005803)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina
Sobre a responsabilidade da Xunta de Galicia e as medidas que prevé tomar no que concirne á inspección e ao control da seguridade dos vehículos de transporte escolar

- 22044 - 19871 (12/PRE-005805)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre os prazos, os orzamentos e os mecanismos previstos pola Xunta de Galicia co fin de concretar o Plan integral de actuación para a renovación e o impulso dos centros de información á muller, anunciado en novembro de 2024

- 22043 - 19946 (12/PRE-005812)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre a información relativa ás cinco mil persoas que recibiron a homologación automática dos graos de dependencia e de discapacidade e a valoración sobre a conveniencia desta medida

- 22042 - 19952 (12/PRE-005813)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre as condicións en que está a estación de autobuses de Ferrol, os datos referidos ao número de usuarios e de liñas e as perspectivas sobre a dotación desta cidade dunha estación intermodal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 22041 - 20029 (12/PRE-005825)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel
Sobre a situación sociosanitaria do concello das Pontes e as previsións da Xunta de Galicia verbo da habilitación total das prazas autorizadas no seu centro de día

- 22048 - 20050 (12/PRE-005829)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e 2 máis
Sobre as condicións asistenciais e laborais do Centro Residencial Vila do Conde, de Gondomar, e os resultados e as consecuencias derivadas das inspeccións da Xunta de Galicia

- 22047 - 20119 (12/PRE-005841)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do grao de desenvolvemento da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia

- 22046 - 20291 (12/PRE-005856)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre as medidas que prevé pór en marcha o Goberno galgo co obxectivo de desenvolver a Lei orgánica de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza

- 22045 - 20581 (12/PRE-005879)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a situación laboral da fábrica de Ourense pertencente ao Grupo Forvia e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o emprego, a viabilidade desta planta e o impulso do sector industrial na provincia de Ourense

- 22051 - 20587 (12/PRE-005880)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a proliferación da violencia no eido deportivo e as medidas do Goberno galego previstas nesta materia

- 22050 - 20841 (12/PRE-005899)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais
Sobre a planificación por parte do Goberno galego das estratexias de impulso da igualdade no ámbito industrial

- 22049 - 20888 (12/PRE-005904)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a postura e as actuacións do Goberno galego ante os cambios que se están a producir no sector do automóbil e o seu impacto en Galicia, e particularmente no referido á crise da empresa Forvia en Ourense

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2025 12:36:18
Nº Rexistro: 21817
Data envío: 14/03/2025 12:36:18.876

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Oscar Insua Lema**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a adoptar ante un posible abuso nos prezos do combustible na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Costa da Morte, ademais de ser unha zona periférica que leva esperando décadas por novas conexións de vías de comunicación, como o remate da autovía AG-55 coa cidade da Coruña, é unha zona deprimida dende o punta de vista económico, industrial e demográfico.

A implantación de novas empresas vai a contagotas, como demostra o panorama que se aprecia nos polígonos de Cee, Vimianzo ou Baio, onde só se reinstalan empresas que xa existían, que precisan de máis superficie ou precisan instalarse en áreas habilitadas para os seus fins. Non existen políticas activas, nin da Xunta de Galiza nin do Estado Español, para atraer novas industrias capaces de xerar máis de 30 empregos estables, máis aló dos parques eólicos que só xeran traballo no período de construción civil. Nin os insignificantes incentivos sobre o prezo do solo nos polígonos industriais, nin a desidia para o impulso en portos e nas zonas costeiras que outra hora albergaron industriais do sector do mar, son quen de axudar a despegar a unha comarca que esmorece pouco a pouco co paso do tempo. Esta situación de abandono político provocou un considerable descenso da poboación, pois só nos últimos vinte anos, as comarcas de Fisterra e Soneira, perderon arredor de 10.000 habitantes, que emprenderon



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rumbo a outras cidades galegas, españolas e europeas, en busca de traballo e mellores condicións de vida.

A este escenario deprimente, hai que engadir a existencia duns prezos abusivos nos carburantes, abusivos si os comparamos cos que atopamos nas cidades máis próximas, A Coruña e Santiago de Compostela, porque se os comparamos entre os das propias estacións de servizo da comarca, calquera diría que os efectos esperables do chamado libre mercado non acaban de aparecer. A incorporación de novas gasolineiras nos últimos 30 anos, non contribuíron a implementación de máis competencia, e por ende, da rebaixa dos prezos do combustible. Houbo que esperar a aparición das chamadas "de baixo prezo" para albiscar unha pequena baixada dos prezos, pero que en todo caso moi lonxe dos prezos que as mesmas ofrecen nas cidades galegas. No cadro comparativo que mostramos a continuación podemos observar as diferencias de prezos entre as distintas estacións de servizo na comarca de diferente ou igual marca de distribución, e das diferencias de prezo, de ata 12 céntimos de euro por litro, entre as gasolineiras "de baixo prezo" da mesma distribuidora na comarca e as das cidades da Coruña e Compostela,:

| CONCELLOS | MARCA | GASOLEO A- DIESEL | | | GASOLINA 95 -E5 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 13/3/2025 | 10/3/2025 | 10/2/2025 | 13/3/2025 | 10/3/2025 | 10/2/2025 |
| A CORUÑA | CARBUGAL | 1.29 | 1.30 | 1.34 | 1.33 | 1.34 | 1.44 |
| SANTIAGO | CARBUGAL | 1.31 | 1.33 | 1,34 | 1.37 | 1.38 | 1.44 |
| CEE | CARBUGAL | 1.38 | 1.40 | 1.46 | 1.42 | 1.43 | 1.51 |
| CEE | REPSOL | 1.50 | 1.52 | 1.56 | 1.54 | 1.55 | 1.61 |
| FISTERRA | REPSOL | 1.50 | 1.52 | 1.61 | 1.54 | 1.55 | 1.61 |
| VIMIANZO | REPSOL | 1.51 | 1.51 | 1.62 | 1.57 | 1.57 | 1.65 |
| CAMARIÑAS | REPSOL | 1.47 | 1.51 | 1.54 | 1.51 | 1.52 | 1.58 |
| DUMBRÍA | REPSOL | 1.51 | 1.51 | 1.57 | 1.57 | 1.57 | 1.64 |
| ZAS | CEPSA | 1.58 | 1.59 | 1.55 | 1.59 | 1.59 | 1.63 |



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **CARNOTA** | **CEPSA** | 1.54 | 1.58 | 1.57 | 1.58 | 1.59 | 1,64 |
| **MUXÍA** | **SHELL** | 1,54 | 1.54 | 1.56 | 1.58 | 1.58 | 1.6 |

É difícil de entender, como unha comarca que se atopa a menos de 90 Kms. da refinería da Coruña pertencente ao grupo Repsol, ten os prezos dos combustibles máis altos aos prezos existentes noutros territorios do Estado que se atopan a centos de quilómetros cara ao interior, e que supostamente deberan ter prezos superiores, ao soportar máis custes co transporte. Igualmente é difícil de entender como empresas da mesma distribuidora poidan ter diferencias de prezo tan grandes nos prezos de combustible, cando a distancia entre a refinería é igual, como ocorre na nosa comarca en comparación con Santiago de Compostela.

Esta situación non é nova, xa que non hai mais que lembrar como no ano 2018 o presidente da CNMC (Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia), José María Marín Queimada, e o conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, Francisco Conde, asinaban un Protocolo Xeral de Actuación entre a CNMC e a Xunta , a través do que activaron unha serie de medidas para mellorar a competencia no mercado dos carburantes en Galiza, pois dende anos atrás, os prezos da gasolina e do gasóleo en Galiza atopábanse entre os máis elevados do estado Español.

Entre as actuacións a realizar que se recollían en dito protocolo destaca a de que "a CNMC e a Comisión Galega da Competencia vixiarían as prácticas empresariais neste mercado para detectar posibles incumprimentos da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia, nese caso abrirían os correspondentes expedientes sancionadores, segundo corresponda ao ámbito nacional ou autonómico en que se produzan". A día de hoxe, descoñecemos si se fixo algún tipo de vixilancia no sector de ventas de combustibles e de si se abriu algún expediente sancionador.



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2025 12:36:18
Nº Rexistro: 21817
Data envio: 14/03/2025 12:36:18.876

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no seu artigo 38, autorizou a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de consumo, que ten como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras. Na súa virtude e por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, creouse o Instituto Galego do Consumo e da Competencia no que veñen reguladas, como funcións do mesmo as seguintes, entre outras:

"c) Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.

f) Cooperar e colaborar coas administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, a través de acordos e convenios de colaboración, no ámbito dos obxectivos deste organismo.

h) Realizar actuacións de inspección e sanción no ámbito de protección das persoas consumidoras, de acordo coas disposicións vixentes.

m) Preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

n) Exercer todas as funcións, competencias e potestades que sexan precisas para o desenvolvemento e exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia de protección das persoas consumidoras e defensa da competencia."

A Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio minorista regula no artigo 13 a Liberdade de prezos e establece que:

"1. Os prezos de venda dos artigos serán libremente determinados e ofertados con carácter xeral de acordo co disposto na lexislación de defensa da libre e leal competencia, coas excepcións establecidas en leis especiais.

2. Isto, no entanto, o Goberno do Estado, previa audiencia dos sectores afectados, poderá fixar os prezos ou as marxes de comercialización de determinados produtos, así como someter as súas modificacións a control ou a previa autorización administrativa, nos casos seguintes:

a) Cando se trate de produtos de primeira necesidade ou de materias primas estratéxicas.

b) Cando se trate de bens producidos ou comercializados en réxime de monopolio ou mediante concesión administrativa.

c) Como medida complementaria das políticas de regulación de producións ou de subvencións ou outras axudas a empresas ou sectores específicos.

d) Excepcionalmente e mentres persistan as circunstancias que aconsellen a intervención, cando, nun sector determinado, apréciese ausencia de competencia efectiva, existan obstáculos graves ao funcionamento do mercado ou se produzan situacións de desabastecemento."



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á vista do exposto, e dado que na Costa da Morte parece que se aprecia ausencia de competencia efectiva ou cando menos obstáculos graves no funcionamento do mercado dos combustibles, sendo este un produto estratéxico, conviña que o goberno do Estado fixara os prezos dos combustibles ou aló menos os marxes de comercialización na Costa da Morte, co obxectivo de equilibrar a igualdade de oportunidades entre a Costa da Morte e o mercado galego e de incentivar a creación de empresas nesta comarca deprimida pola ausencia de políticas activas para o seu desenvolvemento económico.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Realizou o goberno galego algún tipo de vixilancia no mercado dos carburantes en Galiza desde o ano 2018, de acordo co establecido no protocolo asinado coa CNMC ese mesmo ano, e en consecuencia abriu algún expediente sancionador?

- Realizou o goberno galego algún tipo de vixilancia no mercado dos carburantes na Costa da morte, en concreto?

- Ten constancia o goberno galego que os prezos dos carburantes nas zonas periféricas e despoboadas son moi superiores a outras zonas onde existe máis competencia? considera o goberno que a poboación destas zonas está discriminada, respecto aos prezos de subministracións como os combustibles?

- Que medidas ten pensado realizar a Xunta de Galiza para defender os dereitos dos galegos e galegas co fin de que tod@s teñan prezos homoxéneos nos combustibles sin ter en conta onde residen, e poidan competir en igualdade de condicións no mercado aquelas persoas que teñan actividades económicas?



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre o goberno galego que a diferencia de prezos nos combustibles impide competir en mellores condicións aos autónomos e empresas que teñen negocios nestas zonas despoboadas e en declive económico, como a costa da morte?

- Considera o goberno galego que de comprobarse a existencia de obstáculos graves no funcionamento do mercado dos combustibles que impiden unha competencia efectiva no sector e que menoscaban os dereitos dos consumidores, deberase solicitar ao Goberno do Estado a fixación dos prezos ou as marxes de comercialización dos combustibles na Costa da Morte, de acordo co establecido no artigo 13.2 da Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio minorista, para impulsar a economía da comarca?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 14/03/2025 12:34:44**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro, Julio Ernesto Abalde Alonso** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

O 21 de marzo do 2022, o entón presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, fixo públicas as recreacións visuais da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, CHUAC, e comprometeuse a que no 2025 estaría en pé o 80 % da nova infraestrutura.

Tres anos despois e xa chegado o ano 2025 vemos como existe unha demora evidente nos traballos deste equipamento sanitario e polo tanto un grave incumprimento nos prazos dados, o que suscita inquietude no conxunto da área sanitaria da Coruña.

Estamos a falar da maior infraestrutura sanitaria de Galicia que atende a unha área de máis de 550.00 habitantes e que é un centro de referencia nacional para algunhas especialidades. É evidente que se trata dun tema chave non só para a cidade da Coruña senón para a súa área de influencia así como para a xestión que ten que pilotar o Sergas.

O Concello da Coruña tiña sempre como prioridade nos seus obxectivos o deseño do plan director do mesmo que estaba rematado xa en 1998. Finalmente en marzo de 2022, asinouse o convenio mencionado onde se comprometían máis de 430 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia para levar a cabo as obras. Pola súa banda, o Concello da Coruña comprometíase cos fondos pactados, 22 millóns de euros, que se desembolsarán na medida en que se presenten a certificación de obra referida aos accesos viarios. A

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

realidade é que a día de hoxe só se certificaron 547.000 euros dun total de 22 millóns de euros que o concello da Coruña ten dispoñibles para axudar a financiar esta actuación, e non foi posible desembolsalos porque non se executaron as obras en tempo e forma.

Ao alarmante retraso do que calquera cidadán pode ser testemuña súmaselle a preocupación que xorde entre os propios facultativos. Segundo veñen de manifestar dende o Colexio Oficial de Médicos da Coruña este retraso nas obras de seguir co ritmo actual, podería alargarse até dentro de 10 anos, o que podería afectar á excelencia profesional do Complexo Sanitario da Coruña que ten que seguir mantendo na provisionalidade espazos e dotacións que a día de hoxe o fan estar á vangarda da medicina.

Ven con preocupación que se teñan que adiar novas incorporacións e novas áreas de investigación e coñecemento ata o momento en que estea rematado o novo CHUAC, e pregúntanse como afrontar entón todo este tempo que falta xa que a día de hoxe o retraso é evidente.

Ante esta emerxencia no eido da construción sanitaria, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son os motivos polos que as obras do novo CHUAC teñen un retraso evidente de alo menos tres anos?

2. Cal é o novo calendario para afrontar as obras e a posta en funcionamento do novo CHUAC?

3. Que solucións ten previstas a Consellería de Sanidade para resolver as necesidades de espazo asociados aos proxectos de investigación e innovación sanitaria do CHUAC durante o tempo que duren as obras?

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21831
Data envio: 14/03/2025 16:13:57.705

4. Ten previsto a Consellería de Sanidade un plan de actuación para que o incremento de pacientes previsto poida ser atendido mentres sigan as obras do novo CHUAC?

Santiago de Compostela, a 14 de marzo do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 14/03/2025 16:11:59**

**Julio Abalde Alonso na data 14/03/2025 16:12:07**

**Elena Espinosa Mangana na data 14/03/2025 16:12:16**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 09:40:08
Nº Rexistro: 21838
Data envio: 17/03/2025 09:40:08.715

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Valcárcel Armesto,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2022 publicouse o Real Decreto 47/2022, de 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias, desenvolve, regula e fixa un prazo máximo de 3 anos (que rematan en maio de 2025) para a Declaración de Zonas Vulnerables por Nitratos (ZVN), pero exclusivamente por contaminación provinte de actividades agrarias e/ou gandeiras. Polo que a súa afectación limitase ao ámbito agrario.

A declaración das Zonas Vulnerables a Nitratos (ZVN) en Galiza implicará unha problemática importante no ámbito agrario e gandeiro. Estas zonas deseñáronse en base a un mapa de zonas afectadas por contaminación difusa publicado polo Ministerio de Transición Ecolóxica en base ao Real Decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.

Este mapa foi elaborado en base a analíticas realizadas ao longo de 3/4 anos (entre 2016 e 2019), polo que, a maior parte están desactualizadas e posiblemente non respondan á realidade actual e, seguramente non se corresponda xeograficamente coa realidade do ano 2025.

En concreto neste mapa para Galiza considerase que hai sete Zonas Vulnerables a Nitratos (ZVN), planificadas e comunicadas desde a Consellería de Medio Rural aos



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 09:40:08
Nº Rexistro: 21838
Data envio: 17/03/2025 09:40:08.715

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alcaldes e alcaldesas dos concellos afectados nas últimas semanas, e son: **Ferrolterra (San Sadurniño, Valdoviño, Moeche); Cecebre (Abegondo, Carral, Cerceda, Oza – Cesuras)**, **Tambre (Trazo e Tordoia), Ulla (Santiso e Melide), Zas, Umia (Cambados, Vilanova de Arousa, Ribadumia, Meis) e A Limia (Xinzo, Vilar de Santos, Trasmiras, Sandiás, Sarreaus, Xunqueira de Ambía, Os Blancos, Rairiz de Veiga e Porqueira).**

Logo desta publicación do proxecto, o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, José Balseiros, fala desa declaración por parte da Xunta de Galiza de zonas vulnerables a nitratos na revista "Campo Galego" o día 4 de marzo, e di literalmente: "sorpresa que nos causou que houbera puntos en comarcas cos que non contábamos con altos índices de nitratos, pois fixemos un encargo cun equipo de técnicos científicos para determinar a verdadeira orixe desa contaminación. Nalgúns casos dounos a razón en principio, pero noutros non foi así e iso púxonos finalmente en tomar a decisión de cumprir a lei, a norma que nos obriga a facelo".

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Van a facilitarnos os datos técnicos e analíticas que avalan e determinan as zonas que van ser declaradas Zonas Vulnerables a Nitratos (ZVN)?

Vanse facer novas analíticas rigorosas naqueles casos nos que non haxa relación directa entre a contaminación por nitratos e carga agro-gandeira?

Porque nos 3 últimos anos non se informou das zonas que ían ser declaradas nas bacías galegas e porque se agardou 3 anos desde a Xunta de Galiza, sabendo que as tiñan que declarar?



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 09:40:08
Nº Rexistro: 21838
Data envio: 17/03/2025 09:40:08.715

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas correctoras limitantes inmediatas, xa en maio, van ter que adoptar as explotacións agrarias e gandeiras desas ZVN?

Ten a Xunta de Galiza informe de impacto sectorial e económico destas declaracións?

Porque non se tivo en conta esta circunstancia das ZVN na elaboración e financiación das liñas de axuda e actuación do PEPAC?

Porque nos orzamentos da Consellaría do Medio Rural non figura ningunha medida económica?

Que financiación van ter os distintos Plans de Acción para adoptar as medidas inmediatas?

A Consellaría do Medio Rural vai ofrecer aconsellamento gratis ás explotacións afectadas nas ZVN?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 17/03/2025 09:35:01**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 10:30:29
Nº Rexistro: 21843
Data envio: 17/03/2025 10:30:29.369

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo,** deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o necesario control ambiental das actividades industriais no polígono do concello das Somozas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ordenou o xoves 13 de marzo a suspensión dunha parte da actividade do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia (CTRIG), localizado no concello das Somozas, como medida cautelar e preventiva ante a detección de varios casos de intoxicación na contorna.

A decisión adóptase despois de que nas últimas horas se recibiran a través do 112 varios avisos de centros sanitarios da comarca advertindo da existencia de pacientes que referían diferente sintomatoloxía de carácter leve, como dores de cabeza e molestias oculares, entre outras.

Esta é a noticia difundida desde a propia consellería. O certo é que desde o incendio producido nas instalacións de SOGARISA o 29 de outubro do 2023, que afectou ao control da estación de evaporización e oxidación (EVOX), os veciños da zona do Pereiro veñen queixándose da aparición dunhas néboas baixas e densas, con mal cheiro, que non parecen ser de vapor de auga e que non se dilúen senón despois de superado un radio de 3 ou 4 quilómetros.

Debemos lembrar que a estación EVOX é un sistema de tratamento de residuos líquidos non inflamábeis e que o incendio de outubro do 2023 pode estar relacionado co tratamento de algún tipo de residuos non autorizado.



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Feitos coma este e outros relacionados con estas e outras instalacións industriais no polígono das Somozas fan dubidar da eficacia das actuacións da Consellería de Medio Ambiente, xa que moitas son coñecidas previamente polas empresas, e outras, as que se producen despois de accidentes, demoran o suficiente para ocultar ou matizar as causas reais dos mesmos.

Desde o BNG vimos chamando a atención da Xunta de Galiza sobre estes feitos recorrentes, e demandando unha maior implicación e dilixencia das autoridades competentes para controlar a actividade industrial deste polígono tan especializado, xa que estamos a falar dun polígono industrial que concentra unha serie de empresas dedicadas ao tratamento de residuos perigosos en cantidades e volumes moi elevados, polo que o efecto acumulado das diferentes emisións, tanto de augas como de fumes e outros, deben ser debidamente identificados e ponderados.

Por outra banda, os anuncios de novos proxectos industriais para este polígono están relacionados de novo coa actividade do tratamento de residuos ou con procesos químicos, o que vai aumentar as dificultades para realizar un control eficaz.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cales foron as causas dos incendios que tiveron lugar en SOGARISA en xaneiro do ano 2018 e en outubro do ano 2023? Detectaron algún tipo de incumprimento? Deron lugar a algunha sanción?

2. Cal é a causa das néboas baixas, densas e con mal cheiro que aparecen na zona do Pereiro? Son inocuas?

3. Considera a Xunta de Galiza que as empresas que operan no polígono das Somozas están depurando correctamente as súas augas residuais? De ser así como



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

explica a Xunta de Galiza os continuos casos de contaminación das augas dos ríos Xuvia e Mera?

4. Como considera a Xunta de Galiza que vai afectar a instalacións de novas empresas no polígono ou a realización por parte das xa existentes de novas actividades, á capacidade de depuración de augas do Concello das Somozas?

5. A que atribúe a Xunta de Galiza as intoxicacións de varias persoas que provocaron o peche temporal das instalacións do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galiza no concello das Somozas o pasado 13 de marzo?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 17/03/2025 10:29:04**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 12:13:09
Nº Rexistro: 21858
Data envio: 17/03/2025 12:13:09.799

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións de presunta "humanización" realizadas pola Xunta de Galiza no Centro de saúde da Ponte, en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde do barrio da Ponte, en Ourense, é un dos máis importantes da cidade polo volume de poboación que acoller. Aínda sendo o barrio máis poboado da cidade de Ourense, de momento a Xunta incumpre o seu compromiso de construción dun centro máis na contorna do Vinteún e é o único existente para todo o distrito norte.

Máis alá das múltiples necesidades de dotación persoal que arrastra este centro, con frecuentes problemas de cobertura de pediatría ou dun servizo tan básico como as analíticas con certa rapidez e de arrastrar os problemas comúns coa crise de Atención Primaria, como a alta espera para unha cita e a práctica imposibilidade de acceder a servizos como o de matroa, este centro arrastra problemas tamén de infraestrutura e acondicionamento exterior.

Así, a construción da mal chamada "intermodal" consumou, como denunciou este Grupo Parlamentario e distintas asociacións do barrio, en defensa do tren ou da sanidade, supuxo un gran hándicap para o centro. Por unha banda, furtouse espazo natural de ampliación e incremetáronse os ruídos e a emisión de vehículos. Pola outra, reduciuse a posibilidade de aparcadoiro e posibilidades de facilitar minimamente a



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 12:13:09
Nº Rexistro: 21858
Data envío: 17/03/2025 12:13:09.799

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

accesibilidade, tendo en conta o volume de poboación que ten que se desprazar en vehículo persoal, familiar ou taxi para chegar á entrada.

Como se isto non fose suficiente, a Xunta de Galiza parece empeñada en non mellorar a súa contorna. Así, recentemente acometeu unha pequena reforma da súa contorna que está a ser cuestionada por distintos colectivos e pola cidadanía. Malia as condicións climáticas de Ourense, no lugar de apostar por un acondicionamento baseado en céspede natural e a incorporación de máis elementos arbóreos, arbustos ou distintos tipos de recursos que contribúan á sostibilidade, a aposta da Xunta foi recorrer a céspede artificial e á colocación de pneumáticos.

Trátase dunha aposta inadecuada, que non parece ser tampouco a máis duradeira e que vén a engadir máis malestar social sobre a situación dun centro de saúde constantemente castigado e situado nunha cidade caracterizada por superar os 40 grados nos meses estivais sen que haxa unha planificación pública para paliar os efectos mediante a política urbanística e construtiva fóra de titulares.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera a Xunta que a mellor opción para a contorna dun centro de saúde nunha cidade caracterizada por superar os 40 grados nos meses estivais é apostar por rodealo de plástico?

Valorou a Xunta de Galiza ampliar na contorna do centro a incorporación de máis elementos arbóreos, arbustos ou distintos tipos de recursos que contribúan á sostibilidade e a aliviar as altas temperaturas e dar máis sombra e humidade?

Cal é o custo económico das actuacións de instalación de céspede artificial e outro complementos no Centro de saúde da Ponte?



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fíxose algunha valoración do punto de vista sanitario e de sostibilidade medioambiental?

Valorou incrementar, en relación aos muros da contorna, elementos vexetais que contribúan ademais a facer de pantalla de protección sonora?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2025 12:10:52**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 13:57:09
Nº Rexistro: 21877
Data envio: 17/03/2025 13:57:09.183

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as consecuencias na economía galega da permanencia da fenda de xénero e fenda salarial ou retributiva na economía galega e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A desigualdade no ámbito económico e laboral é un elemento central na discriminación das mulleres na sociedade, porque sen autonomía económica non pode haber autonomía persoal e ese é un elemento de dominación clave para o patriarcado.

A análise desta situación é poliédrica, desde a permanencia dos estereotipos de xénero á distinta composición dos sectores laborais pasando pola falta de cumprimento ou desenvolvemento do marco legal e xurídico. Así, o resultado é que hoxe son as mulleres as que acaparan maiores cotas de temporalidade e maior parcialidade, os traballos peor pagados son os máis fortemente feminizados fronte a outros nos que somos minoría, etc. que se resume ben na imaxe do  chan pegañento fronte ao teito de cristal.

A concatenación de crises consolidou esta situación e fronte ás súas teóricas intencións, a reforma laboral agrandou algunhas fendas de xénero preocupantes: o 60% dos contratos fixos-descontinuos son de mulleres e a temporalidade acada o 29,9% nas mulleres fronte ao 17,8% dos homes. Existe, asociado a isto, unha fenda de xénero



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 13:57:09
Nº Rexistro: 21877
Data envío: 17/03/2025 13:57:09.183

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

salarial que en Galiza é do 18,4% e que aumentou en termos absolutos ata os 4.687 euros.

Outro elemento que contribúe á permanencia desta desigualdade é a sobrecarga que sofren as mulleres pola falta de servizos públicos, como demostran os datos de excedencias que corroboran que son as mulleres nun 88% as que collen excedencias para coidar crianzas e para coidado de familiares un 78,6%.

Ante esta situación cómpre intensificar a resposta institucional, xa que segue fallando o cumprimento das leis, non hai políticas efectivas para abordar a segregación ocupacional e porque a Xunta como empregadora e financiadora dunha parte importante dos empregos feminizados deste país tamén contribúe a esta situación.

Por estes motivos e polas consecuencias da permanencia da fenda salarial e de xénero na economía galega, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como avalía o goberno galego as consecuencias da permanencia da fenda salarial e de xénero na economía galega?

Que actuacións impulsa a Xunta de Galiza para acabar coa fenda laboral de xénero?

E coa fenda salarial de xénero?

Cales son os mecanismos de consenso destas medidas?

E cales os de seguimento e avaliación?



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bng
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora o goberno galego o agravamento de determinadas fendas como a temporalidade ou a parcialidade?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Ramón Fernández Alfonzo**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/03/2025 13:55:29**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 17/03/2025 13:55:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2025 13:55:39**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana, Paloma Castro Rey e Julio Ernesto Abalde Alonso**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 48/2024, do 22 de abril, que regula os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia establece importantes novidades, entre as que destaca a politización de postos antes reservados a persoas empregadas públicas, abrindo o nomeamento a persoas afiliadas e afíns ao PPdeG. O que amosa un ataque grave á profesionalización e independencia do persoal empregado/a público da Xunta de Galicia, e reforza a concepción "patrimonialista" que ten o Goberno galego da Administración autonómica galega, que debe estar ao servizo do interese público e non ao servizo partidista do PPdeG.

Así, unha das novidades na área de Presidencia é que as xefaturas territoriais pasarán a denominarse "direccións territoriais". Ademais, as propias delegacións territoriais, que ata agora dependían da Consellería de Presidencia de Diego Calvo, pasan a facelo da propia Presidencia da Xunta.

Antes no organigrama administrativo, por debaixo dos seis delegados territoriais (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), quedaban adscritos orgánica e funcionalmente ás xefaturas territoriais de cada consellería, que eran nomeadas polo sistema de libre designación de entre

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21887
Data envio: 17/03/2025 15:01:47.426



persoal funcionario/a de carreira dos grupos A1 e A2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co Decreto 48/2024, do 22 de abril, poderán ocupar esas xefaturas territoriais calquera persoa aínda que non sexa funcionaria. A politización dos postos polo PPdeG é intolerable e supón un ataque sen precedentes a independencia e profesionalización dos empregados públicos da Xunta de Galicia, que esixen os artigos 9.2 e 103 da CE.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a modificar o Decreto 48/2024, do 22 de abril, de tal xeito que os postos de xefaturas territoriais se provean por libre designación entre persoas empregadas públicas dos grupos A1 e A2?
2. Cantas persoas non empregadas públicas foron nomeadas como directores/as territoriais ao abeiro do Decreto 48/2024, do 22 de abril?
3. As persoas non empregadas públicas nomeadas como directores/as territoriais ao abeiro do Decreto 48/2024, do 22 de abril, están realizando funcións que impliquen o exercicio de autoridade pública? Están estas persoas asinando resolucións nos procedementos administrativos?

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Santiago de Compostela, a 17 de marzo de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 17/03/2025 14:58:07**

**Elena Espinosa Mangana na data 17/03/2025 14:58:15**

**Paloma Castro Rey na data 17/03/2025 14:58:25**

**Julio Abalde Alonso na data 17/03/2025 14:58:33**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 18:00:11
Nº Rexistro: 21903
Data envío: 17/03/2025 18:00:11.964

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Secundino Fernández Fernández e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o goberno do Estado elevara o risco de gripe aviar este pasado xaneiro, dadas as circunstancias mundiais nas que nos atopamos a este respecto, co falecemento dunha persoa acaecida desta enfermidade nos EEUU, levouse a cabo en Galiza o peche das explotacións avícolas de autoconsumo nas zonas de risco.

O número de concellos localizados nesas áreas serán máis nesta ocasión, xa que ao listado que aparece na orde APA/2442/2006 do 27 de xullo, o Ministerio de Agricultura propón engadir outros nunca antes incluídos, dadas as últimas informacións sobre concentracións de aves salvaxes e rutas migratorias, coa aparición de aves afectadas en ditos concellos.

Este tipo de aves salvaxes son atendidas, de ser preciso, polos centros de conservación de fauna silvestre repartidos polo país, un en cada provincia galega e que nestes momentos teñen unha especial importancia non só na recuperación da fauna, tamén aportando información sobre esta patoloxía que ameaza a saúde animal pero tamén a humana.



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 18:00:11
Nº Rexistro: 21903
Data envío: 17/03/2025 18:00:11.964

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dado que o persoal que leva a cabo a súa labor profesional ten contacto cos animais, tanto no caso dos que non teñen ningún tipo de risco para a súa saúde, coma no caso dos que si o teñen, e debido a que nun dos centros galegos xa se tivo constancia dun gromo de gripe aviar no 2024, as medidas para a protección e prevención dos contaxios entre os propios animais e o paso da enfermidade cara os humanos deben ser exhaustivas e levadas a cabo de xeito adecuado.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Está a garantir a Xunta de Galiza que todos os centros de conservación de fauna silvestre dos que é responsable conten con avaliacións de riscos específicas sobre a exposición dos traballadores/as a riscos biolóxicos?

2. Está a Xunta de Galiza a garantir que todos os centros de conservación de fauna silvestre hai unha plan de actividades preventivas derivado da avaliación dos riscos biolóxicos aos que se expoñen os traballadores/as?

3. Está a Xunta de Galiza a realizar inspeccións nas dependencias destes centros de conservación de fauna silvestre para garantir o correcto funcionamento e a posta en práctica adecuada das medidas preventivas derivadas da avaliación de riscos?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Sonia Vidal Lamas na data 17/03/2025 17:55:56**

**Secundino Fernández Fernández na data 17/03/2025 17:56:00**

**Luis Bará Torres na data 17/03/2025 17:56:08**

**Ariadna Fernández González na data 17/03/2025 17:56:16**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:58:34
Nº Rexistro: 21937
Data envío: 18/03/2025 09:58:34.589

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de que a Xunta de Galiza rectifique a súa decisión unilateral de segmentar a prestación sanitaria de atención primaria do Centro de Saúde Novoa Santos entre o PAC e o Centro do Couto contra a vontade profesional e veciñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na segunda quincena de marzo de 2025 vén de coñecerse que a Xunta de Galiza, contra a vontade da comunidade sanitaria, decidiu unilateralmente segmentar a prestación sanitaria de atención primaria do Centro de Saúde Novoa Santos entre o PAC e o Centro do Couto ante a previsión de demolición do actual edificio para impulsar o futuro Centro Integral de Saúde (CIS) de Ourense. Unha decisión sen consenso, sen rigor profesional e sen a adecuada planificación que debe ser rectificada e revisada.

Cómpre recordar que a promesa dun CIS para Ourense nace xa a finais do ano 2020 e comeza a súa andaina administrativa e orzamentaria no ano 2021. Porén, a realidade é que mentres os CIS de Lugo e de Lalín, comprometidos na mesma altura, están rematados e en funcionamento, o investimento en Ourense continúa na lista de tarefas pendentes, da mesma maneira que gran parte do Plan Director do CHUO ou a aposta pola demolición do materno, unha rectificación anunciada con décadas de atraso e que é aínda hoxe un anuncio ou unha nova UCI que en realidade ten menos camas das que foron prometidas. Esta situación certifica a falta de compromiso coa atención sanitaria ourensá, con atrasos permanentes aos que se suma unha cada vez maior



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:58:34
Nº Rexistro: 21937
Data envio: 18/03/2025 09:58:34.589

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dificultade de consolidar e atraer persoal ao non contar cunha estratexia específica nin favorecer na Área Sanitaria un bo funcionamento laboral.

Así as cousas, presuntamente, este centro renovado unificaría o PAC coa atención ordinaria; sumaría un circuíto específico para pacientes infecciosos; contaría cunha sala específica de diagnóstico por ultrasóns e área de radiodiagnóstico; e aplicaría programas para pacientes crónicos e multipatolóxicos e outros de rehabilitación integral. Posteriormente, a Xunta especificou que contaría con 13 alturas e unha superficie construída de máis de 7.584 metros cadrados e servizos e unidades asistenciais como rehabilitación, saúde mental ou radiodiagnóstico. En outubro de 2024, despois de múltiples desacordos coa veciñanza e cos propios servizos urbanísticos do municipio, o Consello da Xunta aprobada declarar o novo Centro Integral de Saúde Novoa Santos de Ourense como proxecto público de urxencia e de excepcional interese ao abeiroa da Lei 3/2016 do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Máis dun ano despois coñécense un conxunto de decisións unilaterais do goberno galego ante a próxima demolición do edificio que actualmente alberga o C.S Novoa Santos e ante o que as e os profesionais puxeron en coñecemento da sociedade distintas discrepancias. Estas discrepancias son razonadas e razonables e foron trasladadas, sen éxito, á xerencia sanitaria sen ser tidas en conta.

Entre os problemas sinalados, as e os profesionais sanitarios advirten da ruptura das bases de atención primaria para un terzo da poboación da cidade, da segregación de servizos e pacientes, da sobrecarga do Centro de Saúde do Couto que pasará a duplicar a poboación atendida, da ruptura da calidade e impartición de docencia e do desmantelamento do Centro de Orientación Familiar, que afecta ao conxunto da cidade.

Coa segregación de servizos, profesionais e pacientes romperanse as bases de accesibilidade, lonxitudinalidade, continuidade asistencial e integralidade, bases



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consensuadas, estudadas e contrastadas pola comunidade científica, que non responden a criterios aleatorios senón obxectivos e que redundan nunha maior saúde comunitaria. Así mesmo, un dos principais problemas será a sobre carga do centro de saúde do Couto, un centro que ten menos dunha década de funcionamento despois de dilacións na súa obra e de numerosos problemas de acondicionamento pola falta de calidade destas e ser outro exemplo de improvisación administrativa.

Da mesma maneira que cando se puxo en marcha o Centro do Couto, non está habendo unha planificación coa comunidade, nin cos e coas profesionais que atenden no centro actual, nin cos e coas profesionais dos centros afectados nin coas entidades sociais e veciñais. Tampouco se está a ter en conta a crecente demanda sanitaria nun contexto social no que aumenta o avellentamento e no que se incorpora nova veciñanza. Así, unha atención primaria xa saturada vaise segregar en distintos centros sen garantir espazos e horarios adecuados nin facilitar, de ser necesario, o prolongamento da xornada. Particularmente alarmante resulta o novo agravio contra o Centro de Orientación Familiar, que se suma ás decisións contrarias ás necesidades da saúde da muller en Ourense.

Resulta inaceptable do punto de vista da xestión pública e da xestión sanitaria que a chegada, a longo prazo, dunha nova infraestrutura, teña un prezo tan alto para a comunidade na que se proxecta. Con independencia do debate social e profesional que existe arredor da idoneidade ou non de distintos aspectos do proxecto do CIS, é evidente que hai que procurar unidade e racionalidade arredor das consecuencias da posta en marcha desta obra e buscar unha alternativa para que se manteña unha atención sanitaria na zona que estea planificada, manteña a unidade do servizo e accesibilidade, non reduza servizos nin sature outros centros. Unha alternativa que foi formulada polas profesionais e que pasaría por reubicar o servizos, cunha mínima reforma, no histórico Centro de Especialidades situado na rúa Concello, a menos de 300 mentros do actual C.S Novoa Santos.



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesaria unha rectificación urxente por parte da Xunta de Galiza, que se interrompa a proposta de segregación profesional e sanitaria e que se acorde coa comunidade sanitaria, singularmente cos e coas profesionais, os termos de reorganización do servizo.

É preciso que a Xunta de Galiza sexa dialogante e responsable, pois estamos a falar da afectación a un terzo da poboación da cidade de Ourense e dun tempo prolongado de afectación que pode levar nunha previsión optimista arredor de cinco anos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai escoitar a Xunta de Galiza a comunidade sanitaria de Ourense e rectificar as súas decisións unilaterais e equivocadas respecto da reorganización da atención do Centro de Saúde de Novoa Santos ante as obras do futuro CIS?

Considera o goberno da Xunta responsable non dialogar e acordar coa comunidade sanitaria os termos da reorganización da atención primaria dun terzo da poboación da cidade de Ourense?

Por que non se reorganizan a totalidade dos servizos no actual centro de especialidades da rúa Concello?

Como vai soportar o Centro de Saúde do Couto atender o dobre de poboación para o que foi deseñado e construído hai menos dunha década?

Considera lóxico que un veciño ou veciña que até o de agora tiña os seus servizos de atención primaria nun mesmo edificio agora os teña segmentados en centros separados por quilómetro de distancia e sen conexión de transporte?

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:58:34
Nº Rexistro: 21937
Data envio: 18/03/2025 09:58:34.589

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É consciente o goberno galego do perfil demográfico e sanitario da cidade de Ourense?

Por que decide romper as bases da atención primaria nesta reorganización? É parte dunha intención de precarizar cada vez máis a atención primaria e contribuír ao seu colapso?

Que valoración fixo o goberno galego da afectación desta situación á prestación de servizos formativos?

Considera isto responsable nun contexto no que custa atraer e formar persoal de atención primaria en xeral e a Ourense en particular?

Por que desmantela o COF? Avaliou a situación e futuro do COF coas entidades e colectivos afectados?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/03/2025 09:52:21**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 13:00:12
Nº Rexistro: 21945
Data envio: 18/03/2025 13:00:12.952

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación de desamparo na que se atopa o profesorado IES As Lagoas e as actuacións que debe impulsar o goberno galego para protexer a dignidade e a seguridade da profesión docente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de febreiro de 2025 transcenderon, a través dos medios de comunicación, diversas queixas dun reducido grupo de pais, nais e alumnado que facían públicas as presuntas discrepancias coa metodoloxía didáctica e avaliacións dunha profesora de matemáticas do IES As Lagoas de Ourense e iniciaron unha serie de actos de protesta de distinta índole. Máis alá da lexítima discrepancia que pode haber por parte de calquera membro da comunidade educativa no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, que se pode vehicular por distintas canles oficiais, a situación recruouse cun grao de intensidade e agresividade na expresión destas discrepancias que colide co ambiente de respecto e cordialidade que debe imperar no ensino público. Así, nos últimos meses o centro está a sufrir difamacións respecto da súa actividade e un sinalamento público tanto nos medios de comunicación como a través do empapelamento das instalacións e da súa contorna.

Esta situación e o acoso mediático levou a que o propio Claustro do IES As Lagoas emitira un comunicado o pasado 26 de febreiro e a que a Xunta de Persoal Docente de Ourense tamén rexeitase, reunidos e publicamente, os feitos e a situación xerada. Máis recentemente, o pasado 12 de febreiro de 2025, as seis organizacións sindicais con representación na Xunta de Persoal Docente de Ourense convocaron unha



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 13:00:12
Nº Rexistro: 21945
Data envío: 18/03/2025 13:00:12.952

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

manifestación que rematou diante da Dirección Territorial da Consellaría de Educación e que cun amplo respaldo profesional e social manifestou o apoio ao claustro do IES As Lagoas e a defensa da dignificación da profesión docente.

Desde a comunidade de profesores e profesoras pediuse de novo explicitamente que as autoridades educativas interveñan de forma contundente nesta situación. Esixiuse da administración galega, especialmente da inspección, da Dirección Territorial e da propia Consellaría de Educación que deixen de mirar para outro lado ante a gravidade dos feitos e interveñan para protexer o persoal docente da desinformación, das difamacións e dunha situación sen precedentes e velen polo cumprimento da normativa.

É necesario por parte do goberno galego unha intervención nesta situación e unha reflexión sobre a situación xerada. Estes feitos que hoxe pasan nun centro educativo concreto, que ademais está respaldado por unha ampla traxectoria, un funcionamento consolidado, uns grandes resultados académicos e unha forte integración na vida comunitaria da cidade, poden estenderse a outros centros normalizando formas e procederes impropios do que debe ser a convivencia educativa. Os termos nos que se está a dar este conflito e o recruar dos acontecementos, que non teñen precedentes, deben traer unha intervención en varias esferas para garantir a protección das e dos docentes, o bo funcionamento do ensino público e as garantías e confianza de toda a comunidade educativa.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para protexer a dignidade e a seguridade da profesión docente e a convivencia educativa no IES As Lagoas de Ourense?

e no conxunto do ensino público galego?



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que os termos nos que se está a dar este conflito e o recruar dos acontecementos, que non teñen precedentes, poden supoñer un antes e un despois no ensino público galego?

Que vai facer para intervir nesta situación? Valora actuacións en distintos ámbitos? Cales e de que tipo?

Que actuacións, e en que datas, levou a cabo a Inspección territorial educativa ao tomar coñecemento por parte do equipo directivo da situación?

Que fixo ante o recruar da situación, o sinalamento público e as acusacións vertidas publicamente?

Que fixo para protexer a integridade do profesorado e do claustro do IES?

Que vai facer a Xunta ante as demandas da Xunta de Persoal Docente de Ourense?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 18/03/2025 12:57:31**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**María Elena Espinosa Mangana e Patricia Iglesias Rey,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita.**

O hospital Ribeira Povisa, máis coñecido polo seu anterior nome como Hospital Povisa, presta os seus servizos de asistencia hospitalaria na área Sanitaria de Vigo. Atende a unha poboación estimada de 116.000 persoas. Poboación que está asignada aos centros de saúde dos concellos de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e a determinados centros de saúde de Vigo: Coia, Bouzas, Coruxo, Navia, López Moura, Pintor Colmeiro, Nicolás Peña, Rosalía de Castro e Beiramar.

De feito coa citada poboación estimada adscrita é o maior hospital privado de Galicia, co que o Sergas ten un concerto para a prestación de asistencia hospitalaria. Lembrar, só para situarnos, que o actual contrato foi asinado no ano 2014. Tiña unha vixencia de 8 anos, e coa posibilidade de prórroga por outros dous anos máis. Recentemente, o conselleiro de Sanidade, anunciou que o novo contrato con Ribeira Povisa, por importe de 195 millóns de euros, ata marzo do ano 2027, sería inminente.

É máis, foi anunciado no propio Parlamento e que entraría en vigor no próximo mes de abril. O Conselleiro tamén, asegurou que recolle condicións que implicarán "melloras tanto para os pacientes, como para os traballadores de Povisa, como para a administración".

A información que dispoñemos é mínima, a que o Conselleiro facilitou aos medios de comunicación ou ao Parlamento.

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Pero o que se coñece é que a Xunta de Galicia pasará a pagar a partir do próximo mes de abril polos procesos realizados e non *per càpita* tal e como viña facendo co contrato anterior.

Dado que se trata de importantes recursos publicos, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cal é o motivo polo que se produce o cambio dunha asignación económica *per cápita* á próxima de pago por prestación de servizos?

2. Cales son as vantaxes e inconvenientes deste tipo de pago para o Sergas?

3. Era posible manter o anterior contrato de pago *per capita*?

4. No caso de que este contrato sexa máis vantaxoso, por que se realizaron as prórrogas anteriores e non se produciu o cambio antes?

Parlamento de Galicia, 18 de marzo de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 18/03/2025 13:24:19**

**Patricia Iglesias Rey na data 18/03/2025 13:24:31**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

As cifras da campaña de marisqueo do ano 2024 non deixan lugar a dúbidas na evidencias de que o sector do marisqueo atópase neste momento nunha situación crítica: na ría de Arousa un 93 % menos de berberecho, un 86 % menos de ameixa e 45 millóns menos de facturación nos últimos catro anos.

Con estas cifras de resultado económico do labor extractiva nas nosas rías non é estraño que se estea a producir unha perda continua da poboación de galegos e galegas que desenvolven esta actividade económica tan importante para os nosos pobos mariñeiros, sobre todo polo alto nivel de emprego feminino neste sector.

Segundo o IGE neste momento traballan no sector 3.300 persoas, 2.470 mulleres e 837 homes, que son 200 menos que o ano anterior e 400 menos que no ano 2020, ao comezo da pandemia do COVID, é dicir, no último ano caeron un 6,3 % o numero de traballadoras e traballadores do marisqueo en Galicia.

Esta baixa se ve aínda mais agudizada polo baixo, e en algunhas zonas, nula presenza de persoas menores de 30 anos que se dedican a esta actividade, o que imposibilita o relevo xeracional con que é unha actividade que esta condenada a desaparición, coas consecuencias sociais e económicas da amplas zoas da nosa costa, a que esta ademais fortemente golpeada pola baixada demográfica e a despoboación.

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 13:59:03
Nº Rexistro: 21953
Data envío: 18/03/2025 13:59:03.916

Á hora de facer unha diagnose son múltiples as variables que inflúen nesta situación, pero está claro que a baixada da produción debida a cambios climáticos, condiciona ambientais, contaminación, a alta mortaldade das especies, en definitiva, a perda de valor económico e garantía de sostibilidade do sector está na raíz deste problema.

O sector do marisqueo, na súa vertente económica precisa neste momento de seguridade de que esta actividade é sostible no tempo para que se manteña o nivel de emprego e, sobre todo, novas xeracións se incorporen a esta actividade.

A Consellería do Mar, en colaboración con outras unidades da Xunta de Galicia, ten a responsabilidade de facer fronte a esta situación e traballar para que o sector sexa sostible e atractivo e desa maneira fixar poboación moza nas nosas costas para que os nosos pobos mariñeiros teñan futuro.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que diagnose fai a Xunta de Galicia da perda continuada de traballadores/as no marisqueo e case nula presenza de novas xeracións que dificulta o relevo xeracional?

2. Que medidas ten pensado poñer en marcha a xunta de Galicia para que esta situación de ausencia de relevo xeracional poda ser revertida?

Santiago de Compostela, a 18 de marzo do 2025

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 13:59:03
Nº Rexistro: 21953
Data envio: 18/03/2025 13:59:03.916

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 18/03/2025 13:56:21**

**Carlos López Font na data 18/03/2025 13:56:31**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O proxecto do novo Centro Integral de Saúde Novoa Santos da cidade de Ourense, que se levantará no solar de Juan XXIII tras demoler o actual, foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia como proxecto público de urxencia e de interese excepcional en virtude da Lei 3/2016, do 1 de marzo.

O dito proxecto foi recorrido en vía contencioso administrativa, polos veciños lindeiros, conforme aos informes desfavorables dos técnicos municipais en relación coa altura e fondo que tachan de desproporcionados.

Os últimos acontecementos en relación con esta infraestrutura acontecía nos pasados días cando se anunciaba a próxima demolición do edificio de Juan XXIII e a actual xerencia informaba de que os doentes do Novoa Santos serían recolocados no Centro de Saúde do Couto e no centro de Especialidades da rúa Concello de forma que que os traballadores e traballadoras da quenda de mañá pasasen a traballar no centro de especialidades, sito na rúa Concello, así como os deslizantes que combinan traballo de tarde e mañá serán trasladados ao Centro de Saúde do Couto. Pediatría será trasladado ao centro de especialidades, o farmacéutico ao Centro de Saúde do Couto, as matronas ao Centro de Saúdo do Couto, Odontoloxía (odontóloga + hixienista + auxiliar) ao Centro de Saúde do Couto, o Centro de Orientación Familiar ao hospital, nutricionista ao Centro de Saúde

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21958
Data envio: 18/03/2025 14:07:51.529

do Couto, a traballadora social ao Centro de Saúde do Couto e a área administrativa repártese para ambos os centros.

Así as cousas, os profesionais entenden que existe falta de previsión dado que non hai datas para o inicio das obras do centro de saúde integral, non hai licitación e non están resoltas as alegacións dos veciños; o cambio afecta ao 29,8 **%** dos habitantes da cidade; non é unha decisión participativa, contrastada coa poboación afectada.

Xérase un grave problema dado que o Centro de Saúde do Couto duplicaría practicamente a súa asistencia, pasaría de ter asignadas 9.500 persoas a 19.000.

Por outra banda, o histórico e emblemático centro de orientación familiar queda desmantelado e non teñen noticias sobre o centro de saúde mental.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Valora o Goberno galego o impacto que vai sufrir a Atención Primaria na cidade de Ourense ao pasar o Centro de Saúde do Couto de 9.500 persoas asignadas a 19.000?

2. Mediu a Conselleria de Sanidade que impacto vai ter para os doentes?

3. E para os profesionais?

4. Está preparado o Centro de Saúde do Couto para esta situación?

5. Onde se vai recolocar o Centro de Orientación Familiar unha vez demolido o edificio de Juan XXIII?

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6. Vanse ter en conta as necesidades específicas que precisa o Centro de Orientación Familiar?

7. En relación co departamento de saúde mental que cambios se prevén?

8. Foron estes cambios analizados cos afectados?

Parlamento de Galicia, 18 de marzo de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/03/2025 13:56:22**

**Elena Espinosa Mangana na data 18/03/2025 13:56:31**

**Silvia Longueira Castro na data 18/03/2025 13:56:41**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O 15 de febreiro do 2025 publicouse no DOG o Decreto 16/2025, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Entre os cambios máis significativos da norma regulamentaria, está o cambio de adscrición orgánica do Instituto Galego de Estatística (IGE), que antes dependía da Consellería de Facenda, e agora pasa a depender directamente da Presidencia da Xunta de Galicia a través da Oficina de Coordinación Económica.

A decisión coñécese cinco meses despois da polémica aberta polo informe do instituto estatístico que concluía que un de cada tres nenos galegos non saben falar a lingua propia da comunidade.

Por unha banda, a Xunta de Galicia anunciou no Pleno do 10 de marzo do 2025 cambios na xestión e tratamento dos datos estatísticos públicos. Neste semestre vai a licitar un contrato para que as empresas tecnolóxicas "poidan ofrecer os seus servizos para centralizar, xestionar e explotar os distintos datos" que ten o Goberno galego.

É dicir, en cuestión duns meses unha compañía privada poderá reunir e tratar a información do IGE, o Instituto Galego de Estatística, as consellerías, as universidades e outros organismos, para segundo motivacións dadas polo

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

goberno galego se "poida dispoñer con axilidade e precisión de información pública actualizada".

O anuncio fíxoo o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, na rolda de prensa posterior á reunión semanal do Consello da Xunta de Galicia. Asegurou que a intención é "optimizar" o uso de datos para dar mellores servizos. E a Xunta de Galicia optou por recorrer aos servizos dunha empresa externa para aplicar "as ferramentas e instrumentos que existen".

Por outra banda, non coñecemos a día de hoxe as actuacións levadas a cabo pola creación da nova Oficina Económica de Galicia; poderíamos presupoñer que as súas funcións ían ser de gran relevancia no aspecto económico do Goberno galego, pero analizando polo miúdo o novo Decreto de estrutura orgánica da Presidencia, observamos que a Oficina económica de Galicia carece de funcións executivas, son máis ben de coordinación, de estudo e análise.
Asemade, moitas das súas atribucións duplícanse con outros órganos ou unidades creadas, como a oficina económica no Instituto Galego de Promoción Económica, a sociedade Impulsa, ou de outros órganos directivos da Consellería de Facenda e mesmo da Consellería de Economía e Industria.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal vai a ser o alcance da externalización das funcións públicas de estática galega no contrato, na xestión e no tratamento dos datos estatísticos públicos?

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Vai o Goberno galego a enviar trimestralmente ao Parlamento galego un informe sobre as actividades desenvolvidas pola nova Oficina Económica de Galicia?

Santiago de Compostela, a 18 de marzo do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 18/03/2025 16:39:47**

**Elena Espinosa Mangana na data 18/03/2025 16:39:59**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 09:43:58
Nº Rexistro: 21969
Data envio: 19/03/2025 09:43:58.267

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de cumprir coas licenzas de obras concedidas para os complexos deportivos de Elviña e da Sardiñeira na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Coruña, os complexos deportivos da Sardiñeira e de Elviña, dependentes da Xunta, presentan un lamentábel estado de conservación, tanto no interior como no seu exterior, debido á falta do necesario mantemento continuo.

As deficiencias afectan ao estado dos diferentes equipamentos deportivos, así como aos accesos aos mesmos, facilmente comprobábel tanto polos propios ususarios das instalacións como por calquera cidadán, o que ten sido obxecto de malestar púiblico.

Mais aínda teñen algo en común estas dúas instalacións deportivas. Nos dous casos se tramitaron licenzas de obras ao Concello da Coruña por parte de Forus, mais, unha vez concedidas e transcorrido o prazo de inicio de execución das obras, estas non comezaron.

Nos dous casos, as notificacións da concesión de licenza a Forus foron feitas os días 17 e 18 de setembro cun prazo para o inicio das obras de 6 meses.

Trasncorrido este prazo, non se percibe que se teñan iniciado as obras en ningún dos dous complexos deportivos e as instalacións continúan a degradarse.



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente a Xunta do deterioro que presentan os complexos deportivos da Sardiñeira e de Elviña na Coruña?

- Está a xestión de Forus a cumprir coas condicións estabelecidas nas dúas concesións destes complexos deportivos?

- Ten coñecemento a Xunta do incumprimento da licenza municipal de obra por parte de Forus nos complexos deportivos de Elviña e da Sardiñeira?

- Que medidas tomou o goberno da Xunta ante este incumprimento?

- Cando van poder recuperar as usuarias unhas instalacións deportivas de calidade e con garantías nos complexos deportivos de Elviña e da Sardiñeira?

Santiago de Compostela, 19 de marzo febreiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Za**
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 19/03/2025 09:42:42**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 10:26:36
Nº Rexistro: 21977
Data envío: 19/03/2025 10:26:36.893

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o remate do prazo para a incoación como BIC do Museo Carlos Maside de Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 11 de agosto de 2023 o DOG publicaba a resolución de incoación para declarar BIC o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña).

Dábase resposta, trece anos despois, a un acordo unánime deste Parlamento e despois de continuas reclamacións de colectivos sociais e culturais e institucións como o Consello da Cultura Galega ou o Concello de Sada, ás que nos temos sumadoono grupo parlamentario do BNG, trasladándoas a diferentes debates nesta cámara, por causa do deterioro progresivo do edificio e da consecuente afectación á colección museística única que nel se conserva.

Un desleixo que comprometeu a memoria da vangarda artística galega, recuperada da memoria do exilio, como proxecto cultural senlleiro xestado por dous referentes imprescindíbeis como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo que capitanearon a industria cultural de raíz máis prestixiosa de Galiza.

Con todo, unha vez analizada a resolución da incoación do expediente BIC, volveron acordar novos interrogantes a respecto da protección e conservación íntegra do proxecto cultural en que se integra o Museo Carlos Maside desde o seu nacemento.

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na proposta inicial de declaración BIC resultou tan incomprensíbel a deturpación do nome orixinal do museo como que se cinga só ao edificio do museo desarraigándoo do conxunto da Cerámica do Castro, tal e como se procedeu no momento da declaración BIC para o conxunto de Sargadelos.

Transcorridos 19 meses da incoación do expediente BIC e a escasos 5 meses de rematar o prazo máximo para completar e pechar o procedemento, renace a preocupación social ante a resolución final que o goberno da Xunta vai adoptar para garantir a preservación fidedigna dunha das columnas vertebrais do proxecto cultural de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que razón xustifica o cambio do nome orixinal do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside polo de Museo Galego de Arte Contemporánea Sargadelos-Carlos Maside?

- Por que non se inclúe o conxunto da Cerámica do Castro, anexa ao museo, e parte inseparábel do proxecto, en consonancia coa declaración BIC da Fábrica de Cerámica de Sargadelos de Cervo (Lugo)?

- Vai velar o goberno porque o Laboratorio de Formas, ao que está ligado o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, sexa parte activa na xestión do museo?

- Entende a Xunta que esta declaración BIC protexe e conserva na súa integridade o legado histórico museístico trazado por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane?

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2025



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Za**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 19/03/2025 10:25:08**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 13:16:46
Nº Rexistro: 21986
Data envio: 19/03/2025 13:16:46.333



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana** e **Julio Ernesto Abalde Alonso**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O centro de saúde de Negreira dá servizo aos case 7.000 habitantes do concello, poboación que nos últimos anos presenta tendencia de crecemento, segundo os datos do INE. Ademais tamén dá servizo ás poboacións próximas dos concellos limítrofes, que igualmente están incrementando en poboación, sobre todo no verán en que teñen que compensarse ausencias de determinadas especialidades nos distintos centros de saúde da comarca.

O centro actual xa esta sobrepasado e cunhas infraestruturas deterioradas e con dificultades de acesos en caso de urxencias. Nos últimos anos, en distintas ocasións os servizo de infraestruturas do Sergas realizaron inspeccións que constataron importantes carencias e deficiencias que non permiten dar servizos sanitarios en condicións adecuadas. O nivel de deterioro e a situación e dimensión do centro actual fai que nos sexa eficiente afrontar unha reparación ou actualización do centro actual polo que, os propios técnicos, recomendan a construción de un novo centro construído en outra localización con instalacións modernas que permitan uns servizos de máxima calidade sanitaria.

O Concello de Negreira, polo que manifesta o Concello, está dispoñible para aportar os terreos precisos así como facilitar os trámites para a súa cesión ao Sergas así como as licencias necesarias para permitir a construción do novo centro de saúde.

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Consellería en varias ocasións mostrouse favorable a construción deste novo centro recoñecendo a situación deficitaria do centro actual, pero pasan os anos e estas promesas non se plasman nin na tramitación ou redacción do convenio entre o Sergas e o Concello de Negreira nin existe constancia que se atope entre as previsións de investimentos futuros de construción do Sergas, como sucede noutros concellos como Noia, en fase de proxecto construtivo, ou Porto Son que xa está prevista a próxima construción, cousa que nos parece moi adecuada pero Negreira tamén ten necesidade de que se planifique estas novas instalacións.

Polo tanto é necesario que a Consellería de Sanidade e o Sergas teñan en conta este novo centro de saúde do Concello de Negreira nos seus plans de infraestruturas sanitarias, que se asigne o Convenio de colaboración co Concello de Negreira no que se recolla a situación, as condicións das instalacións e unha planificación dos investimentos para a construción do novo centro de saúde.

E por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como pensa suplir e reparar as deficiencias observadas polos servizos técnicos da Consellería no Centro de Saúde de Negreira?

2. Que valoración fai a Consellería da situación actual do Centro de Saúde de Negreira?

Santiago de Compostela, a 19 de marzo do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Patricia Iglesias Rey na data 19/03/2025 13:14:39**

**Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 13:14:49**

**Julio Abalde Alonso na data 19/03/2025 13:14:57**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueria Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A enfermidade celíaca, segundo a Organización Mundial de Gastroenteroloxía, é unha enfermidade autoinmune provocada pola inxestión de alimentos que conteñen glute. Esta alteración intestinal non só se produce cando se consumen alimentos con alto contido de glute, senón tamén cando hai contaminación cruzada en alimentos que, en principio, non contiñan glute, pero que, debido á manipulación, poden quedar contaminados con trazas deste.

A Asociación de Celíacos de Galicia (Acega) estima que a prevalencia desta enfermidade correspóndese co 1 % da poboación, arredor dos 27.000 galegos e galegas. A parte diso, consideran que entre o 75-80 % da poboación celíaca aínda non está diagnosticada. Segundo as estatísticas da Sociedade Española de Patoloxía Dixestiva as diagnoses de enfermidade aumenta exponencialmente un 30% cada ano. Estes datos de diagnose chocan de xeito frontal contra a adaptación real da sociedade, así como das entidades pertencentes á hostalería.

Esta enfermidade xera unha fenda na poboación o ter que cambiar, non so a alimentación diaria, senón que tamén a adaptación de todos os hábitos sociais. Se non fose pouco a adaptación completa da vida, esta enfermidade xera outra fenda, neste caso económica.

A Federación de Asociacións de Celíacos de España, nun informe do 2024, amosa que na adquisición de produtos específicos sen glute destínase arredor de 1.704.40 €, elevándose en 167.57 € con respecto ó ano 2023 tendo en conta a subida do 10,90 % dos produtos sen glute. Esta cifra sitúa o gasto adicional da poboación celíaca en 1.087,72 € fronte as dietas que o permiten.

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Salientan dende esta federación que en puntos concretos do calendario como pode ser o Nadal, a disparidade de prezos entre os produtos con e sen glute alcanza o seu punto máximo, chegando a custar un 240 % máis.

O pan sen glute, un alimento que case a totalidade da poboación consume a diario e que o 100g de media ten un custe de 1,27 € mentres que se se trata de pan común, con glute, estes 100g custan 0,23 €. É dicir, este pan ten un incremento do 452,17 % máis caro. E se atendemos ós prezos da pasta esta porcentaxe elévase ate o 757 %.

Estes prezos elevados causan moitas dificultades nas familias con menos recursos que, se xa lles custa chegar a fin de mes, esta situación agrava aínda máis a súa capacidade para cubrir necesidades básicas.

O Goberno de España está xa actuando sobre o tema. Nas súas competencias, reduciu a través do Ministerio de Facenda, o IVE do 10 % ó 4 %. O Concello de Barbadás achega 400 € anuais para aquelas persoas diagnosticadas con celiaquía. A Xunta de Galicia ten que ir máis aló do fomento do comercio e a restauración para as persoas celíacas, que está ben, pero con prezos desorbitados dos produtos sen glute non é unha prioridade ir a restaurantes para as familias que teñen que pagar case 100 € máis cada mes pola compra, por cada celíaco que conviva nese núcleo e máis atendendo o sobrecusto que teñen os produtos sen glute na hostalería. A Xunta de Galicia dentro das súas competencias en benestar social debe actuar con achegas directas ás familias con menores recursos e con persoas diagnosticadas como celíacos e celíacas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 13:29:21
Nº Rexistro: 21992
Data envio: 19/03/2025 13:29:21.182

Grupo Parlamentario Socialista

Valora o Goberno galego o establecemento de axudas para as persoas celíacas con menores recursos para a compra de produtos sen glute reducindo así as desigualdades que xeran os altos prezos destes produtos específicos?

Santiago de Compostela, 19 de marzo do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 13:23:21**

**Silvia Longueira Castro na data 19/03/2025 13:23:27**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios, atraer a inversión e sobre todo, contar coa cidadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados para que o aproveitamento destes recursos respecte escrupulosamente o medio ambiente, biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para as galegas e galegos.

A política enerxética e industrial do goberno non é recoñecible no noso país, porque está sumida nunha inseguridade xurídica sen precedentes. O Goberno galego non está a liderando a transición enerxética e facilitar o asentamento de proxectos industriais sostibles no noso país. Hai no momento actual cerca de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por incumprimento de criterios de sustentabilidade ambiental. Este caos, sen precedentes, na paralización do desenvolvemento eólico en Galicia é responsabilidade exclusiva do Goberno galego que levan case 16 anos no goberno.

Ademais, o Goberno galego optou pola privatización na xestión dos nosos recursos naturais, xa que se substitúe a política pública enerxética pola xestión a través dunha sociedade privada, a sociedade de  Recursos de Galicia- RdeG- na que a Xunta de Galicia ten o 30 % do capital social.

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Foi a través dos medios de comunicación - o 14 de novembro de 2023- cando coñecemos a noticia da creación da sociedade público- privada- que nace "baixo o paraugas da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais en Galicia" ó acadar os 100 millóns en 2027, sendo a participación no dito capital da Xunta de Galicia o 30 %, correspondendo o 70 % restante a empresas galegas, e "garantía de que a xestión da riqueza natural de Galicia se traduza en riqueza social".

Segundo as novas, sempre por medios de comunicación a empresa Sociedade de Recursos de Galicia- en adiante RdeG- constitúese para o despregamento de novos proxectos de enerxía renovable, ligados á minaría ou que requiran da concesión de auga para usos como o acuícola, agropecuarios ou a produción industrial de bens de consumo.

Coa sociedade RdeG xa constituída, tramitouse logo no Parlamento o Proxecto de lei para promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais de Galicia. Polo tanto, creábase primeiro a sociedade privada-pública, sen tan sequera ter aprobada a lei que regularía o aproveitamento de recursos para beneficio social e económico. Esta forma de proceder amosa unha falta de respecto polo funcionamento democrático das institucións e do control que debe exercer o poder lexislativo ao executivo galego.

A Lei 2/2024, do 7 de novembro, xa en vigor, foi aprobada unicamente cos votos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e pretendeu avalar legalmente a creación opaca da sociedade RdeG, que se artellou precisamente para fuxir do entorno de control público e da rendición de contas da devandita sociedade, ao amparo do artigo 102 da Lei 16/2010 de ordenación e funcionamento do sector público autonómico (LOFAXGA).

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 22002
Data envío: 19/03/2025 16:12:59.370



Pola vía do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para poder exercer o noso labor de fiscalización do Goberno galego, solicitamos, ata en nove ocasións, o expediente de creación, así como as sucesivas modificacións societarias de RdeG. A día de hoxe, segue sen remitirse o expediente administrativo que debe obrar en poder da Consellería de Facenda, ao amparo do artigo 93 da Lei de patrimonio de Galicia.

Polo anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais do sector público autonómico, dispoñen da maioría dos dereitos de voto na sociedade RdeG ben directamente ben mediante acordos con outros socios?
2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais do sector público autonómico, teñen dereito a nomear ou a separar a maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios?
3. Quen preside a sociedade RdG, e cantos altos cargos do Goberno galego ou das entidades instrumentais do sector público autonómico están representados no Consello de Administración?
4. Respecto aos socios privados na RdeG, cantos millóns de euros desembolsaron cada sociedade individualmente considerada e de maior a menor desembolso?
5. Vai a sociedade RdeG render as súas contas ao Consello de Contas de Galicia?
6. Como ten pensado o Goberno galego arbitrar a participación das deputacións e dos concellos na sociedade RdeG?

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7. Cal foi o procedemento de selección do CEO da sociedade RdG e o do resto do persoal directivo e de cadro de persoal contratado pola sociedade?

Santiago de Compostela, a 19 de marzo do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 19/03/2025 16:09:01**

**Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 16:09:11**

**Lara Méndez López na data 19/03/2025 16:09:23**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:49:51
Nº Rexistro: 22016
Data envio: 19/03/2025 16:49:51.842

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a anulación parcial polo TSXG da normativa que regula as entidades de colaboración ambiental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 12 de marzo fíxose pública a sentenza do TSXG que anula parcialmente, dando resposta a un recurso presentado pola CIG, a normativa que regula as "entidades de colaboración ambiental", previstas na *Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza* e no Decreto que a desenvolve.

Tanto a nota publicada polo Consello Xeral do Poder Xudicial como o texto da sentenza cuestiona con dureza a normativa aprobada polo goberno galego e anula parte do *Decreto 102/2023, do 15 de xuño, polo que se regulan as entidades de colaboración ambiental e se crean o Rexistro de Entidades de Colaboración Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia e o Banco de persoas expertas en avaliación ambiental*.

A motivación central desta sentenza é que as citadas entidades supoñen "unha verdadeira privatización da tramitación da avaliación ambiental", de maneira que unha competencia exclusiva da administración queda residenciada na iniciativa privada. A ilegalidade desta externalización queda expresada de maneira contundente na sentenza, ao "trasladar a unha empresa privada funcións que están reservadas a funcionarios públicos, porque reciben incluso de xeito explícito o mandato de valorar alegacións e



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informes". O que vén sinalar a sentenza é que as citadas entidades non son "colaboradoras" da administración senón que son "suplantadoras" e "substitutas" das funcións que corresponden ao persoal da administración, xa que "non colaboran coa administración, senón que suplantan á administración durante nada menos que toda a tramitación da avaliación ambiental".

Se ben esta sentenza non é firme e cabe a posibilidade de recurso, a realidade é que os termos da mesma deixan en mal lugar a Xunta do PP e poñen de manifesto como se vulnera de maneira sistemática a lei na tramitación das avaliacións ambientais.

Máis alá desta figura concreta, a Xunta leva anos externalizando as funcións do persoal da administración na tramitación de avaliacións e informes ambientais, o que podería derivar en responsabilidades e nulidade das actuacións. É o caso da "administración paralela" da empresa TRAGSATEC, que recibiu numerosas encomendas de xestión para trámites ambientais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta sobre a sentenza do TSXG que anula parcialmente, dando resposta a un recurso presentado pola CIG, a normativa que regula as "entidades de colaboración ambiental", previstas na *Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza* e no Decreto que a desenvolve?

- Ten previsto a Xunta deixar sen efecto a parte do *Decreto 102/2023, do 15 de xuño, polo que se regulan as entidades de colaboración ambiental e se crean o Rexistro de Entidades de Colaboración Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia e o Banco de persoas expertas en avaliación ambiental*, que foi anulado pola sentenza do TSXG?



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai respectar a Xunta as funcións e competencias do persoal ao servizo da administración e non suplantalas por medio de empresas ou persoas privadas, nomeadamente no caso das avaliacións e nos informes ambientais?

- Vai o goberno galego facer públicos todos os informes e avaliacións realizados por entidades de colaboración ambiental e persoas expertas en avaliación ambiental, ao abeiro da normativa anulada polo TSXG?

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 19/03/2025 16:38:41**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:59:23
Nº Rexistro: 22022
Data envio: 19/03/2025 16:59:23.634

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, deputads do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a avaliación da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024 e a aprobación dunha nova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2024 rematou a vixencia da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024. Segundo o propio documento aprobado, a Xunta de Galiza debía facer un seguimento e avaliación dos instrumentos e medidas nela previstas así como realizar un informe final para valorar o seu grao de cumprimento e os resultados obtidos.

De igual maneira, a Xunta de Galiza debe aprobar unha nova Estratexia para o seguinte período. Neste senso, a Consellaría de Política Social tivo a exposición pública un documento preliminar de estrutura e obxectivos para a Estratexia 2024- 2030. Porén, a día de hoxe continúa sen aprobar aínda o novo documento.

Este 2025 cúmprense 600 anos da chegada do pobo xitano á Península Ibérica. Malia o tempo transcorrido a falta de inclusión social da poboación xitana no noso País é evidente. Segundo os datos que nos traslada a Fundación Secretariado Xitano, a nivel estatal:

- A taxa de abandono escolar entre o alumnado xitano é do 86% fronte ao 13,3% da poboación xeral.



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Aos 11 anos o 40% do estudantado xitano repetiu curso.

- A taxa de fracaso escolar é desproporcionada situándose no 62.8% entre a poboación xitana fronte apenas o 4% da poboación xeral.

- O 86% das persoas xitanas están en situación de pobreza e o 46% en extrema pobreza.

- A taxa de pobreza infantil é do 89%.

- Máis de 9.000 familias galegas continúa vivindo en infravivendas e/ou chabolas.

É evidente que urxen medidas específicas e decididas para combater a pobreza e a exclusión social que sobre o pobo xitano tanto en Galiza como no conxunto do Estado español. Medidas decididas encamiñadas a acabar coa desigualdade que atinxe a poboación xitana especialmente en dous ámbitos: a educación e o dereito a unha vivenda digna.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza das cifras de desigualdade que atinxen a poboación xitana?

- Que medidas adoptou ou ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para garantir a inclusión social do pobo xitano especialmente no ámbito educativo e no acceso a vivenda?



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas específicas adoptou ou pensa adoptar a Xunta en materia de vivenda para erradicar o chabolismo? E a infravivenda?

- Cando vai aprobar a Xunta a Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2025-2030? Que resultados obtivo da anterior?

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Ariadna Fernández González**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 19/03/2025 16:57:38**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/03/2025 16:57:42**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Tal e como quedou de manifesto no pasado Pleno do día 11 de marzo, a Corporación da Radio Televisión de Galicia pasará a chamarse Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

Esta denominación é un dos cambios que contempla a nova Lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

Ante este e outros aspectos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentaba alegacións para conservar o nome da CRTVG, non sendo aceptada en Comisión. Desde o noso punto de vista, este cambio elimina de xeito definitivo a marca da Televisión de Galicia dentro da súa nomenclatura e dilúe o significado da mesma en aras dunha nova marca que non ten a simboloxía que durante anos construíu a propia entidade.

Este cambio suporá tamén unha reestruturación na entidade corporativa da Compañía, coa conseguinte renovación de tódolos elementos fixos, estáticos, redes sociais, papelería, etc. que serán ademais, obxecto dun redeseño e nova imaxe de marca.

Estes cambios levan implícito non só o pago dos elementos, senón tamén o deseño dos mesmos. Isto suporá unha importante partida económica.

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. A canto ascende o gasto do redeseño de marca da nova CRTVG?

2. A canto ascende o gasto da elaboración dos novos elementos de comunicación da CRTVG?

Santiago de Compostela, a 20 de marzo do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 20/03/2025 11:33:19**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/03/2025 11:33:28**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 12:36:09
Nº Rexistro: 22090
Data envio: 20/03/2025 12:36:09.023

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres**, depuado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre sobre os criterios que se van utilizar no convenio asinado pola Xunta, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña en compensación polo encoro do Umia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción do encoro do Umia causou un conxunto de problemas ambientais que na súa maior parte están sen resolver. Un destes problemas é a contaminación por cianobacterias do encoro da Baxe, que malia os tratamentos realizados segue sendo un problema recorrente.

Desde o ano 2010 a Xunta leva anunciando diversas actuacións do río Umia, mais a maior parte delas foron anuncios para a galería e nunca se chegaron a realizar. Por iso a dia de hoxe o río segue tendo graves problemas de contaminación, proliferación de especies invasores, perda de biodiversidade ou incremento de custos do tratamento das augas captadas para abastecemento humano. Os efectos da contaminación do río afectan a toda a bacía e chegan até a ría de Arousa, nun ecosistema de grande valor ambiental e produtivo. Unha ría sometida a fortes agresións que poñen en risco a súa biodiversidade e a súa capacidade de produción pesqueira, marisqueira e acuícola.

Como medida compensatoria pola construción do encoro da Baxe, a Xunta acordou no seu día destinar aos concellos de Caldas, Moraña e Cuntis unha parte da



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recadación polo aproveitamento hidroeléctrico da presa, verdadeira razón de ser deste encoro.

Deste xeito, achéganse perto de 400.000 euros anuais (a razón de 130.000 euros por concello) para a realización de actividades sociais, culturais ou educativas que se realicen na anualidade correspondente.

Mais nas reunións que se produciron a comezos do presente ano, a Xunta anunciou a súa pretensión de cambiar as condicións do convenio, obrigando aos concellos a destinar estes recursos a fins determinados pola Xunta.

Este cambio de criterios está provocando o retraso da sinatura do convenio e polo tanto a imposibilidade de planificar e programar as actividades previstas..

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a cantidade que ingresa anualmente a Xunta polo aproveitamento hidroeléctrico do encoro da Baxe (Caldas-Moraña-Cuntis)?

Cal é a cantidade total de diñeiro ingresado pola Xunta desde o comezo da explotación hidroléctrica do encoro até a actualidade?

Vai manter a Xunta os criterios para o reparto e execución dos fondos transferidos mediante convenio aos concellos de Caldas, Moraña e Cuntis, en compensación polo encoro do Umia?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 20/03/2025 12:35:02**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 22098
Data envio: 20/03/2025 16:28:54.446

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de atender a Xunta o necesario proxecto de reforma do CEIP de Prácticas da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio de NORMAL, deseñado para ser a Escola Normal de Maxisterio polo arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez, actualmente acolle a sede da Fundación Universidade da Coruña, a Universidade Sénior da Coruña, un teatro e Pavillón de Deportes e o CEIP de Prácticas da Coruña.

Segundo o Convenio marco de colaboración entre a Universidade da Coruña, o Concello da Coruña e a Consellería de educación, asinado en 2018, a respecto da xestión e usos do edificio de NORMAL, as tres institucións partillan obrigas; así, determínase que a Universidade da Coruña é titular do inmoble e asume os custos relativos ao mantemento, reparación e conservación da parte do edificio de NORMAL, mentres que, a respecto da parte destinada a uso educativo, a Consellería de Educación é titular do CEIP de Prácticas da Coruña e realiza as actuacións referidas aos investimentos, e o Concello realiza os labores de mantemento deste centro educativo.

Este convenio tiña unha duración de catro anos, prorrogábeis por outros catro anos máis, de se tratar dunha decisión unánime, polo que nesta altura estariamos ante un convenio prorrogado desde 2022.

Desde a ANPA do CEIP de Prácticas teñen trasladado en diferentes ocasións, tanto ao Concello da Coruña como á Consellería de Educación, as múltiples necesidades



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que esta infraestrutura educativa presenta derivadas da falta de mantemento e das previsíbeis consecuencias.

Infelizmente o tempo deulle a razón á comunidade educativa e, para alén dunha presenza insalubre de humidades en aulas e outras dependencias educativas, falta de mantemento de portas, mobiliario e dependencias comúns ou ausencia de poda nas árbores do centro, no centro xa se teñen vivido situacións preocupantes derivadas da falta de revisión da instalación eléctrica ou das ventás que xa ten provocado a súa caída ao chan nunha ocasión.

O deterioro desta infraestrutura educativa quedou evidenciada recentemente co desprendemento de cascotes dunha parte da fachada principal da NORMAL, unha zona de paso das crianzas na entrada e saída do colexio e tamén área de xogos, que felizmente non provocou danos persoais e ao que a Universidade da Coruña, como parte responsábel desta parte do edificio, deu resposta inmediata.

Unha visita ao CEIP de Prácticas permite comprobar as consecuencias negativas derivadas da falta de mantemento persistente, isto é, a falta e compromiso e cumprimento de convenio por parte da Xunta de Galiza que está a afectar de forma moi negativa ao normal desenvolvemento da vida lectiva e extraescolar.

As mobilizacións promovidas desde a ANPA do colexio desde comezos do resente curso escolar fixo coñecedora a sociedade da despreocupación das administracións por garantir unhas instalacións dignas e seguras para esta comunidade educativa.

Foron estas accións as que, despois de moito tempo agardando resposta por parte da ANPA, concluíron nunha reunión, celebrada o pasado mes de xaneiro coas diferentes administracións implicadas, co obxectivo de procurar unha saída ao necesario plan de reforma que este centro precisa.



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 22098
Data envio: 20/03/2025 16:28:54.446

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorridos dous meses sen ter recibida resposta, desde a ANPA vense na obriga de anunciar publicamente novas accións de mobilización en demanda dunha atención responsábel por parte das administracións en función das súas competencias e responsabilidades para con este centro educativo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que avaliación fai a Xunta do estado actual do CEIP de Prácticas da Coruña?

- Como valora o estado de falta de mantemento que presenta este centro educativo?

- Que actuacións de mellora compromete a Xunta para o CEIP de Prácticas con cargo aos orzamentos para 2025?

- Que proposta de reforma integral entende a Xunta que precisa este centro?

- Que compromiso asume para poñela en marcha? Con que prazos?

- Trasladoulle ás administracións implicadas e á ANPA do CEIP de Prácticas a proposta de reforma e actuacións neste colexio?

- Está a Xunta a negociar un novo Convenio marco de colaboración entre a Universidade da Coruña, o Concello da Coruña e a Consellería de Educación co obxectivo de reforzar a oferta de calidade educativa do CEIP de Prácticas da Coruña.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 20/03/2025 16:26:03**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

Galicia é un referente en múltiples sectores industriais, nomeadamente o sector téxtil, a automoción, o metalúrxico, o naval ou a industria conserveira, industrias con clara vocación exportadora: en 2023, a economía galega exportou bens por valor de máis de 30.000 millóns de euros, case o 8 % das exportacións españolas.

Con todo, malia a potencia do sector industrial propio, este padece a anomia dunha Xunta de Galicia que renega das súas competencias exclusivas en materia de política industrial.

A automoción en Galicia representa un dos sectores tractores fundamentais para a economía galega, conta con máis de 200 empresas e 25.000 persoas que dependen directamente do sector. Desde a súa orixe, este sector foi un motor de desenvolvemento económico e tecnolóxico na Comunidade, que xera un impacto significativo no emprego e na competitividade da industria.

O presidente autonómico, anunciou a aprobación por parte do Consello da Xunta do Plan director da automoción para o período 2025-2027 para impulsar un sector que está a vivir a súa propia revolución industrial coa chegada do vehículo eléctrico, na que se debería cumprir coa máxima que as axudas públicas á industria cheguen a toda a cadea de valor galega directa ou indirectamente, e sobre todo as pequenas e Pemes auxiliares da automoción, para reforzar a cooperación co sector no seu tránsito cara á modernización e á

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sustentabilidade, e reafirmar o seu compromiso cunha industria clave para a economía galega.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Do financiamento plurianual do Plan director da automoción para o período 2025-2027, que porcentaxe e importe da financiación son de fondos propios da Xunta de Galicia, e que porcentaxe e importe son fondos europeos na súas diferentes tipoloxías?

Santiago de Compostela, a 20 de marzo do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 20/03/2025 16:44:12**

**Elena Espinosa Mangana na data 20/03/2025 16:44:21**

**Lara Méndez López na data 20/03/2025 16:44:29**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 16:53:33
Nº Rexistro: 22117
Data envio: 20/03/2025 16:53:33.097

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Carreira Pazos,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de febreiro tivo lugar un dramático incidente nas urxencias do CHUAC que puxo en evidencia a falta de medios na que se atopa a sanidade pública galega ao producirse unha agresión con arma branca a persoal sanitario por parte dun paciente nun contexto dunha alteración do seu estado psíquico. Un mes máis tarde, no mesmo centro, produciuse outra agresión nunha planta de hospitalización por parte tamén dun paciente nunha situación de alteración do nivel de conciencia.

Estes incidentes poñen de relevo sobre todo a falta de medios para atender a pacientes psiquiátricas, tanto polos cadros de persoal exiguos, que non son suficientes para as necesidades asistenciais existentes na actualidade, como pola falta de espazos, protocolos e directrices para garantir unha atención digna, segura e de calidade. Algo que tamén está a sinalar o comité de centro do CHUAC ou organizacións coma SOS Sanidade Pública, que denuncian a falta de actuación da Xerencia e a dirección do Sergas neste sentido a pesar de seren coñecedores da situación, pois xa fora advertida previamente polo persoal.

A falta de medios para atender a persoas con alteracións psiquiátricas, ben debidas á propia patoloxía psiquiátrica coma a outras múltiples causas, é sobradamente coñecida, tanto pola sociedade galega, profesionais e pacientes, coma tamén pola propia administración, polo que resalta aínda máis a inacción para mellorar esa situación. Todo



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o contrario, estamos a ver como desde o goberno galego e desde as filas do Partido Popular se opta por un discurso criminalizador e pola demanda de medidas coercitivas e represivas, en lugar doutras claramente terapéuticas e que poidan lograr unha desescalada non violenta.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– Cales son os protocolos vixentes a día de hoxe nos centros dependentes do Sergas para a atención a pacientes con alteracións da esfera psiquiátrica?

– Constatou o goberno galego un incremento na asistencia a pacientes con alteracións deste tipo? Considera que os cadros de persoal están correctamente dimensionados para prestarlles asistencia, tanto nos servizos de urxencias coma de hospitalización?

– Considera que o persoal está debidamente formado para enfrontar situacións violentas en pacientes con alteracións psiquiátricas?

– Que medidas foi implantando o goberno galego para evitar as contencións mecánicas? Considera o goberno galego que hai marxe de mellora neste aspecto?

– Cales son as cifras de contencións mecánicas aplicadas no último ano en centros públicos?

– Considera o goberno galego que está a traballar para garantir a seguridade de pacientes e profesionais? E para garantir os seus dereitos básicos?

– Cales son as medidas e protocolos que vai implantar o goberno para evitar accidentes coma os que tiveron lugar no CHUAC?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 20/03/2025 16:50:37**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 17:22:11
Nº Rexistro: 22127
Data envio: 20/03/2025 17:22:11.198



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

A Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU) do ano 2023 establece o réxime de profesorado e de categorías diferentes as existentes ata este momento nas Universidades pública no referido as figuras de profesorado contratado laboral.

A LOSU, no seu artigo 64.1, establece que o persoal docente e investigador das universidades estará composto polo profesorado dos corpos docentes universitarios e polo profesorado laboral.

O profesorado de corpos funcionarais docentes e investigadores corresponde as dúas categorías de Catedrático de Universidade e Profesor Titular de Universidade. A LOSU establece a incompatibilidade deste persoal funcionario en servizo activo nunha universidade pública con ser profesorado de universidades privadas ou centros privados adscritos a universidades públicas. A súa regulación, categorías e condicións laborais e retributivas corresponde a regulación estatal.

As universidades públicas poderán incorporar profesorado laboral, definido nos artigos 77-87 da LOSU, en distintas categorías: profesorado contratado laboral permanente, profesorado axudante Dr. profesorado asociado, profesorado substituto, profesorado emérito, profesorado visitante e profesorado distinguido. Coa excepción do profesorado contratado permanente e o profesorado asociado, estas figuras son ou poden ser de contratación temporal.

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O profesorado con contrato laboral temporal no porá superar o 8 por cento en efectivos do cadro de persoal docente e investigador total. Non se computarán a tal efecto o profesorado asociado de Ciencias da Saúde e o profesorado axudante doutor.

Ademais destas figuras de persoal docente e investigador laboral, as universidades poderán contratar, coa financiamento interna da universidade ou con financiamento externa, persoal investigador en las modalidades de contrato predoutoral, contrato de acceso de persoal investigador doutor, contrato de investigador/a distinguido/a y contrato de actividades científico-técnicas.

O réxime xurídico aplicable a estas modalidades de contratación laboral será no marco e figuras que se establece na LOSU e nas súas normas de desenvolvemento, pero a súa regulación en materias expresamente remitidas por esta lei así como outras no ámbito das súas competencias corresponde a ás comunidades autónomas fixar a regulación, categorías e condicións laborais e retributivas, estando as mesmas sometidas a negociación colectiva na súa aplicación.

O pasado 12 de febreiro constituíuse a Comisión Negociadora do III Convenio do PDI do SUG, coa sinatura das tres universidades públicas e a catro organización sindicais presento no sector do Persoal Docente e Investigador, iniciando así un proceso fundamental para a mellora das condicións laborais do profesorado contratado a vista da nova Lei de universidades (LOSU), a Lei da ciencia e da reforma laboral, que tamén afectan a estas novas figuras e as súa condicións laborais.

Por exemplo, a LOSU abre de forma clara a existencia na figura de persoal laboral permanente a posibilidade de definir dúas categorías, de forma similar as figuras funcionarais, e que en Galicia non poden aplicarse xa que a regulación galega da figura de contratado doutor, as que se asimila esta nova

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 17:22:11
Nº Rexistro: 22127
Data envio: 20/03/2025 17:22:11.198

figura, non o contempla polo que non se podería incluír no III Convenio Colectivo do SUG.

É por tanto urxente que a Xunta de Galicia exerza as súas competencias e elabore a regulación das distintas figuras de persoal laborais para que podan ser implementadas e contratadas nas universidades públicas previa negociación colectiva das súas condicións laborais.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando ten previsto a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP regular as figuras de persoal contratado definidas na LOSU como consecuencia do mandato competencial da propia lei?

2. Ten previsto a Consellería establecer, como sucede noutras comunidades autónomas, dous niveis na figura de profesorado laboral permanente para que podan ser contratado polas universidades?

Santiago de Compostela, a 20 de marzo do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 20/03/2025 17:19:47**

**Silvia Longueira Castro na data 20/03/2025 17:19:55**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 17:24:00
Nº Rexistro: 22131
Data envío: 20/03/2025 17:24:00.541

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Carreira Pazos**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a redución de nutricionistas nos centros de saúde de Negreira e Santa Comba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A figura das nutricionistas na Atención Primaria é chave para avanzar na creación de equipas multidisciplinares e mellorar a asistencia sanitaria que recibe a poboación. De feito, constatouse desde a súa introdución nos centros de saúde que son profesionais enormemente valoradas polas pacientes, mais tamén polas demais traballadoras sanitarias. A esta satisfacción, cómpre engadir a mellora dos datos de saúde da poboación, pois a súa actividade céntrase maioritariamente na prevención, ben primaria, ben secundaria, de patoloxías que poden ser graves e crónicas.

Por iso resulta rechamante a decisión do goberno galego de reducir o número de nutricionistas en Atención Primaria, pasando de ter case un cento de profesionais en todo Galiza, un número que xa era insuficiente, a quedar só 45 para atender a toda a poboación galega. No caso da comarca do Xallas e A Barcala, os centros de Santa Comba e Negreira deixan de contar con servizo de nutrición e as pacientes de Santa Comba e Mazaricos son redirixidas a Muros, mentres que as de Negreira e A Baña teñen o seu centro de referencia nas Fontiñas, en Compostela.

É obvio sinalar que a redución de profesionais suporá unha maior sobrecarga para poder continuar atendendo á poboación nos termos nos que se viña realizando, mais tamén cómpre atender as barreiras que isto implica. A decisión de centralizar e



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 17:24:00
Nº Rexistro: 22131
Data envio: 20/03/2025 17:24:00.541

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afastar este servizo pode supor que pacientes destes catro concellos teñan máis dificultades para poderen acceder ao mesmo, limitando a súa posibilidade de contar con profesionais especialistas para mellorar os seus hábitos dietéticos e atender á patoloxía específica, e xerando, en definitiva, inequidades en saúde que non deberan producirse nunca desde un sistema público.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– É consciente o goberno galego da boa valoración das nutricionistas de Atención Primaria?

– Considera que as nutricionistas poden contribuír a mellorar o estado de saúde da poboación?

– Por que decide o goberno reducir as súas prazas?

– Cando vai restituír o goberno galego a praza de nutricionista nos centros de saúde de Santa Comba e Negreira?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 17:24:00
Nº Rexistro: 22131
Data envio: 20/03/2025 17:24:00.541

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 20/03/2025 17:21:09**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 18:13:22
Nº Rexistro: 22144
Data envio: 20/03/2025 18:13:22.114

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente modificación da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, levouse a cabo a través do RD Lei 2/2025, do 18 de marzo, polo que se aproban medidas de urxencia para a garantía do interese superior da infancia e a adolescencia ante a situación de continxencias migratorias.

A realidade é que a chegada de menores estranxeiros non acompañados en situación de desamparo e expostos a un grave risco de exclusión social ás fronteiras do Estado español medrou nos derradeiros oito anos nun 221%. Son menores maioritariamente asociados a países coma Marrocos ou Alxeria, aínda que tamén con presenza importante de menores procedentes de Oriente Medio, África Subsahariana ou Europa do Este. A súa chegada escapando da fame, dos conflitos bélicos, persecución, violencia e da vulneración dos dereitos humanos, é maioritariamente absorbida polo arquipélago Canario, que na actualidade vive unha situación de especial dificultade ao non ter capacidade para garantir a súa atención, ao superar o 35% do total dos menores non acompañados que chegaron ao Estado español, con 5800 menores nesta situación dramática.



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A través da recente modificación lexislativa creouse un sistema de reparto obrigatorio entre as comunidades autónomas do Estado que afecta a aproximadamente 4400 nenos, nenas e adolescentes que se atopan na actualidade en Ceuta e nas Illas Canarias. Nese reparto, vimos de coñecer que a Galiza correspóndelle a acollida de 326 menores estranxeiros non acompañados, para os que segundo a Consellería de Política Social non hai espazo, ao asegurar que temos unha capacidade na rede de acollemento que xa está sobrepasada, chegando ao 104%.

En Galiza contamos con 832 prazas repartidas en 80 centros de acollemento de diferentes características, mais descoñécese o número de nenos, nenas e adolescentes inmigrantes non acompañados hai acollidos nestas institucións, co único dato que se manexa de que no 2021, 2022, 2023 e 2024 chegaron a Galiza nestas circunstancias algo máis de 120 menores.

Este novo proceso de acollemento non chega por sorpresa en Galiza en tanto que xa que dende o ano pasado a modificación da Lei estivo de actualidade, iso si cos votos do Partido Popular sempre en contra e con discursos e declaracións de membros do PP pouco acertadas e nas que os menores non foron nunca o centro das súas preocupacións, porque no caso de o ser estarían preparados meses despois para recibilos da mellor maneira posible en base aos principios de solidariedade e humanidade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Vai reconsiderar a Xunta de Galiza a súa negativa ao proceso de acollemento de menores non acompañados derivado da modificación polo RD Lei 2/2025 da Lei Orgánica 4/2000?



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 18:13:22
Nº Rexistro: 22144
Data envio: 20/03/2025 18:13:22.114

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Considera a Xunta que negarse a acoller aos menores non acompañados derivados do reparto entre as distintas rexións do Estado Español é un comportamento solidario e responsable con estes nenos, nenas e adolescentes desprotexidos?

3. Cantos menores estranxeiros non acompañados se atopan no sistema de protección galego?

4. Aportará, e solicitará, a Xunta de Galiza os recursos necesarios para dotar de infraestruturas e persoal os centros de protección de menores habilitando as prazas precisas para o correcto acollemento e atención que precisan os menores estranxeiros que chegarán ao noso país durante o 2025?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**
**Olalla Rodil Fernández**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2025 18:11:31**

**Ariadna Fernández González na data 20/03/2025 18:11:34**



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 18:13:42
Nº Rexistro: 22148
Data envio: 20/03/2025 18:13:42.004

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a valoración por parte do goberno galego dos resultados do spa e centro de viñoterapia que financiou e impulsou no Mosteiro de San Clodio en Leiro (Ourense).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nove meses despois de que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista preguntara en Comisión parlamentaria sobre a situación de parálise do spa e centro de viñoterapia no Mosteiro de San Clodio en Leiro (Ourense) a situación continúa practicamente da mesma maneira sen que a Xunta de Galiza actúe con celeridade e contundencia.

Cómpre recordar que or resolución do 18 de xuño de 2013, a Axencia de Turimo de Galiza facía pública a formalización do contrato de servizos de redacción do proxecto básico e de execución de rehabilitación e acondicionamento para spa e centro de viñoterapia da nave lateral do citado mosteiro.

Posteriormente licitábanse as obras de rehabilitación e acondicionamento por valor de 1.203.669,17 euros e acababa por formalizarse contrato en decembro con Copasa por 994.767,91€. Máis adiante, en marzo de 2018 publicábase no Diario Oficial de Galiza a licitación para a súa xestión e, meses despois, en xullo de 2018, publicábase a resolución do 3 de xullo pola que se anuncia a formalización do contrato relativo á xestión de servizo público, en réxime de concesión, para a explotación de forma integral



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 18:13:42
Nº Rexistro: 22148
Data envio: 20/03/2025 18:13:42.004

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do spa viñoterapia anexo ao mosteiro de Leiro cun valor estimado do contrato: 1.873.452,00€ sendo adxudicataria a empresa Hotel San Clodio, S.L..

Malia as desculpas referentes á mellora dos servizos e reparación de avarías, este recurso no que se investiron importantes recursos públicos non está a dar os resultados agardados e presuntamente o prazo de concesión era até finais de 2024.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que fixo ou vai facer o goberno galego ante a finalización e fracaso da concesión do spa e centro de viñoterapia no Mosteiro de San Clodio?

Cal é a valoración por parte do goberno galego do inexistente resultado en función do forte investimento público?

Que actuacións legais emprendeu ou vai emprender contra a concesionaria polos incumprimentos?

Coñece a Xunta en que períodos abriu ao longo dos últimos anos? E cantas horas? Que actuacións impulsou para verificar o cumprimento do acordado?

Foi comunicado algún peche á Axencia de Turismo de Galiza? Cantos, en que datas, de canto tempo e con que xustificación?

Considera o goberno galego que se cumprindo as encomendas en materia de promoción termal e turística da zona?

Coñece a Xunta de Galiza cantas persoas usuarias visitaron e usaron as instalacións, por ano, desde a súa apertura?



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 18:13:42
Nº Rexistro: 22148
Data envio: 20/03/2025 18:13:42.004

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Presentou a empresa en tempo e forma cada unha das Memorias Anuais da actividade e e xestión?

Experimentou o canon da concesionaria algunha modificación? Cales, se as houber, e con que xustificación?

Cantas veces e en que datas requiriu a Xunta de Galiza información á empresa sobre o spa para asegurar a calidade das e dos usuarios?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2025 18:09:31**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**SOLICITUD DE INVESTIGACION DIMANANTE DE LA IDENTIFICACION DE IRREGULARIDADES EN LA GESTIÓN DEL LLAMADO "PUNTO LARANXA"**

**PREGUNTAS DE INICIATIVA POPULAR**

Martín Álvarez, con DNI , EXPONE:

-Desde la DIRECCION XERAL DE FUNCION PUBLICA, a la lectura de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia queda sujeto al régimen disciplinario, ¿s está dando cobertura a ilícitos protagonizados por DOÑA JUDIT FERNANDEZ NOVOA?

-La resolución de acceso a información publica en referencia con la gestión de PUNTO LARANXA, ¿refueza el relato de cómo se hace una mala gestión de dinero publico en materia de convivencia educativa?

-Repercute la actividad de DOÑA JUDIT FERNANDEZ NOVOA en el PARTIDO POPULAR DE OURENSE?

-¿Qué criterios rigen para mantener en el tiempo como DIRECTORA XERAL a DOÑA JUDIT FERNANDEZ NOVOA?

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 22/03/2025 12:36:16

**PRIMERO**

LOS ULTIMOS TÍTERES QUE SACARON A LAS CALES OURENSANAS problemas de "convivencia" en las AULAS EDUCATIVAS, siuando "conflictos" en el IES AS LAGOAS DE OURENSE entre "padres-profesores-alumnado" repitiendo ello en FUNCIONARIOS DE LA POLICIA NACIONAL con destino en la COMISARIA DE OURENSE, justifican nuevamente exigir "supervisar" la actividad de la ADMINISTRACION EDUCATIVA.

Con anterioridad, se había detecto "irregularidades" en la gestión de partidas, exponiendo -el uso de autónomos- para justificar partidas.

Neste sentido, estamos a desenvolver un labor que comeza *dentro* de Galicia, favorecendo as oportunidades laborais dos demandantes activos de emprego, como mencionamos, apoiándonos na potenciación do Servizo Público de Emprego de Galicia coa aplicación da intelixencia artificial a través da ferramenta EMi, por medio do programa de seguimento intensivo da demanda e o compromiso de actividade, incluso coa formación en materia de reciclaxe profesional e recapacitación de traballadores ocupados motivando accións á carta nas empresas e os clústeres, ou coas medidas específicas para facilitar a entrada no mercado laboral de colectivos que son prioritarios, como é o caso das persoas mozas (de feito, neste 2025 poremos en marcha a Estratexia Mocidade Activa, que contará, só por parte do noso departamento, con ata 20 millóns de euros de orzamento).

Pero tal e como sinala a propia Unión Europea, os esforzos para atender a actual demanda de traballadores teñen que ir máis aló das fronteiras de cada mercado laboral. É por iso, que o noso labor debe estenderse *fóra* da nosa comunidade. Nesta liña, Galicia é unha comunidade pioneira coa Estratexia Galicia Retorna, ao abeiro da que se ten lanzado unha nova edición do Retorna Cualifica Emprego, que se complementa neste 2025 con outras medidas novidosas.

Atender as demandas de man de obra favorecendo as sinerxías con respecto ao retorno da colectividade galega do exterior é unha das nosas apostas máis ambiciosas, pero tamén un dos nosos compromisos inquebrantables. Falamos de emigrantes galegos e descendentes destes que noutrora buscaron oportunidades fóra da súa terra e aos que tanto lles debemos. Hoxe Galicia é unha terra de oportunidades á que poden regresar para sumar o seu talento e capacidades ao

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

noso mercado laboral, contribuíndo a cubrir vacantes e tamén a afrontar o propio reto demográfico a través deste retorno a Galicia por medio dos seus devanceiros.

Neste contexto, temos en marcha a Estratexia Galicia Retorna, dotada con 450 millóns de euros para favorecer a volta de 30.000 persoas deica 2026, ofrecéndolle contratacións en orixe e impulsado a súa inserción laboral a través do programa Retorna Cualifica Emprego. Só nesta anualidade prevemos atraer uns 200 galegos da diáspora menores de 55 anos por medio dun orzamento de 2,3 millóns de euros –medio millón máis que o presupostado na experiencia piloto–. Con esta convocatoria, búscase acadar resultados pegamos á realidade de cada territorio detectando as empresas que demanden man de obra e cunha atención integral que facilite a toma de decisión tanto ao tecido produtivo interesado en poder cubrir as súas vacantes como ás persoas con vontade de aceptar esas ofertas laborais. Así, nesta segunda edición, faise especial fincapé na selección das persoas candidatas que respondan aos perfís concretos que require cada empresa interesada, sen esquecer cuestións fundamentais para os beneficiarios finais como o asesoramento e apoio de cara a atopar vivendas nas que establecerse coas súas familias.

Deste xeito, a detección de postos de traballo que no estean a ser cubertos pola poboación residente en Galicia en base ás necesidades que así manifesten as empresas interesadas en cubrir esas vacantes, así como a oferta destes postos de traballo a residentes no exterior con afán por retornar, permitirá encaixar oferta e demanda. Unha vez se teña realizado este encaixe, elaboraranse plans personalizados de cualificación e empregabilidade, incluíndo os recursos de formación necesarios que poidan ser de interese para complementar a capacitación profesional que precisen os postos de traballo que se van a ocupar. Así mesmo, contémplase a formalización dos correspondentes contratos indefinidos en Galicia.

Neste senso, cómpre destacar as novas axudas que se incorporan ao Retorna Cualifica Emprego para facilitar aos galegos que volven o acceso a un aluguer, así como a nova orde que se publicará en 2025, como complemento a este programa, para promover a rehabilitación de vivendas á súa disposición. Trátanse de axudas dun máximo de tres meses para arrendar inmoble e, por outro lado, a cobertura dos gastos asociados a ese alugueiro como a constitución de fianzas e as altas nas subministracións de luz, auga ou teléfono. Asemade, nesta anualidade sairá publicada unha nova orde bianual cun orzamento duns 2 millóns de euros destinada a que as empresas poidan rehabilitar vivendas co gallo de poñelas logo á disposición dos traballadores galegos retornados.

Así e todo, complementamos estas medidas con outras iniciativas de importante calado, como é o caso das Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (coñecidas como BEME), que se volven convocar este ano cun orzamento de 2,55 millóns de euros. Falamos de ata 250 bolsas destinadas a aqueles descendentes de galegos de alta cualificación que queiran completar os seus estudos en Galicia, adquirindo unha especialización académica de mestrado nunha das tres universidades públicas galegas, co fin último de continuar atraendo talento á nosa comunidade.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O éxito deste medida demóstrase a través dos datos, con arredor dun 80% de persoas beneficiarias das BEME que quedan a vivir e a traballar en Galicia (segundo enquisas realizadas aos propios beneficiarios).

Asemade, tamén cómpre facer constar a convocatoria das achegas extraordinarias ao retorno, cuxo obxecto é facer fronte a aquelas causas sobrevivas derivadas do seu regreso, que acada os 2,3 millóns de euros neste 2025. Para favorecer o devandito retorno, tamén desde o momento no que se decide retornar, desde a orixe ao destino. Nesta orde de cousas, neste 2025 tamén ampliamos as axudas para o fomento do autoemprego e a actividade emprendedora dos emigrantes retornados, cuxa convocatoria está dotada con 1 millón de euros (unha iniciativa que está a ter un impacto económico de preto de 35 millóns de euros na nosa comunidade).

Ademais de motivar a captación de talento da colectividade galega no exterior, tamén traballamos para fomentar esta atracción respecto do talento estranxeiro (iso si, dando prioridade a América Latina polo seu importante arraigo á nosa terra). Así, velamos por favorecer, neste proceso, unha inserción de xeito ordenado, con contratacións en orixe e en base á capacitación para un emprego de calidade.

Por suposto, percorreremos este camiño ao carón dos sectores e, máis en particular, das empresas, que son as que realmente poden identificar dun xeito preciso a necesidade de man de obra e, ademais, as barreiras para acceder a esta, sobre todo, sendo estranxeira, como adiantabamos. Por esta mesma razón, continuamos promovendo tamén a regularización das persoas estranxeiras que non contan cos permisos de residencia a través da súa integración ordenada, axudándonos tamén das microcredenciais, como avanzabamos anteriormente. Así, non só estamos a avogar por unha forza de traballo dinámica e inclusiva, en disposición de impulsar a empregabilidade das persoas residentes en Galicia; tamén estamos comprometidos coa atracción de talento foráneo para sumar novas capacidades ao tecido produtivo, afrontar o reto demográfico e aumentar a nosa competitividade.

Impulsar a empregabilidade real das persoas demandantes –sexa cal sexa a súa situación e orixe– (así como tamén daquelas ocupadas que queiran mellorar a súa situación) é un reto que asumimos a través da nosa aposta pola formación flexible e, máis concretamente, polas microformacións (tamén coñecidas como microcredenciais), non incluídas no Real Decreto por parte do Goberno central.

A formación inicial segue sendo un aspecto fundamental no desenvolvemento das capacidades das persoas; non obstante, hoxe existe un amplo consenso en que deben considerarse só o comezo dunha vida enteira de aprendizaxe constante. É por iso, xustamente, que o principio da aprendizaxe permanente é xa un elemento central en todas as políticas de formación actuais –e non ía ser menos nas políticas da Xunta–. É por este motivo que estamos facendo un esforzo sen precedentes para flexibilizar a formación para o emprego, rachando coa rixidez e apostando polas microformacións como unha ferramenta estratéxica fundamental, co fin de ser máis

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

áxiles e afinar con destreza na oferta formativa, sempre de xeito aliñado coas competencias que está demandando o tecido produtivo. Neste sentido, e nunha estratexia absolutamente transversal, apostamos pola estreita colaboración cos diferentes sectores, coa idea de poder adaptarnos ao máximo ás devanditas competencias que piden. Así, adaptamos os modelos de formación no ámbito do emprego ás necesidades derivadas deste novo contexto global; unha recomendación, ademais, do *Consejo Europeo*.

Así traballamos para flexibilizar a formación para o emprego, buscando potenciar as competencias e habilidades dos traballadores que máis demandan as empresas. O catálogo de certificados de profesionalidade é demasiado ríxido e, ás veces, non se adapta ás necesidades destas, por iso, afondamos en potenciar as microcredenciais e as formacións de curta duración, tamén coa financiación das empresas que contraten ás persoas para que se involucren na impartición de formacións directas, mellorando adicionalmente o seu funcionamento e por medio dunha maior difusión entre o tecido produtivo das liñas de axuda dispoñibles.

Outras das actuacións que se levan a cabo para casar oferta e demanda é a *Axenda Galega de Capacidades para o Emprego*. Esta axenda é unha estratexia da Xunta de Galicia articulada a través dun gran pacto social en Galicia que sitúa as capacidades das persoas no centro da axenda política, mobilizando os recursos públicos e privados para crear e manter unha contorna de aprendizaxe permanente, que permita ás persoas avanzar no desenvolvemento das súas capacidades e, ás empresas, dispor das ferramentas que precisan para o seu crecemento e mellora da competitividade. Esta estratexia conta con dous elementos fundamentais nos que radica o óptimo desenvolvemento: apostar polas capacidades das persoas e impulsar a colaboración público-privada.

Actualmente, está en fase de tramitación un proxecto de acordo para a contratación mediante un Acordo Marco dun servizo por lotes para a impartición de accións formativas dos graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional, mediante a creación dunha rede de centros asociados. Esta rede de centros permitirá ofrecer unha oferta formativa desestacionalizada, ligada ás necesidades das persoas desempregadas e do tecido produtivo. Neste senso, cómpre salientar que Galicia será a primeira comunidade autónoma que establecerá unha rede de centros especializada en impartir formación en determinadas familias ou áreas profesionais.

Este modelo de accións formativas de curta duración tamén son a vía empregada para os programas de arraigo para a formación, que se veñen realizando desde 2023 con entidades do terceiro sector. Neste 2025, seguimos dándolle continuidade a estes convenios, aproveitando a canle aberta pola necesidade de actualizar e mellorar a actual normativa migratoria vinculada ao ámbito laboral. Neste contexto, está claro que entre as demandas dun mercado laboral carente de man de obra e a existencia de persoas en situación irregular que desexen traballar, atópase unha oportunidade que debemos aproveitar, incluso na circunstancia actual ao abeiro da actualización da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades das persoas

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 12:43:38
Nº Rexistro: 21868
Data envio: 17/03/2025 12:43:38.233

estranxeiras en España e a súa integración social, na cal non se tivo en conta esta figura, habendo dous anos da súa activación no noso país e sendo un enfoque impulsado desde a propia Unión Europea.

Neste respecto, desde a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración fixemos constar en diversas ocasións a nosa aposta pola integración das persoas migrantes facilitando a súa inserción laboral dun modo regular e ordenado e da man das empresas, mantendo unha posición de rexeitamento da aprobación da devandita reforma sen ter incorporado, alomenos, algunha das alegacións presentadas ao abeiro da mesma desde a nosa comunidade. Así, incidimos nesta aposta en base a capacitación destas persoas para un emprego de calidade que, ao mesmo tempo, permita cubrir as vacantes existentes no mercado laboral.

Por iso, continuamos, como dixemos, apostando polos convenios de colaboración neste ámbito. Actualmente, mantemos convenios con Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas Diocesana de Lugo, Federación de Escolas Agrarias en Galicia (EFA Galicia) e, por último, pero non menos importante, coa ONG Rescate Internacional. Así, prevemos beneficiar, cun investimento de máis de 1,17 millóns de euros, un total de 180 persoas nesta segunda fase deste proxecto pioneiro, co compromiso de inserción por parte das entidades asinantes de, cando menos, 126 delas.

No 2024, das máis de 100 persoas que participaron nesta iniciativa, máis do 70% conseguiron un traballo indefinido trala realización de preto de 60 formacións. O obxectivo continúa a ser que estas persoas poidan ter unha integración sociolaboral e a regularización da súa situación, ao tempo que se contribúa tamén a facer fronte á escaseza de man de obra.

O Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) está a experimentar, nos últimos anos, unha profunda transformación e modernización centrada na atención directa ás persoas demandantes de emprego, especialmente coa pasta en marcha das seguintes medidas:

- A creación na relación de postos de traballo da anterior Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de 136 postos de orientación e prospección laboral.
- A instauración do distrito único autonómico, para que todos os galegos e galegas poidan acudir e realizar os seus trámites en calquera das 54 oficinas de Galicia, tanto as persoas demandantes de emprego como as persoas empregadoras.
- A incorporación de ferramentas tecnolóxicas baseadas na intelixencia artificial e o desenvolvemento de servizos web.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Goberno galego segue avanzando nunha estratexia de modernización a través de:

- Renovación das Oficinas de Emprego. Continuamos investindo en equipamento, realizando obras e adquirindo novas infraestruturas, cun total de 1,7 millóns de euros.
- Seguimos investindo 1,3 millóns de euros para a última anualidade do contrato de elaboración da ferramenta informática que permite aplicar a intelixencia artificial e a aprendizaxe automática á xestión das políticas activas de emprego.
- Investimos 5,5 millóns de euros do servizo de orientación laboral e prospección empresarial.

Así mesmo, tamén temos visto e comprobado na práctica realidade o éxito que estas microformacións posúen a través de distintos convenios de colaboración asinados con entidades de Galicia de diversos sectores (desde as TIC ao naval, pasando pola construción, o sector audiovisual ou o clúster alimentario, entre outros). E, de facto, a comezos deste ano asinamos nove novos convenios por valor de case que 7,5 millóns de euros, un presuposto que é froito dos fondos adicionais do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, que percibimos grazas á boa execución neste eido.

Con esta nova edición, xunto con estes nove convenios xa en activo, falamos de máis de 24,6 millóns de euros investidos na formación para o emprego impartida ao abeiro destes acordos, feito que se traduce en máis de 2.800 accións formativas realizadas e preto de 34.000 persoas cun certificado de profesionalidade grazas a súa participación nas formacións (dun total de 40.760 participantes). Nesta anualidade, levaremos a cabo outras 543 accións, cuxa previsión é favorecer un número superior de 17.100 persoas. Asemade, motivando actuacións que favorezan a reciclaxe profesional e a formación en novas habilidades.

Tamén cómpre facer mención da segunda convocatoria propiamente dita de microformacións a demanda (a primeira foi publicada en agosto de 2024) para atender as necesidades específicas das empresas galegas, que contará nesta nova edición cun orzamento doutros 4 millóns de euros. Tampouco debemos esquecer os Bonos Talento Empresa, cuxa segunda convocatoria comporta un orzamento de 2 millóns de euros para apoiar a formación de curta de persoas ocupadas por conta allea (téndose ampliado no 2024 a medianas e grandes empresas co fin último de chegar a máis persoas traballadoras que poidan beneficiarse da iniciativa). En adición, tamén é preciso destacar a terceira convocatoria das axudas para o financiamento de accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas dotadas cun importe de 8 millóns de euros, destinadas á cualificación profesional de persoas traballadoras desempregadas e orientadas á adquisición e mellora das competencias profesionais necesarias para o desempeño dos postos de traballo obxecto da contratación.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estamos a facer un esforzo por facer fronte aos desafíos do mercado laboral por medio da colaboración, como é o caso do Diálogo Social de Galicia, cuxa pretensión é institucionalizarse por medio dun decreto que regule a súa composición e funcionamento permanente.

Para rematar, cómpre lembrar que o orzamento inicial da anterior Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no ano 2023, ascendía a 431.572.106 euros, cantidade que se incrementou ao longo do exercicio ata os 594.238.195,09 euros de crédito vixente executable ao final do exercicio, máis do 30% sobre o inicial. Aínda así, o importe dos compromisos de gasto a 31 de decembro, ascendeu a 534.840.000,24 euros, o que supón unha execución do 90% sobre o crédito vixente".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 12:43:38
Nº Rexistro: 21868
Data envio: 17/03/2025 12:43:38.233

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 12:43:37**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 9919**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a situación laboral da muller en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal recoñecido en diversos textos internacionais sobre dereitos humanos, entre os que destaca a *Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller*, aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas en decembro de 1979 e ratificada por España en 1983. Este principio garante que todas as persoas, independentemente do seu sexo, teñen os mesmos dereitos, oportunidades e responsabilidades ou deberes fronte ao Estado e a sociedade no seu conxunto.

Aínda que actualmente a igualdade está recoñecida desde un punto de vista formal, é dicir, no ámbito xurídico, de tal forma que as leis ofrecen un tratamento igual a homes e mulleres, isto non significa que exista unha igualdade real. Tal e como recollía a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o pleno recoñecemento da igualdade formal ante a lei, aínda comportando, sen dúbida, un paso decisivo, resultou ser insuficiente. A discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a aínda escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar mostran como a igualdade plena, efectiva, entre mulleres e homes, é aínda hoxe unha tarefa pendente, polo que é necesario abordar un cambio máis profundo nos nosos valores e ideas que provocan que se manteñan as desigualdades.

Neste sentido, o primeiro paso é recoñecer esta situación para poder poñer en marcha os mecanismos necesarios para acadar unha igualdade real, traballando por ela a todos os niveis, xa que, cada persoa, entidade e organización, ten a posibilidade de combater todas as manifestacións aínda subsistentes de discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo e de promover a igualdade real entre homes e mulleres, eliminando os obstáculos e estereotipos sociais que impiden acadala. Esta responsabilidade é asumida, desde a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en relación coa competencia en materia laboral, pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais. Ao respecto, desde a Xunta de Galicia abordamos este desafío cunha estratexia transversal, porque aspiramos á consecución da devandita igualdade en todos os ámbitos da sociedade galega.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/03/2025 23:11:49

Se ben a situación que enfronta Galicia é lixeiramente favorable respecto do resto de España, debemos continuar avanzando a través da igualdade verdadeiramente efectiva. Así e todo, falamos dun escenario máis optimista posto que, fixándonos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 4.º trimestre de 2024, a taxa de actividade de entre 16 a 64 anos de idade reflicte que, mentres en Galicia traballan un 71,92% das mulleres, en España fano un 71,38%, porcentaxe lixeiramente por debaixo da nosa comunidade. Asemade, mentres que a taxa de paro se sitúa nun 9,81% das mulleres en Galicia, en España sitúase nun 11,83%, bastante por enriba. E, adicionalmente, se consultamos a taxa de ocupación de entre 16 a 64, mentres na nosa comunidade se atopan ocupadas un 64,73% de mulleres, en España estano nun 62,91%, preto de dous puntos por debaixo. A través destes datos, como se comentaba con anterioridade, é factible bosquexar unha situación algo máis favorable para as mulleres residentes na nosa comunidade en comparación co resto de España.

Ademais, a cifra de mulleres desempregadas foi a máis baixa nun mes de xaneiro desde que hai rexistros (2005), cunha redución de -7,74% (70.083 mulleres). Un dato que se deriva do actual escenario do noso mercado laboral, que continúa avanzando e acumula unha caída interanual do paro, acadando con 121.320 persoas a cifra de paro máis baixa de toda a serie histórica tamén nun mes de xaneiro (1996). Así e todo, seguimos comprometidos tanto co mercado laboral en xeral, traballando en políticas activas de emprego eficaces para continuar xerando máis e mellor emprego de calidade, como coa igualdade entre homes e mulleres neste ámbito.

Certamente, e transcendendo á nosa comunidade, os estereotipos e os roles de xénero son a base da desigualdade laboral, e teñen como consecuencia que homes e mulleres non poidamos participar nas mesmas áreas da sociedade e non desempeñemos as mesmas tarefas. Debido a eles e á división sexual do traballo, as mulleres teñen maior responsabilidade que os homes no coidado e crianza das/os fillas/os e nas ocupacións domésticas, mentres que os homes dedícanse máis ás tarefas extra domésticas, que comprenden desde o ámbito económico e político ata o relixioso e o cultural. O traballo é considerado un concepto exclusivo do campo da produción económico e o traballo reprodutivo, por tanto, non goza socialmente da consideración de traballo e non ten valor económico. As tarefas realizadas no fogar, xeralmente levadas a cabo polas mulleres (e dedicando moitas horas á súa realización) non son consideradas como traballo, a pesar de que cobren e satisfán moitas necesidades. Esta circunstancia inflúe notablemente na proporción do mercado laboral e, sobre todo, no nivel de oportunidades que dentro do mesmo se ofrece ás mulleres (dificultades de acceso ao mercado de traballo, paralización da súa promoción profesional, dificultades de acceso a determinados postos de responsabilidades e toma de decisións, condicións laborais menos favorables, etc.).

Nos últimos anos, producíronse moitos cambios lexislativos, políticos, sociais e laborais, que se producen concretamente no mercado laboral, para esixir ás empresas novas formas de xestión que garantan a súa competitividade, calidade e supervivencia integrando o *principio de igualdade* nas mesmas. Asemade, a

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desigualdade laboral fai necesario definir as estratexias necesarias para propiciar que as mulleres desenvolvan un papel máis activo en todos os ámbitos: público, económico e social.

E estas estratexias requiren da implicación directa do conxunto do tecido social, dado que en moitas ocasións, estes obstáculos e barreiras teñen a súa orixe na propia mentalidade, idiosincrasia e estereotipos perpetuados nas persoas que lideran as organizacións empresariais e que se traducen, en última instancia, na persistencia de situacións de desigualdade e de discriminacións. Por tanto, a responsabilidade do tecido empresarial, como parte fundamental da economía e tamén da sociedade, é determinante para conseguir un cambio social contundente e atender ás novas esixencias sociais que implican a asunción e incorporación do principio de igualdade de oportunidades ás políticas empresariais e laborais.

Rematando por incluír datos en relación coa fenda salarial en Galicia, cómpre sinalar que, en 2022, o salario medio anual das mulleres na nosa comunidade foi de 21.912,75 euros, mentres que o dos homes de 26.626,89 euros. A fenda retributiva é do 17,70%. Neste sentido, atopámonos entre as comunidades autónomas coa fenda salarial máis baixa, ocupando a novena posición (detrás de Illas Baleares e Canarias, que non superan os 10 puntos de diferencia; Estremadura, con 10,94 puntos; País Vasco, cun 18,54%; Andalucía e Comunidade Valenciana, cun 17,03 e 17,05% respectivamente; Castela-A Mancha, cun 17,44%; e Madrid, cun 17,56%). A comunidade autónoma que rexistra unha maior diferencia no que respecta aos salarios entre ambos sexos é a Rexión de Murcia. Así mesmo, se facemos retrospectiva e nos fixamos no ano 2013, a fenda retributiva era do 23,37%. Isto quere dicir que, nos últimos 10 anos, reduciuse 5,67 puntos porcentuais. Cifras que dan conta de que as políticas en igualdade laboral e, en particular, orientadas á redución desta diferenza de salarios entre homes e mulleres, funcionan.

Entre as razóns que explican esta diferencia, atópase nun 67% a segregación ocupacional, é dicir, un 67% da poboación asalariada de sectores con baixa remuneración son mulleres (educación, servizos sociais, actividades sanitarias). Asemade, no 2023 en Galicia o 87% das excedencias por coidado de familiares solicitadas foron mulleres, que se derivan na interrupción das carreiras profesionais. Un 76% dos contratos de xornada parcial na nosa comunidade son de mulleres, feito que tamén favorece a percepción de salarios máis baixos; e, por último, só un 36% dos postos de dirección e xerencia das empresas galegas están ocupados por mulleres, polo que se dá un desequilibrio en postos de responsabilidade que, desde a Administración galega se tenta arranxar por medio de medidas como as axudas para incentivar a contratación de mulleres en ocupacións que estean tradicionalmente masculinizadas (como se expoñía anteriormente).

A fenda retributiva é un fenómeno común en todo o mundo. Esta presente en todos os países e todas as economías. A diferencia salarial entre mulleres e homes pode incrementarse cando concorren simultaneamente outras circunstancias como a



CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

idade, a raza ou a discapacidade. Ademais, tense constancia de que se agudiza no caso das pensións (no 2023, en Galicia este indicador alcanzou un valor do 24,08%).

Segundo os últimos datos de paro rexistrados do SEPE, a cifra de mulleres desempregadas foi a máis baixa nun mes de febreiro desde que hai rexistro (2005), cunha redución dun -7,35% con respecto a hai un ano (70.067 mulleres paradas en febreiro de 2025). Ademais, mentres a taxa de paro se sitúa nun 9,81% en Galicia, en España sitúase nun 11,83%.

Atendendo á Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 4.º trimestre, a taxa de actividade de entre 16 e 64 anos de idade reflicte que mentres que en Galicia son activas un 71,92% das mulleres, en España son o 71,38%, porcentaxe lixeiramente por debaixo. No conxunto do Estado, a diferenza entre taxa de actividade masculina e feminina é de 8,3 puntos a favor dos homes; en Galicia esta diferenza é moito menor, concretamente de 4,5 puntos.

A taxa de ocupación de entre 16 e 64 reflicte que na nosa comunidade están ocupadas un 64,73% das mulleres, mentres que en España estano un 62,91%, preto de dous puntos por debaixo. No conxunto do Estado, a diferenza entre taxa de ocupación masculina e feminina é de 9,2 puntos a favor dos homes; en Galicia a fenda é moito menor, concretamente de 5,9 puntos.

Cos datos publicados polo *Instituto Nacional de Estatística* (INE, 2022), atopámonos entre as comunidades autónomas coa fenda salarial máis baixa. Así mesmo, se facemos retrospectiva e nos fixamos no ano 2013, a fenda retributiva era do 23,37%. Isto quere dicir que, nos últimos 12 anos, reduciuse 5,67 puntos porcentuais. Cifras que dan conta de que as políticas en igualdade laboral e, en particular, orientadas á redución desta diferenza de salarios entre homes e mulleres, funcionan.

Ademais, se nos fixamos nos últimos datos publicados pola Axencia Tributaria (2023) (aos que se fan referencia), corrobórase este feito, posto que Galicia presenta en 2023 a menor fenda salarial de xénero de toda a serie histórica. Segundo estes datos, os salarios medios anuais para os homes foron de 25.527 euros fronte aos 20.840 euros que ingresaron as mulleres; partindo desta estatística os datos amosan unha fenda salarial do 18,36% a prol dos homes, mentres que en España esta fenda acada o 19,30%.

Ao longo de toda a serie histórica, a fenda salarial galega sempre se situou por debaixo da española; en 2023, é de 0,93 puntos menos. En calquera caso, a información que ofrece a Axencia Tributaria permítenos constatar que a desviación salarial por xénero para 2023 é a menos rexistrada desde 1999. De feito, no ano de inicio da crise económica (2008), a desviación salarial era do 25,47%, pero no 2004 chegou a acadar unha fenda do 27,41%.

Desde 2017, as mulleres traballadoras aumentaron en Galicia nun 12% e as mulleres paradas de longa duración diminuíron nun 31%. Ademais, desde 2022, a desigualdade na base media de cotización social na nosa comunidade reduciuse nun 3% en favor

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

das mulleres aumentando en 2.011 euros anuais), acercándose estas á base de cotización media masculina. Asemade, desde principios de século logramos duplicar o salario que perciben as mulleres de media. No ano 2023 crecen máis os salarios nas mulleres (5,97%) que nos homes (5,55%). O incremento porcentual feminino, de case seis puntos, é o maior rexistrado desde 2009.

Finalmente e no eido das mulleres autónomas, pódense destacar as seguintes cifras:

- A cifra de mulleres autónomas en Galicia ascende a 83.609 en febreiro de 2025.
- Neste mesmo mes, as mulleres representaron o 40,86% do emprego autónomo en Galicia, fronte ao 59,14% dos homes. No conxunto do Estado, as mulleres autónomas representaron o 36,95% e, os homes, o 63,05% (os datos de autónomos fan referencia ás estatísticas da Tesourería Xeral da Seguridade Social).
- Segundo os datos reflectidos no 4.º trimestre da EPA, as mulleres galegas ocupaban o 33,74% do total de postos de dirección e xerencia da nosa Comunidade. No conxunto do Estado, as mulleres en postos de dirección e xerencia representan o 35,14%.

Ademais, contamos con diversas iniciativas en materia de igualdade laboral, como as axudas destinada á creación e/ou funcionamento de gabinetes técnicos e contra a fenda salarial (400.000 euros); axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE) no tecido producido galego, a través de tres liñas: fomentar a elaboración e posta en marcha de plans de igualdade (200.000 euros), implantación de medidas de conciliación, teletraballo e flexibilidade horaria (1,1 millóns de euros) e unha terceira para que as empresas poidan optar a certificacións en materia de RSE que recoñezan as súas boas prácticas (financiado o 80% dos custos do proceso de certificación e/ou verificación ata un máximo de 2.000 euros por entidade).

Inclúense achegas destinadas á adquisición de elementos tecnolóxicos que posibiliten a implantación efectiva do traballo a distancia, coas que se financiará o 80% do investimento co tope de 1.500 euros por persoa empregada beneficiaria e co límite máximo por empresa situado nos 20.000 euros.

No ámbito da formación en materia de igualdade laboral, cómpre aludir á plataforma virtual *Igual Campus*, unha ferramenta formativa especializada en igualdade de xénero, dotado con 160.000 euros.

Nesta dirección, seguiremos avanzando co noso Campus Formativos en Igualdade Laboral, unha plataforma *online* centrada na divulgación e formación no eido da igualdade efectiva entre homes e mulleres no ámbito laboral, cuxo obxectivo é acadar as 120 accións formativas realizadas deixa xuño deste ano.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 21915
Data envio: 17/03/2025 23:11:52.918

Asemade, tamén avanzamos por medio da 3.ª edición do programa Ti elixes, iniciativa que favorece unha conciencia libre de estereotipos de xénero e de prexuízos respecto das profesións. Trátase dunha medida conxunta coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Estas medidas, xunto con outras postas en marcha en consideración da necesidade de contrarrestar a fenda salarial na nosa comunidade, contan cun orzamento de 600.000 euros en beneficio directo dos sindicatos galegos a través da materialización de accións formativas.

Finalmente, subliñar que desde a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tense feito un importante esforzo nesta anualidade coa publicación dun paquete único de axudas específicas para autónomos/as, cuxo presuposto ascende a máis de 40 millóns de euros, ademais de destinar máis de 32 millóns de euros ao ámbito do emprendemento por numerosas vías.

Non obstante, o pasado ano 2024, púxose en marcha unha orde de axudas para o impulso da contratación de mulleres en sectores masculinizados, cun investimento de preto de 1,7 millóns de euros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 21915
Data envio: 17/03/2025 23:11:52.918

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 23:11:52

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 11:30:39
Nº Rexistro: 21851
Data envio: 17/03/2025 11:30:39.173
Data 17/03/2025 11:30

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 8808**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a disposición que manifesta a Xunta de Galicia ante a proposta de realizar un programa informativo, en todos os medios posibles e formatos, nos que se inclúa a información nos centros de saúde sobre os efectos nocivos que poden ter as dietas detox para a saúde"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"É fundamental que calquera intervención en materia de saúde pública se basee na evidencia científica e poder contar coa colaboración de profesionais sanitarios, garantindo así a eficacia e rigor das accións empregadas.

É por isto que, para a realización de programas específicos como o referido na iniciativa, sobre os efectos nocivos das dietas detox para a saúde, é precisa a intervención coordinada a través do Ministerio de Sanidade, e mediante as ferramentas de traballo interdisciplinares xeradas a tal fin. Estes grupos de traballo, formados por especialistas de todas as comunidades autónomas, permite a participación na análise profunda e común para a xeración de criterios consensuados que contrarresten e/ou erradiquen este tipo de campañas de desinformación, as cales non só teñen un alcance local, senón que son de ámbito nacional e mundial.

Neste ámbito desde a Xunta véñense desenvolvendo distintas accións no marco de iniciativas como o Plan Obesidade Zero que establecen, entre outros, a "capacitación na toma de decisións máis saudables", co fin de formar e informar á poboación sobre este tipo de cuestións, poñendo en marcha proxectos específicos a través dos Plans Proxecta de Innovación Educativa, as redes locais de saúde ou as campañas de comunicación e información continuadas que se levan a cabo a través da páxina web, as redes sociais e as ferramentas tecnolóxicas desenvolvidas dentro do Plan".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/03/2025 11:30:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 11:30:39
Nº Rexistro: 21851
Data envio: 17/03/2025 11:30:39.173

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 11:30:38**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 8885**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o traslado da ambulancia medicalizada do Hospital do Salnés ao Centro de Saúde de Baltar, no concello de Sanxenxo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A atención sanitaria sempre estivo garantida en Vilagarcía e en toda a comarca do Salnés, porque desde e Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia 061 se reforzou a cobertura na comarca coa dotación dunha ambulancia asistencial de soporte vital básico con base no Concello de Vilagarcía.

O cambio de localización da ambulancia medicalizada, como vén sendo habitual por razóns asistenciais, foi temporal (do 1 de xullo ao 31 de agosto) e ese cambio realízase sobre a base dos estudos realizados pola Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia 061.

O Concello de Vilagarcía contou cunha ambulancia de soporte vital básico a maiores, no horario diúrno durante os meses de xullo e agosto.

Desde o 1 de setembro, como estaba previsto, a ambulancia medicalizada volve operar dende a base en Vilagarcía. Ademais esa base da ambulancia conta con instalacións renovadas, grazas á ampliación e adecuación de espazos que se levou a cabo cun investimento autonómico de 155.000 euros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/03/2025 11:30:24

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 11:30:27**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 11:44:23
Nº Rexistro: 21854
Data envío: 17/03/2025 11:44:23.101
Data 17/03/2025 11:44

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 8956**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a situación da atención hospitalaria pública no verán de 2024 e as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa planificación cara ao vindeiro ano"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A resposta a esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Sanidade en resposta a unha pregunta oral en Pleno que foi incluída na sesión celebrada o día 25 de setembro. Ligazón á intervención na web do Parlamento:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
3V5lAwkQ6c0sualN84VyGJoaz6mU3HNgoxVBYYQQc6aHTDs8".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/03/2025 11:44:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 11:44:23
Nº Rexistro: 21854
Data envio: 17/03/2025 11:44:23.101

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 11:44:22**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 12:40:22
Nº Rexistro: 21862
Data envio: 17/03/2025 12:40:22.544

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9069**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, dona Montserrat Prado Cores e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia verbo da cobertura das prazas de pediatría do Centro de Saúde Nóvoa Santos e a planificación deste servizo nos centros de saúde da cidade de Ourense no verán de 2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Centro de Saúde Nóvoa Santos pertence ao Servizo Nóvoa Santos – O Couto. Este feito permite que, no caso específico da pediatría, se poida reorganizar a asistencia aos nenos e nenas en ambas as dúas consultas, tendo en conta os permisos vacacionais dos profesionais no verán 2024, garantindo en todo momento unha atención de calidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/03/2025 12:40:18

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 12:40:22**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 12:41:32
Nº Rexistro: 21865
Data envío: 17/03/2025 12:41:32.263
Data 17/03/2025 12:41

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9259**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia canto a unha mellora da cobertura de persoal médico nos centros de saúde de Cerdedo-Cotobade e á dotación do seu punto de atención continuada cunha ambulancia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A resposta a esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Sanidade en resposta a unha pregunta oral en Pleno que foi incluída na sesión celebrada o 11 de setembro de 2024. Ligazón á súa intervención na web do Parlamento:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
5pyncvRfXRymDv6ifo4D5HPXcWHq9N9dPScG5t8sgHCaqDgW".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/03/2025 12:41:28

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 12:41:31**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 12:41:14
Nº Rexistro: 21863
Data envio: 17/03/2025 12:41:14.122
Data 17/03/2025 12:41

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9296**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a planificación dos servizos de pediatría dos centros de saúde durante o verán, a carencia de pediatras no concello de Porto do Son nesta época do ano e a consecuente concentración da carga asistencial nos concellos limítrofes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Tras unha procura activa e múltiples xestións por parte do Servizo Galego de Saúde, dende o 1 de outubro conseguiuse substituír a baixa da pediatra de Porto do Son e a asistencia lévase a cabo con normalidade dende esa data. Ata ese momento, a asistencia estivo garantida mediante prolongación de xornada doutros pediatras da área sanitaria e a centralización do servizo en Noia.

Este é un claro exemplo das dificultades que ocasiona o déficit de profesionais sanitarios que se dá en todo o Estado, mais reflexa tamén a persistencia e traballo da Xunta en atoparlle solución".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/03/2025 12:41:10

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 12:41:13

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9427**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a escaseza de man de obra en moitos sectores produtivos, a coexistencia deste feito coa realidade do desemprego e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para corrixir esta situación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Segundo os últimos datos dispoñibles da Enquisa de Poboación Activa (EPA 4.º trimestre de 2024), Galicia pechou 2024 con menos paro, máis emprego e de maior calidade e con máis activos que o ano anterior.

A cifra de ocupados, con 1.153.300, é a máis alta nun 4ºT desde 2009. *(4ºT2009: 1.142.200// 4ºT2008: 1.196.400)*. O número de parados, con 109.400, é o menor da serie desde o terceiro trimestre de 2008. (*2ºT2008: 108.100)* e encadea once anos de baixadas interanuais consecutivas nun 4.º trimestre.

A ocupación crece e o paro diminúe entre as mulleres na comparativa anual.

- Máis traballo entre a mocidade: a ocupación aumenta con respecto a hai un ano.
- Mellor situación dos fogares: aumentan na evolución anual nos que todos os seus membros activos son ocupados e diminúen nos que todos os membros son parados.
- A nosa comunidade segue a recuperar poboación activa con respecto a hai un ano, e, ademais, é poboación que traballa.

As tres taxas (paro, ocupación e actividade) amosan o mellor escenario posible na evolución anual, a de paro diminúe e, paralelamente, as taxas de ocupación e de actividade aumentan. As taxas de paro xeral, a de muller e a de menores de 30 anos continúan a ser menores en Galicia que no Estado.

Galicia pechou o mes de febreiro con 120.977 parados, a cifra máis baixa nun febreiro de toda a seria histórica (1996). Baixa o desemprego na evolución anual (-7,36) e mensual (-0,28).

A caída do paro na nosa comunidade a nivel anual e mensual é superior á reflectida na media do Estado:

- Anual. Galicia (-7,36%) avantaxa ao Estado (-6,05%) en 1,3 puntos.
- Mensual. A vantaxe é lixeiramente superior (0,05 puntos. Galicia: -0,28% e Estado: -0,23%).

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/03/2025 12:43:41

Dentro dos colectivos prioritarios, na evolución anual:

- Queremos destacar a redución da cifra de desempregadas (-7,37%/-5.561) sendo a máis baixa nun mes de febreiro desde que hai rexistros (desde 2005).
- As persoas paradas menores de 30 anos tamén baixan (-4,17%/-612 persoas) e rexistran tamén a cifra máis baixa para un mes de febreiro desde que hai rexistros (2005).

En canto ás afiliacións, aumentan con respecto a hai un ano nun 1,6% (16.930 novas afiliacións). Deste xeito, contamos con 1.071.948 cotizantes, situándonos nun nivel superior a hai dezaseis anos (febreiro 2009: 1.033.484).

Galicia está sendo afectada por unha problemática xeneralizada ao resto do territorio español; unha dicotomía na cal estamos asistindo unha latente falta de man de obra –denunciada, ademais, por preto do 43% das compañías radicadas no noso país, segundo a última enquisa ás empresas elaborada polo Banco de España– cando, por outro lado, continúa existindo unha importante porcentaxe de xente en busca activa de emprego.

Neste sentido, falamos de problemática xeneralizada, porque se trata dun reto a nivel estatal, aínda que en Galicia se estean a notar os seus efectos, incluso no mellor dos escenarios económicos posibles. Ao respecto, Galicia non só acadou neste 2025 a mellor cifra de paro nun mes de xaneiro de toda a serie histórica a nivel interanual (desde 1996) (121.320 persoas), senón que é a cuarta comunidade que máis baixa o paro no último ano en termos relativos, ademais, a un ritmo maior que España (Galicia: -7,46% | España: -6,08%). Ao respecto desta situación, no seo do noso Diálogo Social, conformado polas principais organizacións empresariais e sindicais con representación na nosa comunidade, detectamos dúas grandes problemáticas: en primeiro lugar, esa falta de man de obra e, en segundo, un elevado absentismo.

En relación coa primeira destas problemáticas, desde a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asumimos a cobertura de vacantes laborais como un reto de calado, un desafío que é tan estrutural como común nos diferentes mercados de traballo, e ao que queremos dar resposta para que o tecido empresarial galego siga sumando competitividade e continuemos, ao tempo, mellorando a empregabilidade da cidadanía galega. Neste respecto, unha das prioridades era poñer en contexto esta falta de man de obra; por este motivo, en setembro de 2024 impulsamos varias xornadas técnicas en colaboración cos principais sectores estratéxicos no marco do Programa de Atracción de Talento. A través desta iniciativa, buscabamos coñecer as necesidades específicas de persoal do tecido produtivo, identificar as barreiras de acceso a man de obra (especialmente, da estranxeira), e informar sobre as diferentes vías e recursos en activo para facilitar a incorporación ao mercado laboral da colectividade galega do exterior, así como das persoas estranxeiras.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 12:43:44
Nº Rexistro: 21869
Data envio: 17/03/2025 12:43:44.592

Estas mesas de traballo foron o inicio da pretensión por configurar un plan á medida para cada sector en base as súas necesidades específicas, sobre o cal seguimos avanzando co fin último de adaptar as nosas políticas o máximo posible aos requirimentos reais de cada unha das empresas. Asemade, trala materialización das distintas mesas de traballo no marco desta iniciativa, a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego comezou un proceso de traballo conxunto con determinadas empresas dos sectores participantes (metalmecánico, construción, agroalimentario, turístico, TIC e loxístico) para configurar un plan específico de cada un destes en relación con cadansúa casuística respecto das necesidades de persoal.

Ao tempo, neste mesmo punto, asentamos a nosa estratexia para a captación de talento –tamén para a retención deste último–. Neste respecto, fomos poñendo en marcha políticas destinadas á creación dunha ponte efectiva que case de xeito eficiente a oferta coa demanda, cubrindo as necesidades das empresas coas capacidades das persoas en busca activa de emprego potenciando a forza laboral interna e, por suposto, tendo en conta o contexto demográfico actual, tamén por medio da atracción de talento foráneo para seguir sumando capacidades ao noso tecido produtivo, sempre de xeito ordenado e da man das nosas empresas.

Neste sentido, estamos a desenvolver un labor que comeza *dentro* de Galicia, favorecendo as oportunidades laborais dos demandantes activos de emprego, como mencionamos, apoiándonos na potenciación do Servizo Público de Emprego de Galicia coa aplicación da intelixencia artificial a través da ferramenta EMi, por medio do programa de seguimento intensivo da demanda e o compromiso de actividade, incluso coa formación en materia de reciclaxe profesional e recapacitación de traballadores ocupados motivando accións á carta nas empresas e os clústeres, ou coas medidas específicas para facilitar a entrada no mercado laboral de colectivos que son prioritarios, como é o caso das persoas mozas (de feito, neste 2025 poremos en marcha a Estratexia Mocidade Activa, que contará, só por parte do noso departamento, con ata 20 millóns de euros de orzamento).

Pero tal e como sinala a propia Unión Europea, os esforzos para atender a actual demanda de traballadores teñen que ir máis aló das fronteiras de cada mercado laboral. É por iso, que o noso labor debe estenderse *fóra* da nosa comunidade. Nesta liña, Galicia é unha comunidade pioneira coa Estratexia Galicia Retorna, ao abeiro da que se ten lanzado unha nova edición do Retorna Cualifica Emprego, que se complementa neste 2025 con outras medidas novidosas.

Atender as demandas de man de obra favorecendo as sinerxías con respecto ao retorno da colectividade galega do exterior é unha das nosas apostas máis ambiciosas, pero tamén un dos nosos compromisos inquebrantables. Falamos de emigrantes galegos e descendentes destes que noutrora buscaron oportunidades fóra da súa terra e aos que tanto lles debemos. Hoxe Galicia é unha terra de oportunidades á que poden regresar para sumar o seu talento e capacidades ao noso mercado laboral, contribuíndo a cubrir vacantes e tamén a afrontar o propio reto demográfico a través deste retorno a Galicia por medio dos seus devanceiros.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste contexto, temos en marcha a Estratexia Galicia Retorna, dotada con 450 millóns de euros para favorecer a volta de 30.000 persoas deica 2026, ofrecéndolle contratacións en orixe e impulsado a súa inserción laboral a través do programa Retorna Cualifica Emprego. Só nesta anualidade prevemos atraer uns 200 galegos da diáspora menores de 55 anos por medio dun orzamento de 2,3 millóns de euros –medio millón máis que o presupostado na experiencia piloto–. Con esta convocatoria, búscase acadar resultados pegamos á realidade de cada territorio detectando as empresas que demanden man de obra e cunha atención integral que facilite a toma de decisión tanto ao tecido produtivo interesado en poder cubrir as súas vacantes como ás persoas con vontade de aceptar esas ofertas laborais. Así, nesta segunda edición, faise especial fincapé na selección das persoas candidatas que respondan aos perfís concretos que require cada empresa interesada, sen esquecer cuestións fundamentais para os beneficiarios finais como o asesoramento e apoio de cara a atopar vivendas nas que establecerse coas súas familias.

Deste xeito, a detección de postos de traballo que no estean a ser cubertos pola poboación residente en Galicia en base ás necesidades que así manifesten as empresas interesadas en cubrir esas vacantes, así como a oferta destes postos de traballo a residentes no exterior con afán por retornar, permitirá encaixar oferta e demanda. Unha vez se teña realizado este encaixe, elaboraranse plans personalizados de cualificación e empregabilidade, incluíndo os recursos de formación necesarios que poidan ser de interese para complementar a capacitación profesional que precisen os postos de traballo que se van a ocupar. Así mesmo, contémplase a formalización dos correspondentes contratos indefinidos en Galicia.

Neste senso, cómpre destacar as novas axudas que se incorporan ao Retorna Cualifica Emprego para facilitar aos galegos que volven o acceso a un aluguer, así como a nova orde que se publicará en 2025, como complemento a este programa, para promover a rehabilitación de vivendas á súa disposición. Trátanse de axudas dun máximo de tres meses para arrendar inmoble e, por outro lado, a cobertura dos gastos asociados a ese alugueiro como a constitución de fianzas e as altas nas subministracións de luz, auga ou teléfono. Asemade, nesta anualidade sairá publicada unha nova orde bianual cun orzamento duns 2 millóns de euros destinada a que as empresas poidan rehabilitar vivendas co gallo de poñelas logo á disposición dos traballadores galegos retornados.

Así e todo, complementamos estas medidas con outras iniciativas de importante calado, como é o caso das Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (coñecidas como BEME), que se volven convocar este ano cun orzamento de 2,55 millóns de euros. Falamos de ata 250 bolsas destinadas a aqueles descendentes de galegos de alta cualificación que queiran completar os seus estudos en Galicia, adquirindo unha especialización académica de mestrado nunha das tres universidades públicas galegas, co fin último de continuar atraendo talento á nosa comunidade. O éxito deste medida demóstrase a través dos datos, con arredor dun 80% de persoas beneficiarias das BEME que quedan a vivir e a traballar en Galicia (segundo enquisas realizadas aos propios beneficiarios).

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asemade, tamén cómpre facer constar a convocatoria das achegas extraordinarias ao retorno, cuxo obxecto é facer fronte a aquelas causas sobrevivas derivadas do seu regreso, que acada os 2,3 millóns de euros neste 2025. Para favorecer o devandito retorno, tamén desde o momento no que se decide retornar, desde a orixe ao destino. Nesta orde de cousas, neste 2025 tamén ampliamos as axudas para o fomento do autoemprego e a actividade emprendedora dos emigrantes retornados, cuxa convocatoria está dotada con 1 millón de euros (unha iniciativa que está a ter un impacto económico de preto de 35 millóns de euros na nosa comunidade).

Ademais de motivar a captación de talento da colectividade galega no exterior, tamén traballamos para fomentar esta atracción respecto do talento estranxeiro (iso si, dando prioridade a América Latina polo seu importante arraigo á nosa terra). Así, velamos por favorecer, neste proceso, unha inserción de xeito ordenado, con contratacións en orixe e en base á capacitación para un emprego de calidade.

Por suposto, percorremos este camiño ao carón dos sectores e, máis en particular, das empresas, que son as que realmente poden identificar dun xeito preciso a necesidade de man de obra e, ademais, as barreiras para acceder a esta, sobre todo, sendo estranxeira, como adiantabamos. Por esta mesma razón, continuamos promovendo tamén a regularización das persoas estranxeiras que non contan cos permisos de residencia a través da súa integración ordenada, axudándonos tamén das microcredenciais, como avanzabamos anteriormente. Así, non só estamos a avogar por unha forza de traballo dinámica e inclusiva, en disposición de impulsar a empregabilidade das persoas residentes en Galicia; tamén estamos comprometidos coa atracción de talento foráneo para sumar novas capacidades ao tecido produtivo, afrontar o reto demográfico e aumentar a nosa competitividade.

Impulsar a empregabilidade real das persoas demandantes –sexa cal sexa a súa situación e orixe– (así como tamén daquelas ocupadas que queiran mellorar a súa situación) é un reto que asumimos a través da nosa aposta pola formación flexible e, máis concretamente, polas microformacións (tamén coñecidas como microcredenciais), non incluídas no Real Decreto por parte do Goberno central.

A formación inicial segue sendo un aspecto fundamental no desenvolvemento das capacidades das persoas; non obstante, hoxe existe un amplo consenso en que deben considerarse só o comezo dunha vida enteira de aprendizaxe constante. É por iso, xustamente, que o principio da aprendizaxe permanente é xa un elemento central en todas as políticas de formación actuais –e non ía ser menos nas políticas da Xunta–. É por este motivo que estamos facendo un esforzo sen precedentes para flexibilizar a formación para o emprego, rachando coa rixidez e apostando polas microformacións como unha ferramenta estratéxica fundamental, co fin de ser máis áxiles e afinar con destreza na oferta formativa, sempre de xeito aliñado coas competencias que está demandando o tecido produtivo. Neste sentido, e nunha estratexia absolutamente transversal, apostamos pola estreita colaboración cos diferentes sectores, coa idea de poder adaptarnos ao máximo ás devanditas

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 12:43:44
Nº Rexistro: 21869
Data envío: 17/03/2025 12:43:44.592

competencias que piden. Así, adaptamos os modelos de formación no ámbito do emprego ás necesidades derivadas deste novo contexto global; unha recomendación, ademais, do *Consejo Europeo*.

Así traballamos para flexibilizar a formación para o emprego, buscando potenciar as competencias e habilidades dos traballadores que máis demandan as empresas. O catálogo de certificados de profesionalidade é demasiado ríxido e, ás veces, non se adapta ás necesidades destas, por iso, afondamos en potenciar as microcredenciais e as formacións de curta duración, tamén coa financiación das empresas que contraten ás persoas para que se involucren na impartición de formacións directas, mellorando adicionalmente o seu funcionamento e por medio dunha maior difusión entre o tecido produtivo das liñas de axuda dispoñibles.

Outras das actuacións que se levan a cabo para casar oferta e demanda é a *Axenda Galega de Capacidades para o Emprego*. Esta axenda é unha estratexia da Xunta de Galicia articulada a través dun gran pacto social en Galicia que sitúa as capacidades das persoas no centro da axenda política, mobilizando os recursos públicos e privados para crear e manter unha contorna de aprendizaxe permanente, que permita ás persoas avanzar no desenvolvemento das súas capacidades e, ás empresas, dispor das ferramentas que precisan para o seu crecemento e mellora da competitividade. Esta estratexia conta con dous elementos fundamentais nos que radica o óptimo desenvolvemento: apostar polas capacidades das persoas e impulsar a colaboración público-privada.

Actualmente, está en fase de tramitación un proxecto de acordo para a contratación mediante un Acordo Marco dun servizo por lotes para a impartición de accións formativas dos graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional, mediante a creación dunha rede de centros asociados. Esta rede de centros permitirá ofrecer unha oferta formativa desestacionalizada, ligada ás necesidades das persoas desempregadas e do tecido produtivo. Neste senso, cómpre salientar que Galicia será a primeira comunidade autónoma que establecerá unha rede de centros especializada en impartir formación en determinadas familias ou áreas profesionais.

Este modelo de accións formativas de curta duración tamén son a vía empregada para os programas de arraigo para a formación, que se veñen realizando desde 2023 con entidades do terceiro sector. Neste 2025, seguimos dándolle continuidade a estes convenios, aproveitando a canle aberta pola necesidade de actualizar e mellorar a actual normativa migratoria vinculada ao ámbito laboral. Neste contexto, está claro que entre as demandas dun mercado laboral carente de man de obra e a existencia de persoas en situación irregular que desexen traballar, atópase unha oportunidade que debemos aproveitar, incluso na circunstancia actual ao abeiro da actualización da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e a súa integración social, na cal non se tivo en conta esta figura, habendo dous anos da súa activación no noso país e sendo un enfoque impulsado desde a propia Unión Europea.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 12:43:44
Nº Rexistro: 21869
Data envio: 17/03/2025 12:43:44.592

Neste respecto, desde a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración fixemos constar en diversas ocasións a nosa aposta pola integración das persoas migrantes facilitando a súa inserción laboral dun modo regular e ordenado e da man das empresas, mantendo unha posición de rexeitamento da aprobación da devandita reforma sen ter incorporado, alomenos, algunha das alegacións presentadas ao abeiro da mesma desde a nosa comunidade. Así, incidimos nesta aposta en base a capacitación destas persoas para un emprego de calidade que, ao mesmo tempo, permita cubrir as vacantes existentes no mercado laboral.

Por iso, continuamos, como dixemos, apostando polos convenios de colaboración neste ámbito. Actualmente, mantemos convenios con Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas Diocesana de Lugo, Federación de Escolas Agrarias en Galicia (EFA Galicia) e, por último, pero non menos importante, coa ONG Rescate Internacional. Así, prevemos beneficiar, cun investimento de máis de 1,17 millóns de euros, un total de 180 persoas nesta segunda fase deste proxecto pioneiro, co compromiso de inserción por parte das entidades asinantes de, cando menos, 126 delas.

No 2024, das máis de 100 persoas que participaron nesta iniciativa, máis do 70% conseguiron un traballo indefinido trala realización de preto de 60 formacións. O obxectivo continúa a ser que estas persoas poidan ter unha integración sociolaboral e a regularización da súa situación, ao tempo que se contribúa tamén a facer fronte á escaseza de man de obra.

O Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) está a experimentar, nos últimos anos, unha profunda transformación e modernización centrada na atención directa ás persoas demandantes de emprego, especialmente coa pasta en marcha das seguintes medidas:

- A creación na relación de postos de traballo da anterior Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de 136 postos de orientación e prospección laboral.
- A instauración do distrito único autonómico, para que todos os galegos e galegas poidan acudir e realizar os seus trámites en calquera das 54 oficinas de Galicia, tanto as persoas demandantes de emprego como as persoas empregadoras.
- A incorporación de ferramentas tecnolóxicas baseadas na intelixencia artificial e o desenvolvemento de servizos web.

O Goberno galego segue avanzando nunha estratexia de modernización a través de:

- Renovación das Oficinas de Emprego. Continuamos investindo en equipamento, realizando obras e adquirindo novas infraestruturas, cun total de 1,7 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 12:43:44
Nº Rexistro: 21869
Data envio: 17/03/2025 12:43:44.592

- Seguimos investindo 1,3 millóns de euros para a última anualidade do contrato de elaboración da ferramenta informática que permite aplicar a intelixencia artificial e a aprendizaxe automática á xestión das políticas activas de emprego.
- Investimos 5,5 millóns de euros do servizo de orientación laboral e prospección empresarial.

Así mesmo, tamén temos visto e comprobado na práctica realidade o éxito que estas microformacións posúen a través de distintos convenios de colaboración asinados con entidades de Galicia de diversos sectores (desde as TIC ao naval, pasando pola construción, o sector audiovisual ou o clúster alimentario, entre outros). E, de facto, a comezos deste ano asinamos nove novos convenios por valor de case que 7,5 millóns de euros, un presuposto que é froito dos fondos adicionais do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, que percibimos grazas á boa execución neste eido.

Con esta nova edición, xunto con estes nove convenios xa en activo, falamos de máis de 24,6 millóns de euros investidos na formación para o emprego impartida ao abeiro destes acordos, feito que se traduce en máis de 2.800 accións formativas realizadas e preto de 34.000 persoas cun certificado de profesionalidade grazas a súa participación nas formacións (dun total de 40.760 participantes). Nesta anualidade, levaremos a cabo outras 543 accións, cuxa previsión é favorecer un número superior de 17.100 persoas. Asemade, motivando actuacións que favorezan a reciclaxe profesional e a formación en novas habilidades.

Tamén cómpre facer mención da segunda convocatoria propiamente dita de microformacións a demanda (a primeira foi publicada en agosto de 2024) para atender as necesidades específicas das empresas galegas, que contará nesta nova edición cun orzamento doutros 4 millóns de euros. Tampouco debemos esquecer os Bonos Talento Empresa, cuxa segunda convocatoria comporta un orzamento de 2 millóns de euros para apoiar a formación de curta de persoas ocupadas por conta allea (téndose ampliado no 2024 a medianas e grandes empresas co fin último de chegar a máis persoas traballadoras que poidan beneficiarse da iniciativa). En adición, tamén é preciso destacar a terceira convocatoria das axudas para o financiamento de accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas dotadas cun importe de 8 millóns de euros, destinadas á cualificación profesional de persoas traballadoras desempregadas e orientadas á adquisición e mellora das competencias profesionais necesarias para o desempeño dos postos de traballo obxecto da contratación.

Estamos a facer un esforzo por facer fronte aos desafíos do mercado laboral por medio da colaboración, como é o caso do Diálogo Social de Galicia, cuxa pretensión é institucionalizarse por medio dun decreto que regule a súa composición e funcionamento permanente.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 12:43:44
Nº Rexistro: 21869
Data envío: 17/03/2025 12:43:44.592

Para rematar, cómpre lembrar que o orzamento inicial da anterior Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no ano 2023, ascendía a 431.572.106 euros, cantidade que se incrementou ao longo do exercicio ata os 594.238.195,09 euros de crédito vixente executable ao final do exercicio, máis do 30% sobre o inicial. Aínda así, o importe dos compromisos de gasto a 31 de decembro, ascendeu a 534.840.000,24 euros, o que supón unha execución do 90% sobre o crédito vixente".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 12:43:44**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9781**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a diagnose e valoración da situación laboral da muller en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal recoñecido en diversos textos internacionais sobre dereitos humanos, entre os que destaca a *Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller*, aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas en decembro de 1979 e ratificada por España en 1983. Este principio garante que todas as persoas, independentemente do seu sexo, teñen os mesmos dereitos, oportunidades e responsabilidades ou deberes fronte ao Estado e a sociedade no seu conxunto.

Aínda que actualmente a igualdade está recoñecida desde un punto de vista formal, é dicir, no ámbito xurídico, de tal forma que as leis ofrecen un tratamento igual a homes e mulleres, isto non significa que exista unha igualdade real. Tal e como recollía a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o pleno recoñecemento da igualdade formal ante a lei, aínda comportando, sen dúbida, un paso decisivo, resultou ser insuficiente. A discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a aínda escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar mostran como a igualdade plena, efectiva, entre mulleres e homes, é aínda hoxe unha tarefa pendente, polo que é necesario abordar un cambio máis profundo nos nosos valores e ideas que provocan que se manteñan as desigualdades.

Neste sentido, o primeiro paso é recoñecer esta situación para poder poñer en marcha os mecanismos necesarios para acadar unha igualdade real, traballando por ela a todos os niveis, xa que, cada persoa, entidade e organización, ten a posibilidade de combater todas as manifestacións aínda subsistentes de discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo e de promover a igualdade real entre homes e mulleres, eliminando os obstáculos e estereotipos sociais que impiden acadala. Esta responsabilidade é asumida, desde a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en relación coa competencia en materia laboral, pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais. Ao respecto, desde a Xunta de Galicia abordamos este desafío cunha estratexia transversal, porque aspiramos á consecución da devandita igualdade en todos os ámbitos da sociedade galega.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/03/2025 23:11:55

Se ben a situación que enfronta Galicia é lixeiramente favorable respecto do resto de España, debemos continuar avanzando a través da igualdade verdadeiramente efectiva. Así e todo, falamos dun escenario máis optimista posto que, fixándonos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 4.º trimestre de 2024, a taxa de actividade de entre 16 a 64 anos de idade reflicte que, mentres en Galicia traballan un 71,92% das mulleres, en España fano un 71,38%, porcentaxe lixeiramente por debaixo da nosa comunidade. Asemade, mentres que a taxa de paro se sitúa nun 9,81% das mulleres en Galicia, en España sitúase nun 11,83%, bastante por enriba. E, adicionalmente, se consultamos a taxa de ocupación de entre 16 a 64, mentres na nosa comunidade se atopan ocupadas un 64,73% de mulleres, en España estano nun 62,91%, preto de dous puntos por debaixo. A través destes datos, como se comentaba con anterioridade, é factible bosquexar unha situación algo máis favorable para as mulleres residentes na nosa comunidade en comparación co resto de España.

Ademais, a cifra de mulleres desempregadas foi a máis baixa nun mes de xaneiro desde que hai rexistros (2005), cunha redución de -7,74% (70.083 mulleres). Un dato que se deriva do actual escenario do noso mercado laboral, que continúa avanzando e acumula unha caída interanual do paro, acadando con 121.320 persoas a cifra de paro máis baixa de toda a serie histórica tamén nun mes de xaneiro (1996). Así e todo, seguimos comprometidos tanto co mercado laboral en xeral, traballando en políticas activas de emprego eficaces para continuar xerando máis e mellor emprego de calidade, como coa igualdade entre homes e mulleres neste ámbito.

Certamente, e transcendendo á nosa comunidade, os estereotipos e os roles de xénero son a base da desigualdade laboral, e teñen como consecuencia que homes e mulleres non poidamos participar nas mesmas áreas da sociedade e non desempeñemos as mesmas tarefas. Debido a eles e á división sexual do traballo, as mulleres teñen maior responsabilidade que os homes no coidado e crianza das/os fillas/os e nas ocupacións domésticas, mentres que os homes dedícanse máis ás tarefas extra domésticas, que comprenden desde o ámbito económico e político ata o relixioso e o cultural. O traballo é considerado un concepto exclusivo do campo da produción económico e o traballo reprodutivo, por tanto, non goza socialmente da consideración de traballo e non ten valor económico. As tarefas realizadas no fogar, xeralmente levadas a cabo polas mulleres (e dedicando moitas horas á súa realización) non son consideradas como traballo, a pesar de que cobren e satisfán moitas necesidades. Esta circunstancia inflúe notablemente na proporción do mercado laboral e, sobre todo, no nivel de oportunidades que dentro do mesmo se ofrece ás mulleres (dificultades de acceso ao mercado de traballo, paralización da súa promoción profesional, dificultades de acceso a determinados postos de responsabilidades e toma de decisións, condicións laborais menos favorables, etc.).

Nos últimos anos, producíronse moitos cambios lexislativos, políticos, sociais e laborais, que se producen concretamente no mercado laboral, para esixir ás empresas novas formas de xestión que garantan a súa competitividade, calidade e supervivencia integrando o *principio de igualdade* nas mesmas. Asemade, a

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 21916
Data envio: 17/03/2025 23:11:59.027

desigualdade laboral fai necesario definir as estratexias necesarias para propiciar que as mulleres desenvolvan un papel máis activo en todos os ámbitos: público, económico e social.

E estas estratexias requiren da implicación directa do conxunto do tecido social, dado que en moitas ocasións, estes obstáculos e barreiras teñen a súa orixe na propia mentalidade, idiosincrasia e estereotipos perpetuados nas persoas que lideran as organizacións empresariais e que se traducen, en última instancia, na persistencia de situacións de desigualdade e de discriminacións. Por tanto, a responsabilidade do tecido empresarial, como parte fundamental da economía e tamén da sociedade, é determinante para conseguir un cambio social contundente e atender ás novas esixencias sociais que implican a asunción e incorporación do principio de igualdade de oportunidades ás políticas empresariais e laborais.

Rematando por incluír datos en relación coa fenda salarial en Galicia, cómpre sinalar que, en 2022, o salario medio anual das mulleres na nosa comunidade foi de 21.912,75 euros, mentres que o dos homes de 26.626,89 euros. A fenda retributiva é do 17,70%. Neste sentido, atopámonos entre as comunidades autónomas coa fenda salarial máis baixa, ocupando a novena posición (detrás de Illas Baleares e Canarias, que non superan os 10 puntos de diferencia; Estremadura, con 10,94 puntos; País Vasco, cun 18,54%; Andalucía e Comunidade Valenciana, cun 17,03 e 17,05% respectivamente; Castela-A Mancha, cun 17,44%; e Madrid, cun 17,56%). A comunidade autónoma que rexistra unha maior diferencia no que respecta aos salarios entre ambos sexos é a Rexión de Murcia. Así mesmo, se facemos retrospectiva e nos fixamos no ano 2013, a fenda retributiva era do 23,37%. Isto quere dicir que, nos últimos 10 anos, reduciuse 5,67 puntos porcentuais. Cifras que dan conta de que as políticas en igualdade laboral e, en particular, orientadas á redución desta diferenza de salarios entre homes e mulleres, funcionan.

Entre as razóns que explican esta diferencia, atópase nun 67% a segregación ocupacional, é dicir, un 67% da poboación asalariada de sectores con baixa remuneración son mulleres (educación, servizos sociais, actividades sanitarias). Asemade, no 2023 en Galicia o 87% das excedencias por coidado de familiares solicitadas foron mulleres, que se derivan na interrupción das carreiras profesionais. Un 76% dos contratos de xornada parcial na nosa comunidade son de mulleres, feito que tamén favorece a percepción de salarios máis baixos; e, por último, só un 36% dos postos de dirección e xerencia das empresas galegas están ocupados por mulleres, polo que se dá un desequilibrio en postos de responsabilidade que, desde a Administración galega se tenta arranxar por medio de medidas como as axudas para incentivar a contratación de mulleres en ocupacións que estean tradicionalmente masculinizadas (como se expoñía anteriormente).

A fenda retributiva é un fenómeno común en todo o mundo. Esta presente en todos os países e todas as economías. A diferencia salarial entre mulleres e homes pode incrementarse cando concorren simultaneamente outras circunstancias como a idade, a raza ou a discapacidade. Ademais, tense constancia de que se agudiza no caso das pensións (no 2023, en Galicia este indicador alcanzou un valor do 24,08%).

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 21916
Data envio: 17/03/2025 23:11:59.027

Segundo os últimos datos de paro rexistrados do SEPE, a cifra de mulleres desempregadas foi a máis baixa nun mes de febreiro desde que hai rexistro (2005), cunha redución dun -7,35% con respecto a hai un ano (70.067 mulleres paradas en febreiro de 2025). Ademais, mentres a taxa de paro se sitúa nun 9,81% en Galicia, en España sitúase nun 11,83%.

Atendendo á Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 4.º trimestre, a taxa de actividade de entre 16 e 64 anos de idade reflicte que mentres que en Galicia son activas un 71,92% das mulleres, en España son o 71,38%, porcentaxe  lixeiramente por debaixo. No conxunto do Estado, a diferenza entre taxa de actividade masculina e feminina é de 8,3 puntos a favor dos homes; en Galicia esta diferenza é moito menor, concretamente de 4,5 puntos.

A taxa de ocupación de entre 16 e 64 reflicte que na nosa comunidade están ocupadas un 64,73% das mulleres, mentres que en España estano un 62,91%, preto de dous puntos por debaixo. No conxunto do Estado, a diferenza entre taxa de ocupación masculina e feminina é de 9,2 puntos a favor dos homes; en Galicia a fenda é moito menor, concretamente de 5,9 puntos.

Cos datos publicados polo *Instituto Nacional de Estatística* (INE, 2022), atopámonos entre as comunidades autónomas coa fenda salarial máis baixa. Así mesmo, se facemos retrospectiva e nos fixamos no ano 2013, a fenda retributiva era do 23,37%. Isto quere dicir que, nos últimos 12 anos, reduciuse 5,67 puntos porcentuais. Cifras que dan conta de que as políticas en igualdade laboral e, en particular, orientadas á redución desta diferenza de salarios entre homes e mulleres, funcionan.

Ademais, se nos fixamos nos últimos datos publicados pola Axencia Tributaria (2023) (aos que se fan referencia), corrobórase este feito, posto que Galicia presenta en 2023 a menor fenda salarial de xénero de toda a serie histórica. Segundo estes datos, os salarios medios anuais para os homes foron de 25.527 euros fronte aos 20.840 euros que ingresaron as mulleres; partindo desta estatística os datos amosan unha fenda salarial do 18,36% a prol dos homes, mentres que en España esta fenda acada o 19,30%.

Ao longo de toda a serie histórica, a fenda salarial galega sempre se situou por debaixo da española; en 2023, é de 0,93 puntos menos. En calquera caso, a información que ofrece a Axencia Tributaria permítenos constatar que a desviación salarial por xénero para 2023 é a menos rexistrada desde 1999. De feito, no ano de inicio da crise económica (2008), a desviación salarial era do 25,47%, pero no 2004 chegou a acadar unha fenda do 27,41%.

Desde 2017, as mulleres traballadoras aumentaron en Galicia nun 12% e as mulleres paradas de longa duración diminuíron nun 31%. Ademais, desde 2022, a desigualdade na base media de cotización social na nosa comunidade reduciuse nun 3% en favor das mulleres 8aumentando en 2.011 euros anuais), acercándose estas á base de cotización media masculina. Asemade, desde principios de século logramos duplicar o salario que perciben as mulleres de media.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 21916
Data envío: 17/03/2025 23:11:59.027

No ano 2023 crecen máis os salarios nas mulleres (5,97%) que nos homes (5,55%). O incremento porcentual feminino, de case seis puntos, é o maior rexistrado desde 2009.

Finalmente e no eido das mulleres autónomas, pódense destacar as seguintes cifras:

- A cifra de mulleres autónomas en Galicia ascende a 83.609 en febreiro de 2025.
- Neste mesmo mes, as mulleres representaron o 40,86% do emprego autónomo en Galicia, fronte ao 59,14% dos homes. No conxunto do Estado, as mulleres autónomas representaron o 36,95% e, os homes, o 63,05% (os datos de autónomos fan referencia ás estatísticas da Tesourería Xeral da Seguridade Social).
- Segundo os datos reflectidos no 4.º trimestre da EPA, as mulleres galegas ocupaban o 33,74% do total de postos de dirección e xerencia da nosa Comunidade. No conxunto do Estado, as mulleres en postos de dirección e xerencia representan o 35,14%.

Ademais, contamos con diversas iniciativas en materia de igualdade laboral, como as axudas destinada á creación e/ou funcionamento de gabinetes técnicos e contra a fenda salarial (400.000 euros); axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE) no tecido producido galego, a través de tres liñas: fomentar a elaboración e posta en marcha de plans de igualdade (200.000 euros), implantación de medidas de conciliación, teletraballo e flexibilidade horaria (1,1 millóns de euros) e unha terceira para que as empresas poidan optar a certificacións en materia de RSE que recoñezan as súas boas prácticas (financiado o 80% dos custos do proceso de certificación e/ou verificación ata un máximo de 2.000 euros por entidade).

Inclúense achegas destinadas á adquisición de elementos tecnolóxicos que posibiliten a implantación efectiva do traballo a distancia, coas que se financiará o 80% do investimento co tope de 1.500 euros por persoa empregada beneficiaria e co límite máximo por empresa situado nos 20.000 euros.

No ámbito da formación en materia de igualdade laboral, cómpre aludir á plataforma virtual *Igual Campus*, unha ferramenta formativa especializada en igualdade de xénero, dotado con 160.000 euros.

Nesta dirección, seguiremos avanzando co noso Campus Formativos en Igualdade Laboral, unha plataforma *online* centrada na divulgación e formación no eido da igualdade efectiva entre homes e mulleres no ámbito laboral, cuxo obxectivo é acadar as 120 accións formativas realizadas deixa xuño deste ano.

Asemade, tamén avanzamos por medio da 3.ª edición do programa Ti elixes, iniciativa que favorece unha conciencia libre de estereotipos de xénero e de prexuízos respecto das profesións. Trátase dunha medida conxunta coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estas medidas, xunto con outras postas en marcha en consideración da necesidade de contrarrestar a fenda salarial na nosa comunidade, contan cun orzamento de 600.000 euros en beneficio directo dos sindicatos galegos a través da materialización de accións formativas.

Finalmente, subliñar que desde a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tense feito un importante esforzo nesta anualidade coa publicación dun paquete único de axudas específicas para autónomos/as, cuxo presuposto ascende a máis de 40 millóns de euros, ademais de destinar máis de 32 millóns de euros ao ámbito do emprendemento por numerosas vías.

Non obstante, o pasado ano 2024, púxose en marcha unha orde de axudas para o impulso da contratación de mulleres en sectores masculinizados, cun investimento de preto de 1,7 millóns de euros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 21916
Data envio: 17/03/2025 23:11:59.027

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 23:11:58**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 21914
Data envío: 17/03/2025 23:11:45.527
Data 17/03/2025 23:11

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9977**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"o eventual incremento do orzamento da convocatoria de axudas coñecidas como "Bono Remuda" para o fomento da remuda xeracional no pequeno comercio"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta xa foi contestada polo conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González Vázquez, en data do 25 de setembro de 2024.

Incluímos o ligazón da súa resposta á mediateca:

Mediateca do Parlamento de Galicia | Mediateca".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/03/2025 23:11:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 21914
Data envio: 17/03/2025 23:11:45.527

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 23:11:44**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 16413**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre **"as necesidades do Instituto de Medicina Legal de Galicia no que atinxe a recursos humanos e as previsións do Goberno galego verbo do seu incremento"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Se ben é certo que incrementouse a actividade do Imelga nos últimos 5 anos, nese tempo a implantación de melloras utilizando a dixitalización de procesos e as novas tecnoloxías, evitaron os desprazamentos e axilizaron os procesos mellorando a eficiencia do Imelga.

Aínda que neste ano no se prevé incrementar o cadro de persoal, que nos últimos cinco anos sumou catro funcionarios máis, estase a desenvolver o estudo previo dun novo regulamento e será tras a súa aprobación cando se avaliará esta cuestión.

Aclarar que os procesos de provisión de postos correspondentes aos corpos ao servizo da Administración de xustiza no Imelga son competencia do Ministerio de Xustiza. E así, baixo a cobertura mediante concurso de méritos, ofertáronse 11 prazas de medicina forense e na actualidade están dous procesos en marcha, concurso de méritos dunha praza pola quenda de discapacidade e dúas prazas de acceso libre convocadas pola Orde PJC/1446/2024, de 10 de decembro.

Os convenios co Colexio de Psicólogos de Galicia e coa Asociación Nacional de Peritaxe Social asinároNse como consecuencia da saída da incidencia da COVID e dos cambios lexislativos. Respondían, polo tanto, a unha situación conxuntural e manténense porque así o solicitaron tanto os xulgados como os asinantes debido á boa aceptación das partes nos procedementos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 21929
Data envio: 17/03/2025 23:23:01.453

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 23:23:00**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19241**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"o papel da Xunta de Galicia no desenvolvemento das oficinas de xustiza nos concellos e a súa valoración verbo da posibilidade de impulsar a creación de agrupacións de varias destas oficinas para a atención de concellos limítrofes"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Pública de Xustiza, na súa exposición de motivos, indica que as Oficinas de Xustiza ampliarán o seu catálogo de xestións dentro da Administración de Xustiza, e conforme aos modelos de referencia o avance nelas dependerá da propia Administración local en avanzar na súa implementación.

Na Memoria do análise do impacto normativo dos anteproxectos de Leis de medidas de eficiencia procesual e de eficiencia dixital do servizo público de xustiza, establécense que os efectos sobre a economía en xeral, a norma terá un impacto económico positivo e no proxecto de Real Decreto polo que se adecúa o marco normativo regulamentario a entrada en vigor da Lei orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza impacto económico orzamentario "non se detecta efecto inicial algún no ámbito económico". Polo tanto todo o investimento recaerá na Xunta, que lle corresponde poñer a disposición os medios tecnolóxicos, e nos concellos que deberán aportar os espazos, mobles e subministración de auga e luz.

Todos os concellos que teñen menos de 7.000 habitantes terán Oficina de Xustiza atendidos por funcionarios de Xustiza. Subliñar que o Decreto 168/2008, de 24 de xullo, regulan as agrupacións das secretarías dos xulgado de paz e que concellos poderían exercer como cabeceira".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/03/2025 23:22:52

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 23:22:55**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 21927
Data envío: 17/03/2025 23:22:48.000
Data 17/03/2025 23:22

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19346**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, sobre **" a situación do judo galego e da Federación Galega de Judo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Como ben se apunta na iniciativa, "Galicia é coñecida como un dos lugares do Estado con máis prestixio no relativo ao judo". É unha modalidade deportiva que pechou 2024 con 9.364 licenzas e que, a nivel competitivo fora da Comunidade Autónoma, logrou o pasado ano resultados tan destacados como un bronce nos Xogos Olímpicos de París, un ouro no Campionato de Europa Sub-23, tres ouros no Campionato de España Absoluto de Las Palmas, dous ouros no Campionato de España Absoluto de Jiu-Jitsu en Parla, trece ouros no Campionato de España de Wu-Shu en Alcalá de Henares, etc.

Asemade, o judo conta con 25 recoñecementos no ámbito do deporte de alto nivel en Galicia e con 14 deportistas no Centro Galego de Tecnificación Deportiva no presente curso 2024/2025.

Con estas referencias, o judo é definitivamente unha modalidade importante para o crecemento do sistema deportivo en Galicia.

No que respecta ao "estudo das contas" federativas ao que se fai referencia na iniciativa, apuntar que todas as federacións deportivas galegas "(...) deberán presentar ao Rexistro de Asociacións Deportivas y Deportistas de Galicia, un informe de auditoría das súas contas anuais aquelas federacións deportivas galegas que resulten obrigadas conforme o plan de auditorías aprobado pola Administración deportiva autonómica a inicios de cada exercicio. Anualmente incorporaranse ao plan unha porcentaxe de federacións, de forma que, cada catro anos, todas presenten o dito informe". Así o recolle o artigo 37.2 do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

A Federación Galega de Judo e Deportes Asociados vén de contextualizar que o tanto por cento de deportistas federados non nados en Galicia é absolutamente minoritario entre os licenciados, e que non supoñen impedimento algún para os nacidos en Galicia, nin restrinxen as súas oportunidades.

No relativo ao apoio aos deportistas para a participación en competicións nacionais e internacionais, compre distinguir entre dous tipos de competicións. Por unha banda, as oficiais por seleccións e, por outra, as de participación libre por clubs non obrigatorias e non suxeitas a ningún criterio deportivo de selección.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/03/2025 23:22:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 21927
Data envio: 17/03/2025 23:22:48.000

Respecto ás primeiras, a selección galega participa con todos os gastos pagados pola federación; o segundo tipo de competicións, que son aproximadamente unhas 100 ao ano, a federación cubre os gastos dos deportistas en supostos concretos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 21927
Data envio: 17/03/2025 23:22:48.000

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2025 23:22:47**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22036
Data envío: 19/03/2025 21:02:09.784
Data 19/03/2025 21:02

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19402**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"a carencia dunha relación de postos de traballo na Administración de xustiza en Galicia e as actuacións realizadas polo Goberno galego co obxectivo de contar con este instrumento de planificación neste ámbito"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A relación de postos de traballo é un instrumento útil na xestión dos recursos humanos, pero non é un instrumento imprescindible.

A Administración de Xustiza en Galicia conta cunha relación de postos de traballo aprobadas para Fiscalía e IMELGA. A este respecto tanto nos eidos onde non se dispón deste instrumento como nos que si, o persoal funcionario dispón das mesmas condicións de mobilidade ou retributivas.

Na actualidade, tras a aprobación da Lei 1/2025, estase a traballar nas relacións de postos de traballo das Oficinas Xudiciais, das Oficinas de Xustiza do Municipio e das Oficinas xerais do Rexistro Civil.

Todas as medidas de reforzo autorizadas neste momento obedecen a necesidades conxunturais e suman 54 reforzos en total en 37 unidades xudiciais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:02:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22036
Data envio: 19/03/2025 21:02:09.784

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:02:09**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19582**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona Elena Espinosa Mangana, sobre **"as consecuencias das últimas modificacións legais no que concirne ás garantías nos procedementos de solicitude das prestacións da Lei da dependencia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"As críticas do PSdeG amosan un absoluto descoñecemento de como funciona a atención á dependencia e as novas medidas para axilizala.

O Plan de axilización e simplificación do acceso aos servizos de dependencia e discapacidade da Xunta de Galicia, en vigor desde este mes de xaneiro, en ningún momento anula a figura do traballador social ou doutros profesionais que participan no proceso de valoración. Todo o contrario.

- Refórzase o papel dos traballadores sociais, reducindo as súas tarefas administrativas e burocráticas para que se centren no asesoramento e atención directa ás persoas.
- Ademais, non se elimina o informe social, senón que deixa de ser preceptivo con cada solicitude, podendo emitirse nos casos que se considere necesario.

O Plan tamén contempla un reforzo do persoal dos equipos de valoración, que inclúe as xa creadas catro Xefaturas de Servizo de Discapacidade, unha por provincia.

Por outra parte, son chamativas que as críticas proveñan do PSOE cando o Goberno central adebeda a todos os galegos máis de 2.500 M€ por incumprir co financiamento ao que lle obriga a Lei de Dependencia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:01:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22035
Data envio: 19/03/2025 21:02:02.176

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:02:01**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19588**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, sobre **"o conflito laboral na Escola Infantil Merlín, de Bertamiráns, no concello de Ames, as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia ao respecto e a súa postura en relación co financiamento que achega ao devandito centro"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten posto en marcha o programa de gratuidade nas escolas infantís 0-3, o que supón un esforzo financeiro moi importante dado que neste ano 2025 destínanse a este programa arredor de 65 millóns de euros, a través dunha dotación orzamentaria de fondos propios da Comunidade Autónoma sen recibir financiamento do Goberno central.

Desde a Xunta de Galicia refórzase a aposta estratéxica por facilitar o acceso das familias ao primeiro ciclo de Educación Infantil, algo que está a ser moi ben recibido polas propias familias. Precisamente, grazas a este programa, Galicia é a comunidade de referencia en escolarización 0-3 en España, tal como vén de recoñecer o Goberno central nas súas últimas estatísticas. Os datos oficiais confirman esa posición de liderado de Galicia: as ratios de escolarización na Comunidade Autónoma son actualmente 12 puntos mellores que a media española.

A este programa poden acollerse todas as escolas infantís de Galicia, con independencia da súa titularidade. A entidade que xestiona a escola infantil Merlín, de xeito voluntario, concorreu á orde do 26 de xuño de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e das nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2024/25.

Ao tramitar a súa solicitude, o persoal funcionario da Xunta de Galicia comprobou que a entidade cumpría todos os requisitos que se establecen na orde antes citada, motivo polo que se concedeu a axuda. De non concederlle a axuda solicitada, a Xunta de Galicia podería incorrer nun delito de prevaricación.

Todas as escolas infantís de titularidade privada en Galicia están sometidas a inspeccións periódicas por parte da Subdirección Xeral de Autorización e inspección de servizos sociais. En todos os casos, cando se detecta un incumprimento en materia laboral é comunicado á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

En todo caso, convén lembrar que se trata dunha escola infantil titularidade dunha entidade privada, e as relacións laborais neste tipo de centros non son competencia da Consellería de Política Social e Igualdade".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:01:50

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22034
Data envio: 19/03/2025 21:01:54.599

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22034
Data envio: 19/03/2025 21:01:54.599

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:01:54**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22033
Data envío: 19/03/2025 21:01:37.071
Data 19/03/2025 21:01

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19652**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"as razóns e a eventual rectificación por parte do Goberno galego da exclusión das cooperativas sen ánimo de lucro das subvencións para programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos especificamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"En relación á exclusión das cooperativas (con ou sen ánimo de lucro) da convocatoria SI427A- Subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, facemos os seguintes comentarios:

Na convocatoria SI427A as cooperativas exclúenselles desde ao ano 2020 de forma expresa: "Art 23. 2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste procedemento as comunidades de bens, as sociedades civís, as entidades que se rexan polas disposicións relativas ao contrato de sociedade, as cooperativas, as mutualidades, así como as unións temporais de empresas e as agrupacións de interese económico."

Os motivos de exclusión da convocatoria son os seguintes:

As cooperativas de servizos son nas que se asocian persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións industriais ou de servizos, e a profesionais ou artistas que exerzan a súa actividade por conta propia, e teñen por obxecto a prestación de subministracións e servizos, ou a produción de bens e a realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios.

As Cooperativas sen ánimo de lucro teñen unha función social (mellorar a calidade e condición da vida das persoas), considerada de forma individual e colectiva, pero a primeira necesidade que satisface unha cooperativa (con ou sen carácter lucrativo) é proporcionar traballo aos seus socios/as mediante a realización común dunha actividade económica destinada a ofrecer produtos ou servizos para terceiros.

As Cooperativas, con ou sen ánimo de lucro, finánciase co capital social que achegan os socios traballadores, pero fundamentalmente cos ingresos obtidos ao desempeñar a actividade económica.

En consecuencia, antes que "entidade sen ánimo de lucro", se é unha cooperativa de servizos, se é unha empresa, realízase actividade económica e necesariamente, esta deberá ser viable. Os socios traballadores das cooperativas sen ánimo de lucro, aínda que non pretendan repartirse posibles excedentes (porque os reinvestirán na propia cooperativa) cobran polo seu traballo (anticipo societario). Non son voluntarios dunha ONG ou dunha Asociación.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:01:26

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22033
Data envio: 19/03/2025 21:01:37.071

En moitos casos, estas cooperativas de servizos sociais, como empresas que son, están a ser subcontratadas por outras asociacións que son beneficiarias da subvención SE427A, polo que consideramos que non pode ocorrer que a mesma cooperativa sexa beneficiaria directa da subvención e ao mesmo tempo estar subcontratada por outras entidades (asociacións, fundacións etc.)/ etc.) tamén beneficiarias da subvención".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22033
Data envio: 19/03/2025 21:01:37.071

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:01:35

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19823**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a situación laboral en que se atopan os equipos de valoración e orientación da dependencia e da discapacidade en Galicia e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia respecto da condición deste persoal e da dotación dos equipos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"No que respecta ao persoal contratado con cargo aos fondos europeos dentro do Plan de reforzo dos EVO de discapacidade e dependencia temos que indicar que ditos planes teñen vixencia ata o ano 2027, tal e como se recolle no Plan de axilización e simplificación dos trámites de Dependencia e Discapacidade aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en decembro do ano 2024.

Os programas temporais son cubertos por funcionarios interinos, e o artigo 10.3 do Estatuto Básico do Empregado Público - normativa básica estatal - establece que a duración non pode ser superior a tres anos, ampliado en 12 meses, polo que pasados os catro anos de ocupación dunha praza o funcionario interino ten que cesar, o que no quere dicir que a praza non sexa ocupada de novo.

Tamén, e gracias ao Plan de axilización e simplificación dos trámites de Dependencia e Discapacidade, se crearon as xefaturas de servizo de discapacidade nos catro departamentos territoriais, o que permitirá ter xefaturas de servizo en exclusiva para cada área: dependencia e discapacidade en todas as provincias. Ademais reforzouse a área de dependencia con 11 novos profesionais.

Hai que recordar que desde o ano 2021, o Goberno galego incrementou o persoal dedicado directamente á dependencia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:07:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22040
Data envio: 19/03/2025 21:07:11.216

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:07:10**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22039
Data envío: 19/03/2025 21:07:03.919
Data 19/03/2025 21:07

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19830**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a actualización da composición do Consello Galego de Benestar Social e o impulso do papel deste órgano consultivo e de participación no ámbito dos servizos sociais"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación, recolle no seu artigo 5, a composición do Consello Galego do Benestar Social.

Nesta composición figura un amplo número de representantes dos distintos sectores relacionados cos servizos sociais e incorpórase como vogais do Consello Galego de Benestar Social tanto a representantes das Administracións públicas (da Comunidade Autónoma e Estatal), representantes das entidades locais, representantes das organizacións sindicais, representantes das organizacións empresarias intersectoriais, representantes das organizacións profesionais agrarias, entidades prestadoras de servizos sociais, representantes das asociacións que velan polos intereses dos usuarios de centros e servizos sociais, representantes das universidades de Galicia e representantes dos colexios profesionais (Psicoloxía, Traballo Social e Educadores Sociais).

Esta composición que integra un numeroso número de vogais (49 na actualidade) garante a participación dos diversos sectores da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en servizos sociais, ou cuxa actuación desenvólvese nesta área.

Consonte ás ditas consideracións, polo de agora non está previsto ampliar o número de vogais do CGBS, pero isto non significa que a súa composición non se actualice. Neste senso hai que ter en conta que cada catro anos, e segundo indica o artigo 6 do Decreto 246/2011, ábrese un procedemento de elección para elixir a aqueles vogais representantes das entidades prestadoras de servizos sociais definidas no artigo 30 da Lei 13/2008, dedo 3 de decembro. O último proceso de elección rematou en outubro de 2023 co nomeamento de novos representantes das ditas entidades. Por outra banda, os restantes membros do CGBS renóvanse periodicamente por proposta das distintas organizacións, entidades, asociacións e colexios profesionais.

En relación ás cuestións relacionadas coas funcións deste órgano, temos que subliñar que o Consello Galego de Benestar Social é un órgano consultivo e de participación que está presente e forma parte das decisións en materia de políticas sociais de Galicia. A última modificación, incorporada a través de 10/2013, do 28 de

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:07:00

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22039
Data envio: 19/03/2025 21:07:03.919

decembro, de medias fiscais e administrativas reflicte este carácter cando relaciona entre as súas funcións (artigo 40.3 b) as de emitir ditames no eido dos servizos sociais, por instancia da consellaría competente en materia de servizos sociais. Esta función complétase coas demais relacionadas nos restantes apartados do dito artigo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22039
Data envio: 19/03/2025 21:07:03.919

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:07:03**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19847**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias do transporte público por estrada de Galicia, a valoración da situación que fai o Goberno galego e a súa política de inspección e control"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á interpelación número 19844, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 12 de marzo de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmRiMDc0MmEtMTg2MS00ODNkLWFlODItNzVlMzIyMzIxYTVk&start=11979

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmRiMDc0MmEtMTg2MS00ODNkLWFlODItNzVlMzIyMzIxYTVk&start=12997".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:06:53

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22038
Data envio: 19/03/2025 21:06:56.982

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:06:56**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22037
Data envío: 19/03/2025 21:06:49.404
Data 19/03/2025 21:06

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19859**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, sobre **"a responsabilidade da Xunta de Galicia e as medidas que prevé tomar no que concirne á inspección e ao control da seguridade dos vehículos de transporte escolar"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Inspección do Transporte da Xunta de Galicia e os Servizos de Mobilidade responsables dos contratos do Plan de transporte público de Galicia e das concesións de transporte de uso especial escolar controlan todo o transporte de escolares.

Este traballo de seguimento e de inspección compleméntase coas campañas nas que colabora Tráfico, como a que se desenvolveu a finais do pasado mes de xaneiro. Cabe sinalar que o plan inspector do transporte escolar, que se planifica de xeito coordinado entre as administracións para fixar o calendario anual e os centros escolares que se inclúen nas campañas, establece cada ano dúas ou tres campañas. Nelas, non só se revisan cuestións de seguridade, senón tamén o cumprimento das condicións contractuais tamén no que respecta a vehículos e persoal.

O traballo de inspección no transporte de escolares ten un alcance moi importante por volume de rutas e vehículos controlados.

No transporte integrado, a inspección da Xunta controlou en 2024 case 240 expedicións e no que vai de ano, máis de 40. Ademais, no marco dos plans de inspección de Tráfico, o curso pasado a Garda Civil controlou 592 rutas, máis do 26% do total.

Nos servizos de transporte escolar, entre as distintas campañas de inspección, ao longo de 2024 a inspección da Xunta realizou controis a case 120 vehículos de transporte escolar e a Garda Civil a máis de 1.300.

A Xunta de Galicia vixía as posibles irregularidades e adopta as medidas sancionadoras que correspondan para instar á correcta execución dos servizos.

Como consecuencia das infraccións detectadas, en 2024 a Inspección de Transportes da Xunta de Galicia iniciou 532 expedientes referidos ao conxunto do transporte interurbano (integrado e non integrado) e 159 ao transporte escolar

Ademais, a Xunta de Galicia aplica con rigor as penalidades que se atopan definidas nos contratos de transporte público ante incumprimentos das obrigas establecidas.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:06:46

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22037
Data envio: 19/03/2025 21:06:49.404

Desde o ano pasado incoáronse 53 expedientes de penalidades contractuais ás empresas concesionarias do Plan de transporte público de Galicia e 20 ás concesionarias do transporte de uso especial escolar. O último deles, como consecuencia da denuncia da Garda Civil de Tráfico por un condutor que deu positivo en consumo de alcohol e drogas nun dos controis realizados na última campaña, sen prexuízo doutras actuacións que correspondan á Garda Civil".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22037
Data envio: 19/03/2025 21:06:49.404

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:06:49

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22044
Data envio: 19/03/2025 21:10:52.898
Data 19/03/2025 21:10

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19871**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"os prazos, os orzamentos e os mecanismos previstos pola Xunta de Galicia co fin de concretar o Plan integral de actuación para a renovación e o impulso dos centros de información á muller, anunciado en novembro de 2024"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Política Social e Igualdade está desenvolvendo este ano 2025 o Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos CIM de Galicia, un plan que se enmarca no reforzo das políticas da Xunta en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero, e que terá como obxectivo impulsar a actividade dos CIM, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.

Este plan está divido en dúas fases de actuación. En primeiro lugar, unha fase de estudo e diagnose, que ten como obxectivo coñecer a realidade da rede de cara ao deseño de medidas. Ademais, esta diagnose permitirá coñecer as necesidades dos concellos en materia de atención a mulleres e ás persoas LGTBI, tanto dos municipios que contan con CIM coma dos que non, así como as necesidades do persoal dos centros.

A partir dos resultados do estudo e diagnose, activarase a segunda fase, que implicará a elaboración do plan integral de actuación. Os obxectivos xerais e específicos do plan determinaranse, en boa parte, a partir dos resultados da diagnose realizada, que conterá información detallada sobre a realidade actual dos CIM, o seu funcionamento e as necesidades e demandas do persoal.

Con este obxectivo, o Goberno galego incrementa neste ano 2025 o apoio que ofrece a estes centros municipais, ata superar os 6,8 millóns de euros, o que será o maior investimento na historia desta rede de 84 centros que dá cobertura a preto de 200 concellos e proporciona unha atención integral e de proximidade a máis de 16.700 persoas cada ano".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:10:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22044
Data envio: 19/03/2025 21:10:52.898

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:10:52**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22043
Data envío: 19/03/2025 21:10:46.726
Data 19/03/2025 21:10

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19946**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a información relativa ás cinco mil persoas que recibiron a homologación automática dos graos de dependencia e de discapacidade e a valoración sobre a conveniencia desta medida"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Segundo o exposto no primeiro informe de seguimento do Plan de axilización e simplificación dos trámites de Dependencia e Discapacidade, presentado ao Consello da Xunta o pasado 3 de marzo, resolvéronse por homologación 6.028 solicitudes de discapacidade, das cales:

• A 1910 persoas con grao I de dependencia se lles recoñeceu un 33% de discapacidade.

• A 2021 con grao II de dependencia un 66 % de discapacidade.

• E a 2097 con grado III un 100% de discapacidade.

Por suposto a Xunta de Galicia cando adopta medidas o fai analizado os beneficios e posibles prexuízos para as persoas e mais se van dirixidas a colectivos tan sensibles como os da dependencia e da discapacidade, e non se atopa ningún prexuízo en resolver as persoas a solicitude de discapacidade que tiñan pendente de acordo cos seus dereitos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:10:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22043
Data envio: 19/03/2025 21:10:46.726

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:10:46**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19952**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"as condicións en que está a estación de autobuses de Ferrol, os datos referidos ao número de usuarios e de liñas e as perspectivas sobre a dotación desta cidade dunha estación intermodal"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego aposta por dotar á Ferrol dunha estación intermodal para o que é prioritario a formalización dun convenio entre ADIF, a Xunta e o Concello de Ferrol de características similares aos que están xa en execución ou executados no resto de cidades de Galicia.

En previsión de que se produzan avance a este respecto, a Xunta reservou nos orzamentos deste ano unha partida de 100.000 euros para a redacción do proxecto da terminal de autobuses intermodal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:10:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22042
Data envio: 19/03/2025 21:10:39.164

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:10:38

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22041
Data envio: 19/03/2025 21:10:31.773
Data 19/03/2025 21:10

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20029**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"a situación sociosanitaria do concello das Pontes e as previsións da Xunta de Galicia verbo da habilitación total das prazas autorizadas no seu centro de día"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O centro de día de As Pontes é un centro xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en virtude dun convenio asinado en 2012 co concello de As Pontes, que conta cunha capacidade máxima de 30 prazas, e iniciou a súa actividade con 16 prazas en funcionamento.

Recentemente, a finais de 2024 se ampliaron as prazas de 16 a 20, para adaptarse á demanda existente para ese servizo.

Na actualidade non existe lista de agarda para ese centro de día".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:10:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
**Nº Rexistro: 22041**
Data envio: 19/03/2025 21:10:31.773

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:10:31**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22048
Data envio: 19/03/2025 21:12:29.131
Data 19/03/2025 21:12

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20050**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carmela González Iglesias, dona Olalla Rodil Fernández e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"as condicións asistenciais e laborais do Centro Residencial Vila do Conde, de Gondomar, e os resultados e as consecuencias derivadas das inspeccións da Xunta de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Na derradeira inspección levada a cabo na residencia Vila do Conde, efectuada o pasado día 8 de Xaneiro do 2025, non se apreciaron incumprimentos da normativa de servizos sociais respecto á rateo de persoal:

- O centro contaba con 5,1 persoal de enfermaría e segundo a normativa de aplicación lle correspondería unha rateo de 3,63.

- O persoal auxiliar tamén cumpría a rateo requirida xa que constaban 42,5 auxiliares e precisaban 41,85.

Gracias ás inspeccións levadas a cabo, podemos confirmar que a asistencia recibida polos seus usuarios é a adecuada".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:12:25

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:12:28**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20119**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego do grao de desenvolvemento da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A lexislación de igualdade aprobada mellorou cualitativamente e cuantitativamente a promoción da igualdade de xénero. Cuantitativamente porque se pasou dos 104 artigos do Decreto lexislativo 2/2015 a os 181 actuais.

Cualitativamente porque incorporou áreas e servizos non identificados na normativa do ano 2015; por exemplo o sector turístico, a dixitalización da economía, as políticas ambientais e de ordenación do territorio, infraestruturas e mobilidade, as actividades de lecer, o establecemento de cláusulas de igualdade de xénero na contratación administrativa e no réxime autonómico de subvencións, a elaboración dunha conta satélite de produción doméstica, a defensa dos dereitos de igualdade por parte de persoas interesadas, ou a integración na Lei da organización propia da igualdade, e a garantía institucional que este Parlamento pode realizar a través do Valedor do Pobo, etc.

Ademais desas novidades en temas xa desenvolvidos integráronse medidas para mellorar a integración da igualdade na vida. Así os Informes de Impacto de Xénero que antes so eran obrigatorios para a lexislación e os regulamentos, agora permite realizarse para os plans de especial relevancia económica, social ou cultural, e para as ofertas e emprego público, tamén é posible para a organización que elabora a norma solicitar informes complementarios que antes non estaban previstos, ou mellorar o informe dos orzamentos xerais. Neste punto compre dicir, que a lei obriga a que o texto normativo ou plan, salvo as proposicións de lei que corresponden ao Parlamento estean acompañadas dunha ampla avaliación do impacto de xénero que repasa toda a lei, que facilita a organización coñecer o impacto real de xénero que a norma vai ter.

A formación en igualdade ten acadado rango legal, non obrigatorio como quere o PSOE, porque a regulamentación vixente desde o ano 2017 neste ámbito está amosando que o persoal está interesado en ter formación en igualdade, formación que desde o ano 2019, da lugar a un recoñecemento automático de nivel de formación por parte do persoal empregado público.

No caso dos medios de comunicación social establécense dúas condicións unha a habitual de que acorden autorregulacións neste ámbito e outra mais práctica que implica que a axuda pública implica a obriga do beneficiario de transmitir unha imaxe igualitaria.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:12:17

Os Centros de Información á muller e os organismos colexiados aparecen integrados tamén na lei, o que permite unha maior transparencia e unha maior protección do dereito á igualdade de xénero.

Estamos ante unha lexislación moi completa, que xa está permitindo unha transformación da xestión das competencias de igualdade.

A organización está respondendo moi ben, tanto no que fai as avaliacións de impacto de xénero, como a formación en igualdade, sobre todo porque os temarios das oposicións xa recollen a igualdade, e porque a administración xeral

o acceso ás prazas de educación e sanitarias facilitan formación inicial en materia de igualdade, sendo o nivel básico 20 horas de formación.

A Consellería de Política Social e Igualdade está preparando a posta en marcha e/ou modificación regulamentaria dos órganos colexiados creados pola Lei, e ao mesmo tempo está revisando a política de axudas aos Centros de Información á muller para mellorar e aumentar tanto o número de Centros existentes en Galicia, como do persoal que atende a estes centros, que actualmente so cubre á dirección, a unha persoa como asesora xurídica e outra no ámbito psicolóxico, así como incrementar e mellorar a formación deste persoal e posibilitar o seu traballo en rede".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22047
Data envio: 19/03/2025 21:12:21.600

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:12:21

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22046
Data envío: 19/03/2025 21:12:13.256
Data 19/03/2025 21:12

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20291**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as medidas que prevé pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de desenvolver a Lei orgánica de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Lei orgánica 1/2025 supón un cambio estrutural importante e para isto é necesario contar con todos os operadores xurídicos, polo que a Xunta está desenvolvendo unha campaña de exposición e divulgación aos avogados, procuradores, graduados sociais e as asociacións de letrados da Administración de Xustiza.

Na EGAP, ademais, está previsto realizar unhas xornadas sobre o impacto da nova lei dirixida a LAJS, avogados e procuradores.

Dentro do Plan de Formación Continua da EGAP para este ano 2025 xa se introduciu un curso de dúas edicións da Nova Oficina Xudicial.

Por outra banda, estase a organizar coa Amtega un plan de formación do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia, tanto dende o punto de vista tecnolóxico como organizativo.

Dende a Dirección Xeral de Xustiza, xunto coa Amtega, estase a traballar na concreción dos medios tecnolóxicos precisos, tanto na Oficina Xudicial como nas Oficinas de Xustiza no Municipio, para atender os servizos que a nova normativa determina, tales como comparecencias e vistas deslocalizadas, videoconferencias, apoio ao cidadán no acceso ao seu expediente xudicial electrónico, etc.

Ademais, a Xunta creou dúas subcomisións, unha de xuíces e outra de fiscais, nas que de forma continua faise un seguimento e alegacións dos modelos de referencia e documentos relacionados coa nova oficina xudicial.

O Goberno galego mantén reunións constantes co secretario de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e os secretarios coordinadores provinciais de Galicia e tamén coas asociacións que representan aos letrados da Administración de Xustiza.

Salientar tamén que o Goberno galego remitiu á Fegamp un informe sobre o impacto da implantación da nova oficina xudicial nos concellos, co ofrecemento por parte da dirección xeral de Xustiza de impartir actos, xornadas... para informar aos concellos dos efectos da nova lei. E estase á espera de confirmación por parte da Fegamp dos actos realizar".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:12:09

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22046
Data envio: 19/03/2025 21:12:13.256

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22046
Data envio: 19/03/2025 21:12:13.256

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:12:13**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20581**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a situación laboral da fábrica de Ourense pertencente ao Grupo Forvia e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o emprego, a viabilidade desta planta e o impulso do sector industrial na provincia de Ourense"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Faurecia foi fundada en 1914, cando Bertrand Faure abriu o seu primeiro taller nas aforas de París fabricando asentos para tranvías e metro. Converteuse nun dos dez principais provedores de automóbiles do mundo.

A súa experiencia abarca desde interiores completos e sistemas de asentos ata solucións e tecnoloxías de mobilidade de emisións ultrabaixas e nulas para vehículos automatizados.

Ata o ano 2021, Groupe PSA era accionista maioritario de Faurecia. Cando se fusionou con Fiat Chrysler para formar Stellantis, Faurecia independizouse e adquiriu unha participación maioritaria en HELLA.

FORVIA creouse en 2022 reunindo aos líderes en tecnoloxías de automoción: Faurecia e HELLA. Ambas marcas comparten culturas complementarias impulsadas polo rendemento e guíanse por unha visión compartida dun futuro sostible.

Na actualidade, HELLA é un provedor líder de tecnoloxía de iluminación e electrónica de vehículos de última xeración e, desde entón, mantivéronse á vangarda da industria. Coas súas actividades de ciclo de vida dos vehículos, tamén ofrece unha ampla gama de produtos para o negocio de pezas de reposto e talleres, así como para os fabricantes de diversos vehículos especiais, por exemplo, dos sectores da construción, agricultura ou transporte.

É unha empresa cotizada na que as familias Hueck e Roepke tiñan a maioría das accións antes de Faurecia.

Guíanse pola súa emocionante misión compartida de ser pioneiros en tecnoloxía para experiencias de mobilidade que importan ás persoas. Xuntos, son máis de 150.000 persoas en todo o mundo coa mentalidade, os métodos e a enerxía audaces para cambiar a mobilidade de millóns de persoas.

Creen que a mobilidade está no corazón da vida das persoas e no que lles importa: moverse libremente e coidar o planeta, á súa maneira.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:12:02

A mobilidade non se trata soamente de como nos movemos, senón de como vivimos. Potencia a conexión e permite o accedo a oportunidades, así como a proximidade aos seres queridos. Tamén se ve afectado polos desafíos e transformacións actuais, desde o cambio climático ata a revolución tecnolóxica en curso.

Esta visión impulsa a súa misión: ser pioneiros na tecnoloxía para experiencias de mobilidade que importan ás persoas.

Melloran, incansablemente, a seguridade dos vehículos, tanto por dentro como por fóra. Enmarcan todo a través da lente da sostibilidade e deseñan solucións de condución avanzadas e automatizadas que lles permiten manterse conectados, produtivos e entretidos mentres están en movemento. Permiten a transición a cero emisións ao tempo que ofrecen solucións para experiencias personalizadas, estéticas e emocionais, ademais de desenvolver servizos, materiais e produtos para optimizar o valor ao longo do ciclo de vida do vehículo.

A través das súas tecnoloxías, están levando a industria automotriz a un seguinte nivel de sostibilidade, seguridade, personalización e asequibilidade.

Os posibles despedimentos nunha empresa como consecuencia da redución de carga de traballo sempre é unha mala nova para Galicia e o emprego.

Neste caso, desde o Goberno galego estamos expectantes á evolución da situación e manifestamos o noso máximo respecto pola negociación colectiva. Neste sentido, apostamos polo diálogo entre a empresa e os traballadores para a mellor salvagarda dos dereitos dos traballadores e garantir a viabilidade da empresa e o mantemento da carga de traballo.

O Goberno galego mantén un contacto permanente co sector da automoción e pon a disposición das empresas con dificultades e que son viables, todos os instrumentos ao seu alcance na procura de manter a actividade e o emprego.

Na Xunta de Galicia sempre imos estar ao carón dos que xeran riqueza e emprego de calidade. A automoción é un deses sectores, por iso:

• Estamos a piques de aprobar o plan director do sector.

• Temos comprometidos 75 millóns de euros en axudas para tres anos, uns apoios destinados a que o sector auxiliar da automoción galego poida gañar en competitividade a nivel internacional.

Respecto á situación da empresa Faurecia, concretamente á súa planta de Ourense, podemos sinalar que a última información que se dispón na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é a referida á tramitación dun ERTE por circunstancias organizativas de produción.

Despois das pertinentes reunións entre empresas e representantes dos traballadores e traballadoras, o 24 de xaneiro de 2025 presentouse a decisión final acordada entre ambas partes, na que se establecía un ERTE que afecta á totalidade

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da plantilla, cunha duración mínima ata o 30 de xuño e cun número máximo de xornadas de suspensión por persoa traballadora no período de aplicación de 30 xornadas. Do ERTE, exclúense ás persoas traballadoras contratadas baixo a modalidade de xubilación parcial.

A situación que describe a pregunta deberá articularse a través do correspondente procedemento de ERE, debendo ser a empresa quen xustifique as causas alegadas, aínda que esta Consellería, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, poña a disposición das partes a capacidade de mediación do mesmo, co fin de procurar chegar a unha solución satisfactoria para as partes implicadas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22045
Data envio: 19/03/2025 21:12:06.334

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:12:06

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20587**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a proliferación da violencia no eido deportivo e as medidas do Goberno galego previstas nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A loita contra a lacra da violencia no deporte é unha tarefa e afán común de todos os que integran o mundo do deporte, deportistas e afeccionados, axentes deportivos, medios de comunicación e por suposto as Administracións públicas. Todos, desde as nosas respectivas competencias e responsabilidades, temos que ser contundentes e non fraquear no obxectivo común que perseguimos que é un deporte libre de calquera forma de violencia, xa sexa física ou verbal.

As Administracións públicas, e cada unha dende as súas respectivas competencias, deben centrarse na prevención, o control e a sanción de toda forma de violencia nos terreos de xogo. O deporte é respecto e tolerancia, é inclusión e participación cívica, e cada un dos actos violentos, non importa cal sexa o seu alcance e forma, contravén estes valores e a propia esencia do deporte.

A Xunta de Galicia traballa nesta tripla vía. E faino, no que respecta á prevención, promovendo os valores deportivos en programas como o XOGADE que, cos escolares como centro do traballo, fomentan un deporte cun alto contido participativo e educativo. Do control e da aplicación de sancións encárgase a Comisión Galega de Control da Violencia, incoando os correspondentes procedementos segundo a Lei 3/2012, do 2 de abril, e demais normativa de aplicación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:15:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22051
Data envio: 19/03/2025 21:15:21.600

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:15:21

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22050
Data envio: 19/03/2025 21:15:14.443
Data 19/03/2025 21:15

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20841**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"a planificación por parte do Goberno galego das estratexias de impulso da igualdade no ámbito industrial"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia vela pola igualdade laboral en todos os sectores do noso tecido produtivo. Por iso, contamos con diversas iniciativas en materia de igualdade laboral, como as axudas destinada á creación e/ou funcionamento de gabinetes técnicos e contra a fenda salarial (400.000 euros); axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE) no tecido producido galego, a través de tres liñas: fomentar a elaboración e posta en marcha de plans de igualdade (200.000 euros), implantación de medidas de conciliación, teletraballo e flexibilidade horaria (1,1 millóns de euros) e unha terceira para que as empresas poidan optar a certificacións en materia de RSE que recoñezan as súas boas prácticas (financiado o 80% dos custos do proceso de certificación e/ou verificación ata un máximo de 2.000 euros por entidade).

Inclúense achegas destinadas á adquisición de elementos tecnolóxicos que posibiliten a implantación efectiva do traballo a distancia, coas que se financiará o 80% do investimento co tope de 1.500 euros por persoa empregada beneficiaria e co límite máximo por empresa situado nos 20.000 euros.

No ámbito da formación en materia de igualdade laboral, cómpre aludir á plataforma virtual Igual Campus, unha ferramenta formativa especializada en igualdade de xénero, dotado con 160.000 euros.

Nesta dirección, seguiremos avanzando co noso Campus Formativos en Igualdade Laboral, unha plataforma online centrada na divulgación e formación no eido da igualdade efectiva entre homes e mulleres no ámbito laboral, cuxo obxectivo é acadar as 120 accións formativas realizadas deixa xuño deste ano.

Asemade, tamén avanzamos por medio da 3.ª edición do programa Ti elixes, iniciativa que favorece unha conciencia libre de estereotipos de xénero e de prexuízos respecto das profesións. Trátase dunha medida conxunta coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Estas medidas, xunto con outras postas en marcha en consideración da necesidade de contrarrestar a fenda salarial na nosa comunidade, contan cun orzamento de 600.000 euros en beneficio directo dos sindicatos galegos a través da materialización de accións formativas.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:15:11

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22050
Data envio: 19/03/2025 21:15:14.443

Finalmente, subliñar que desde a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tense feito un importante esforzo nesta anualidade coa publicación dun paquete único de axudas específicas para autónomos/as, cuxo presuposto ascende a máis de 40 millóns de euros, ademais de destinar máis de 32 millóns de euros ao ámbito do emprendemento por numerosas vías.

Non obstante, o pasado ano 2024, púxose en marcha unha orde de axudas para o impulso da contratación de mulleres en sectores masculinizados, cun investimento de preto de 1,7 millóns de euros.

Neste sentido, cómpre sinalar que a diferenza de salario entre homes e mulleres non difire de xeito relevante entre o sector industria e o resto de sectores. Nesta diferenza, inflúen diferentes factores, nomeadamente a maior presenza de mulleres en empregos a tempo parcial, así como a segmentación do mercado laboral en certas ocupacións propias do sector industrial, tales como aquelas localizadas no C7 (traballadores e traballadoras nas industrias manufactureiras e da construción) e algunha das ocupacións tecnolóxicas que gañan forza no sector industrial (localizadas no CN02).

Asemade, a diferenza en horas traballadas entre homes e mulleres está a diminuír nos últimos anos. Así, no ano 2011, as mulleres traballaban 6,15 horas menos cos homes, mentres que no ano 2024, esa diferenza era de 4,97 horas.

Especificamente, esta consellería é consciente da segmentación que se está a producir no mercado laboral galego nalgunha das ocupacións vinculadas ao sector industrial.

Por este motivo, temos posto en marcha iniciativas que permitan reducir esta segmentación e fomentar o traballo a tempo completo entre as mulleres ocupadas, sendo este un factor que impacta plenamente nas diferencias salariais.

Neste contexto, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade, vén de poñer en marcha a elaboración dunha Estratexia de Emprego Feminino en sectores masculinizados.

Así, este Goberno é consciente da segmentación do mercado laboral nas direccións corporativas, nas direccións funcionais, nas profesións STEM, nas ocupacións relacionadas coa loxística e a obra civil, ou das ocupacións relacionadas coa seguridade e as emerxencias, entre outras. Este coñecemento deriva dunha preocupación real polo acceso da muller en condicións de igualdade ao mercado laboral e a calquera ocupación, sendo esta unha condición que afecta á igualdade e á competitividade do noso territorio.

Por iso, nas próximas semanas desenvolverase unha segunda fase da elaboración desta estratexia, a partir dun diálogo activo con mulleres que traballan en sectores masculinizados en cada un destes sectores, co fin de afondar nas causas de masculinización e segmentación do mercado de traballo.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22050
Data envio: 19/03/2025 21:15:14.443

Por outra banda, os datos amosan un comportamento interanual positivo, no tocante á porcentaxe de mulleres paradas, toda vez que supón unha redución do 7,35% da poboación feminina parada rexistrada respecto de febreiro de 2024, fronte ao descenso do 5,59% a nivel estatal no mesmo horizonte temporal. É dicir, contamos cunha situación aínda menor que no resto de España.

Ademais, o paro feminino en Galicia amosa un comportamento evolutivo desde o ano 2016, tamén máis positivo que no conxunto do Estado. Así, atendendo ao mes de xaneiro de 2016 como base 100 (cando a poboación parada rexistrada era 126.315), non parou de descender ata este mes de febreiro de 2025, acadando a cifra de paro rexistrado máis baixa desde espazo temporal (55,47 puntos sobre os 100 do referido xaneiro de 2016), coas únicas excepcións dos meses de xuño, xullo e decembro do ano 2024.

Esta evolución é moito máis destacada que a nivel estatal, xa que no mes de febreiro de 2025 representa 69,19 sobre a base 100 que representaba en xaneiro de 2016 (pasando do 2.259.082 mulleres ás actuais 1.562.954), o que representa 13,72 puntos máis que en Galicia.

Polo tanto, estase a observar unha tendencia de minoración destacada en Galicia no que respecta ao paro rexistrado feminino, confirmado tamén co reflectido no informe analizado en Consello da Xunta de Galicia que amosa o bo funcionamento do emprego feminino no mercado laboral galego que, o ano pasado, rexistrou con 533.647 persoas, o máximo pico de afiliadas á seguridade social da serie histórica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22050
Data envio: 19/03/2025 21:15:14.443

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:15:14**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22049
Data envío: 19/03/2025 21:15:06.381
Data 19/03/2025 21:15

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20888**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"a postura e as actuacións do Goberno galego ante os cambios que se están a producir no sector do automóbil e o seu impacto en Galicia, e particularmente no referido á crise da empresa Forvia en Ourense"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Faurecia foi fundada en 1914, cando Bertrand Faure abriu o seu primeiro taller nas aforas de París fabricando asentos para tranvías e metro. Converteuse nun dos dez principais provedores de automóbiles do mundo.

A súa experiencia abarca desde interiores completos e sistemas de asentos ata solucións e tecnoloxías de mobilidade de emisións ultrabaixas e nulas para vehículos automatizados.

Ata o ano 2021, Groupe PSA era accionista maioritario de Faurecia. Cando se fusionou con Fiat Chrysler para formar Stellantis, Faurecia independizouse e adquiriu unha participación maioritaria en HELLA.

FORVIA creouse en 2022 reunindo aos líderes en tecnoloxías de automoción: Faurecia e HELLA. Ambas marcas comparten culturas complementarias impulsadas polo rendemento e guíanse por unha visión compartida dun futuro sostible.

Na actualidade, HELLA é un provedor líder de tecnoloxía de iluminación e electrónica de vehículos de última xeración e, desde entón, mantivéronse á vangarda da industria. Coas súas actividades de ciclo de vida dos vehículos, tamén ofrece unha ampla gama de produtos para o negocio de pezas de reposto e talleres, así como para os fabricantes de diversos vehículos especiais, por exemplo, dos sectores da construción, agricultura ou transporte.

É unha empresa cotizada na que as familias Hueck e Roepke tiñan a maioría das accións antes de Faurecia.

Guíanse pola súa emocionante misión compartida de ser pioneiros en tecnoloxía para experiencias de mobilidade que importan ás persoas. Xuntos, son máis de 150.000 persoas en todo o mundo coa mentalidade, os métodos e a enerxía audaces para cambiar a mobilidade de millóns de persoas.

Creen que a mobilidade está no corazón da vida das persoas e no que lles importa: moverse libremente e coidar o planeta, á súa maneira.

A mobilidade non se trata soamente de como nos movemos, senón de como vivimos. Potencia a conexión e permite o accedo a oportunidades, así como a proximidade aos seres queridos. Tamén se ve afectado polos desafíos e transformacións actuais, desde o cambio climático ata a revolución tecnolóxica en curso.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/03/2025 21:15:01

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22049
Data envio: 19/03/2025 21:15:06.381

Esta visión impulsa a súa misión: ser pioneiros na tecnoloxía para experiencias de mobilidade que importan ás persoas.

Melloran, incansablemente, a seguridade dos vehículos, tanto por dentro como por fóra. Enmarcan todo a través da lente da sostibilidade e deseñan solucións de condución avanzadas e automatizadas que lles permiten manterse conectados, produtivos e entretidos mentres están en movemento. Permiten a transición a cero emisións ao tempo que ofrecen solucións para experiencias personalizadas, estéticas e emocionais, ademais de desenvolver servizos, materiais e produtos para optimizar o valor ao longo do ciclo de vida do vehículo.

A través das súas tecnoloxías, están levando a industria automotriz a un seguinte nivel de sostibilidade, seguridade, personalización e asequibilidade.

Os posibles despedimentos nunha empresa como consecuencia da redución de carga de traballo sempre é unha mala nova para Galicia e o emprego.

Neste caso, desde o Goberno galego estamos expectantes á evolución da situación e manifestamos o noso máximo respecto pola negociación colectiva. Neste sentido, apostamos polo diálogo entre a empresa e os traballadores para a mellor salvagarda dos dereitos dos traballadores e garantir a viabilidade da empresa e o mantemento da carga de traballo.

O Goberno galego mantén un contacto permanente co sector da automoción e pon a disposición das empresas con dificultades e que son viables, todos os instrumentos ao seu alcance na procura de manter a actividade e o emprego.

Na Xunta de Galicia sempre imos estar ao carón dos que xeran riqueza e emprego de calidade. A automoción é un deses sectores, por iso:

- Estamos a piques de aprobar o plan director do sector.
- Temos comprometidos 75 millóns de euros en axudas para tres anos, uns apoios destinados a que o sector auxiliar da automoción galego poida gañar en competitividade a nivel internacional.

Respecto á situación da empresa Faurecia, concretamente á súa planta de Ourense, podemos sinalar que a última información que se dispón na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é a referida á tramitación dun ERTE por circunstancias organizativas de produción.

Despois das pertinentes reunións entre empresas e representantes dos traballadores e traballadoras, o 24 de xaneiro de 2025 presentouse a decisión final acordada entre ambas partes, na que se establecía un ERTE que afecta á totalidade da plantilla, cunha duración mínima ata o 30 de xuño e cun número máximo de xornadas de suspensión por persoa traballadora no período de aplicación de 30 xornadas. Do ERTE, exclúense ás persoas traballadoras contratadas baixo a modalidade de xubilación parcial.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22049
Data envio: 19/03/2025 21:15:06.381

A situación que describe a pregunta deberá articularse a través do correspondente procedemento de ERE, debendo ser a empresa quen xustifique as causas alegadas, aínda que esta Consellería, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, poña a disposición das partes a capacidade de mediación do mesmo, co fin de procurar chegar a unha solución satisfactoria para as partes implicadas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22049
Data envio: 19/03/2025 21:15:06.381

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 21:15:06**

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA


## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS


CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-P21YmUoQF-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/